

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN PROVINCIAL
DO DÍA 26 DE XANEIRO DE 2024.**

Ás 10.00 horas do día 26 de xaneiro de 2024, reúnese o Pleno da Corporación Provincial, en sesión ordinaria, no salón de sesións do Pazo Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente: don Luis Menor Pérez

Deputados/as do Grupo Popular:

Don Rosendo Luis Fernández Fernández

Don Plácido Álvarez Dobaño

Don José Miguel Pérez Blecua

Don César Manuel Fernández Gil

Dona Ana Patricia Torres Madureira

Don José María Lago Cabo

Dona María Teresa Barge Bello

Dona Marta Novoa Iglesias

Don Jorge Pumar Tesouro

Don Manuel Seoane Rodríguez

Dona María del Carmen González Quintela

Deputados/as do Grupo Socialista:

Don Álvaro Vila Araújo

Don José Ignacio Gómez Pérez

Don Diego Fernández Nogueira

Dona Marina Vaz Quintillán

Don Aurentino Alonso Araújo

Dona Susana Rodríguez Estévez

Dona Elvira Lama Fernández

Deputados/as do Grupo do BNG:

Don Bernardo Varela López

Dona María José Mangana Guede

Don Xosé Manuel Puga González.

Deputados do Grupo de Democracia Ourensana:

Don Armando Ojea Bouzo

Don Gonzalo Pérez Jácome

Don Rafael Martínez Cachafeiro

Secretario: don Juan Marquina Fuentes

Interventora: dona Mónica Legaspi Díaz

A deputada do Grupo Socialista, dona Marina Vaz Quintillán, entrou no salón de sesións cando se trataba o punto segundo da orde do día.

O deputado de DO, don Armando Ojea Bouzo, abandonou o salón de sesións cando se trataba o punto terceiro da orde do día, e non regresou, dada a perda da súa condición de deputado provincial.

O deputado do Grupo Socialista, don José Ignacio Gómez Pérez, abandonou o salón de sesións cando se trataba o punto cuarto da orde do día, e non regresou, dada a perda da súa condición de deputado provincial.

Os deputados don Gonzalo Pérez Jácome (DO) e don Manuel Seoane Rodríguez (PP) abandonaron o salón de sesións cando se trataba o punto décimo segundo da orde do día, e non regresaron.

Seguidamente iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación e que está dispoñible integramente no Portal Vídeo Acta, no seguinte enlace: [ver vídeo acta](#)

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 22 DE DECEMBRO DE 2023.-

A Secretaría Xeral deu traslado do borrador da acta da sesión anterior, correspondente á extraordinaria do día 22 de decembro de 2023.

Non se producen intervencións e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria do Pleno da Deputación Provincial do día 22 de decembro de 2023, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- RENUNCIA DE DON ARMANDO OJEA BOUZO (DEMOCRACIA OURENSANA) AO CARGO DE DEPUTADO PROVINCIAL.

O Sr. presidente cédelle a palabra a don Armando Ojea Bouzo.

Armando Ojea Bouzo (DO), fai uso da palabra para indicar que efectivamente presentou un escrito de renuncia á súa condición de deputado provincial. Engade que foi un pracer exercer este cargo durante case oito anos, xa que este sería o seu terceiro mandato, e que todo este tempo foi moi construtivo para el. Manifesta que leva moi bo recordo de todos os corporativos que estiveron neste pleno durante estes mandatos. Indica que o motivo é que o artigo 4.1 c) da Lei 8/1985, de eleccións ao Parlamento de Galicia, declara inelixibles nas eleccións ao Parlamento de Galicia ás persoas que ostenten o cargo de deputado provincial, e el ten intención de presentarse polo seu partido como candidato ás próximas eleccións ao Parlamento de Galicia, e con iso poder seguindo defendendo á provincia de Ourense e con iso defender Galicia.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 2º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 2º](#)

Non se producen máis intervencións e o Pleno acorda o seguinte:

- 1º) Tomar razón da renuncia do deputado provincial don Armando Ojea Bouzo, deixándose constancia dela.
- 2º) Solicitar da Xunta Electoral Central a expedición da credencial do deputado ou deputada provincial suplente ou do que resulte proclamado, consonte co procedemento previsto no artigo 206 da LOREG, para, previos os trámites oportunos, a toma de posesión na próxima sesión.

3º.- RENUNCIA DE DON JOSÉ IGNACIO GÓMEZ PÉREZ (GRUPO SOCIALISTA) AO CARGO DE DEPUTADO PROVINCIAL.

O Sr. presidente cédelle a palabra a don José Ignacio Gómez Pérez.

José Ignacio Gómez Pérez, do Grupo Socialista, fai uso da palabra para sinalar que na política como na vida hai un tempo para chegar e outro para irse, indicando que el leva xa moitos anos ocupando o posto de deputado provincial. Manifesta que quere expresar o seu agradecemento aos grandes funcionarios que ten esta casa, e pide a quen governe, que sempre os defenda xa que son un gran capital. Agradece tamén a todos os compañeiros de corporación que tivo e que ten, especialmente pola paciencia que tiveron e teñen con el, e indica que se molestou ou ofendeu nalgún intre, que o perdoen. Aos medio de comunicación que cobren esta institución quere agradecerlles a súa profesionalidade, desde un agradecemento sincero, entendendo as

críticas cando o fixemos mal. Tamén aos compañeiros do seu partido, o PS de G-PSOE, lembrando que é un orgullo estar no partido que quere, e defender as ideas nas que cre. Sinala que foi compañeiro nestes anos de persoas coas que confrontou duramente pero coa que tivo afinidade persoal, pedindo que a política debe ser iso, intentar cambiar as cousas con total respecto. Manifesta que igualmente a súa renuncia ven motivada polo previsto no artigo 4.1 c) da Lei 8/1985, de eleccións ao Parlamento de Galicia, declara inelixibles nas eleccións ao Parlamento de Galicia ás persoas que ostenten o cargo de deputado provincial. Por último deséxalle a Emilio, o deputado que o vai a substituír, toda a sorte do mundo e asegura que vai facer un gran papel. Finalmente sinala que os avances conseguidos nos últimos tempos nesta deputación deben manterse, e que el seguirá loitando pola provincia na súa nova responsabilidade de deputado autonómico, se así o deciden os electores.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 3º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 3º](#)

Non se producen máis intervencións e o Pleno adopta o seguinte acordo:

- 1º) Tomar razón da renuncia do deputado provincial don José Ignacio Gómez Pérez, deixándose constancia dela.
- 2º) Solicitar da Xunta Electoral Central a expedición da credencial do deputado ou deputada provincial suplente ou do que resulte proclamado, consonte co procedemento previsto no artigo 206 da LOREG, para, previos os trámites oportunos, a toma de posesión na próxima sesión.

4º.- ENTRADA DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE NO PADROADO DA “FUNDACIÓN GALICIA EUROPA.-

O Sr. presidente cédelle a palabra Marta Nóvoa Iglesias, para que expoña o contido do ditame favorable da Comisión Informativa de Administración Provincial, Transparencia e Emerxencias.

Marta Nóvoa Iglesias, do Grupo Popular, expón a proposta da Presidencia na que se propón a entrada da administración provincial no padroado desta Fundación, previa invitación desta. Engade que se trata dunha Fundación composta por distintas AAPP e Universidades e cremos que unha boa oportunidade para a defensa de Galicia no ámbito da U.E., en temas como a PAC, axudas para o reto demográfico, acceso a fondos europeos e outras liñas.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

Rafael Martínez Cachafeiro, de DO, intervén para precisar que existe unha errata no ditame remitido coa convocatoria (resultado da votación e intervencións), para logo indicar que persoalmente el non se metería neste, pero que o seu grupo se vai abster.

Xosé Manuel Puga González, do BNG, sinala que para o seu grupo se trata dunha cuestión interesante e que van a apoiar. Engade que en Ourense seguramente saibamos pouco desta Fundación, coa que el si tivo contacto profesional, indicando que ten bastantes puntos de interese. A U.E. funciona moito en formato *looby*, e senón estás alí parece que non existes. Neste senso lembra moitas reunións que foron moi frutíferas para o sector vitivinícola da nosa provincia, ou con empresarios ou intermediarios de toda Europa. Indica que debemos sacarlle rendabilidade polo que temos moito traballo e camiño por percorrer. En resumidas contas o grupo político do BNG está a favor desta participación, e como rogo de futuro indica que sería interesante que a oposición desta Corporación participase tamén das decisións que se leven ao padroado desta Fundación.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 2º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 4º](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (12) e do BNG (3), e a abstención do Grupo Socialista (6) e de DO (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Solicitar a entrada da Deputación Provincial de Ourense no Padroado da Fundación Galicia Europa, designando como representante da Deputación ao seu presidente ou deputado/a provincial en quen delegue.

2º.- Manifestar a conformidade desta entidade cos compromisos e obrigacións recollidos nos seus estatutos, os cales se aproban de xeito expreso.

3º.- Acordar a aprobación do abono da cota anual ao Padroado da Fundación Galicia Europa, polo importe de quince mil euros (15.000,00 €.-).

5º.- PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIONS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE E DO INORDE PARA O PERÍODO 2024-2027.

O Sr. presidente cédelle a palabra a Marta Nóvoa Iglesias para que expoña o contido do ditame favorable da Comisión Informativa de Administración Provincial, Transparencia e Emerxencias.

Marta Nóvoa Iglesias, do Grupo Popular, comeza expoñendo que estamos ante un instrumento de planificación que ten carácter preceptivo consonte coa lexislación aplicable, e que xa foi explicado e tratado nas comisións informativas. Sinala que se trata dunha planificación para o período 2024-2027, e que as liñas estratéxicas son moi similares ás do período anterior, modificándose algunhas das súas actuacións. O principal cambio tanto no cualitativo como no cuantitativo, ven dado polo Plan Cooperou de cooperación con concellos, e que é a novidade fundamental deste plan estratéxico. Finalmente e para rematar relata e describe algunhas das liñas e actuacións previstas na planificación proposta polo grupo de goberno, agardando o apoio dos restantes grupos desta Corporación Provincial.

Bernardo Varela López, do BNG, indica que se trata de algo obrigatorio e que debe ser tratado neste plenario. É certo que o principal cambio ven dado polo referido Plan Cooperou, engadindo que se debe afondar nesta repartición con criterios obxectivos e minorar as subvencións nominativas. En liñas xerais entenden que poden aceptar este plan, se ben tratarán de facer algunha mellora no trámite de información pública, se é posible.

Diego Fernández Nogueira, do Grupo Socialista, sinala que o seu grupo se vai a abster neste punto. Manifesta que este mandato debe ter aprobado o seu plan estratéxico de subvencións, e que as principais novidades son o Plan Cooperou ou plan Único, polo que o seu grupo levaba pelexando moitísimos anos, e que supón un avance moi importante en canto á igualdade e o progreso nesta provincia, e o Programa de apoio aos conservatorios municipais desta provincia, polo que agardan que o mesmo teña unha dotación importante. Bota en falta a participación dos grupos da oposición na elaboración deste, e indica que o documento presentado ten certas eivas. Por último pide que as subvencións nominativas se vaian reducindo e amosa a man tendida do grupo socialista para chegar a acordos nesta materia.

Intervención do Sr. Presidente, onde agradece a todos os grupos que non rexeiten o documento presentado, e indica que recollen o guante das posibles melloras, e lembra que este texto pasou por comisións informativas e agora ven un amplo trámite de información pública.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 5º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 5º](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (12), e a abstención do Grupo Socialista (6), do BNG (3) e de DO (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente o Plan estratéxico de subvencións da Deputación Provincial de Ourense e do INORDE para o período 2024-2027, co seguinte contido:

-PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIONES DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE E DO INORDE PARA O PERIODO 2024-2027.

I. MEMORIA XUSTIFICATIVA

A vixente **Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Ourense**, cuxo texto consolidado aprobado definitivamente se publicou no *BOP núm. 260 de data 12.11.2015* establece no seu *Título III (artigos 12-14)*, baixo a rúbrica “do plan estratéxico de subvencións”, a obriga desta Deputación de elaborar e aprobar un plan estratéxico de subvencións, como instrumento de planificación das políticas públicas que teñan por obxecto o fomento de actividades de utilidade pública ou interese social, co contido mínimo e réxime de tramitación, aprobación, seguimento e avaliación alí recollido.

Nesta Ordenanza provincial atópase unha regulación específica da planificación estratéxica das subvencións provinciais, contida no seu citado *Título III*, regulación que intenta adaptar ás peculiaridades da Administración provincial a regulación xeral contida con carácter xeral nos *artigos 8 da Lei 38/2003 xeral de subvencións* e *4 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia*, que carecen dun desenvolvemento regulamentario específico para as entidades locais.

Entre outros aspectos, o Título III da Ordenanza provincial recolle expresamente no seu artigo 12 o carácter preceptivo dos plans estratéxicos como requisito previo para a concesión de subvencións, carácter que viña recollido nos artigos citados da lexislación estatal e autonómica e que foi interpretado pola xurisprudencia do Tribunal Supremo, en sentenzas do 26 de xuño e 4 de decembro de 2012, e recentemente na sentenza de 9 de maio de 2022, do seguinte xeito “...o Plan Estratéxico de Subvencións constitúe un instrumento de planificación de políticas públicas que teñan como obxectivo o fomento dunha actividade de utilidade pública ou interese social ou de promoción dunha finalidade pública, cuxa aprobación, con carácter previo á regulación da subvención, resulta esixible, de conformidade co disposto no artigo 8.1 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de Subvencións, e o artigo 10 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da citada Lei xeral de subvencións, de onde se infire que se configura como un requisito esencial do procedemento subvencionado...”, e que “...dado o teor dos apartados 1 e 3 do artigo 8 e da Disposición adicional 13ª da Lei 38/2003, o Plan Estratéxico ao que se refire ten carácter previo ao establecemento de calquera subvención, constituíndo un requisito esencial cuxo cumprimento esixe que sexa formalizado externamente e cun contido que o faga identificable como tal por reflectir polo menos aquilo ao que alude o apartado 1 dese artigo 8...”.

En consecuencia, a aprobación dun plan estratéxico, co contido e obxectivos sinalados na ordenanza, resulta unha necesidade ineludible para posibilitar a concesión de subvencións nos vindeiros exercicios tanto por parte da Deputación como por parte do INORDE.

No relativo ao ámbito temporal, unha adecuada planificación estratéxica esixe, non só un ámbito obxectivo e subxectivo adecuado, senón unha extensión temporal que permita que esta despregue todos os seus efectos. En tal sentido, o art. 11.4 do RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións dispón que os plans estratéxicos conterán previsións para un período de vixencia de tres (3) anos, salvo que pola especial natureza do sector afectado, sexa conveniente establecer un plan estratéxico de duración diferente. Deste xeito, nada impediría a aprobación de plans estratéxicos de vixencia distinta (tanto inferior como superior) aos tres anos, aínda que iso deberá estar suficientemente motivado.

Nesta liña e como xa se fixo no mandato anterior (2019-2023), óptase por facer unha planificación a longo prazo, con perspectiva de toda a lexislatura e que abrangue o presente mandato e con isto os exercicios económicos 2024, 2025, 2026 e 2027, cumpríndose en todo caso os prazos establecidos no *artigo 12.2 da Ordenanza Xeral de Subvencións* que establece un período de vixencia mínimo dun ano e máximo de catro.

O establecemento efectivo das subvencións previstas neste plan estratéxico require a consignación orzamentaria e a aprobación, no seu caso, das correspondentes bases da convocatoria ou, en casos específicos, o acordo ou convenio que aprobe a concesión directa. As liñas de actuación son susceptibles de incrementarse con achegas suplementarias de fondos doutras administracións ou a través das modificacións orzamentarias, sempre e cando se teña previsto na respectiva convocatoria nos termos previstos no artigo 58 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Polo anterior, procedeuse á elaboración do presente plan estratéxico de subvencións da Deputación Provincial e do INORDE para os exercicios **2024-2027**, co contido mínimo previsto no artigo 12.3 da repetida Ordenanza Xeral de Subvencións desta Deputación, partíndose de que este se concibe, dada a súa natureza e configuración legal, como un instrumento programático. Non obstante, establécese un nivel mínimo de vinculación co plan, en dous sentidos: en primeiro lugar, prohibindo a concesión de subvencións para liñas de acción non previstas no plan, e, en segundo lugar, establecendo unha específica obriga de motivación das desviacións que eventualmente se produzan respecto das súas previsións. Todo o anterior debera redundar nun maior control do gasto público, polo que o Plan Estratéxico debe ser un instrumento que sirva para racionalizar o exercicio da acción de fomento, de tal maneira que se poida seguir mantendo esa acción á vez que, sobre criterios de eficacia, se rendibilicen os recursos que polas circunstancias poden verse limitados.

O Plan estrutúrase en **SETE LIÑAS DE ACCIÓN** iniciais (*1. Cooperación coas entidades locais, 2. Fomento da cultura, 3. Fomento do deporte, 4. Reto demográfico 5. Fomento do benestar social, 6. Fomento do desenvolvemento económico e 7. Fomento do*

asociacionismo veciñal), en coherencia coas competencias provinciais e coas previsións dos orzamentos xerais da Deputación Provincial para o exercicio 2024, que foi aprobado pola Corporación Provincial na sesión plenaria de data 24.11.2023 e publicado no BOP núm. 296 de data 28.12.2023.

II. DETERMINACIÓNS DO PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIONS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE E DO INORDE PARA O PERIODO 2024-2027.

A) Ámbito de aplicación e alcance das determinacións do Plan Estratéxico de Subvencións 2024-2027.

1. As determinacións contidas no presente plan estratéxico serán de aplicación á totalidade dos procedementos de concesión e xustificación de subvencións xestionadas e financiadas pola Deputación Provincial de Ourense e o Inorde ao longo dos exercicios incluídos no seu ámbito de aplicación.

2. En coherencia co carácter programático do plan, cuxo contido non crea dereitos nin obrigacións e queda condicionado á posta en práctica das diferentes liñas de subvención, atendendo ás disponibilidades orzamentarias do exercicio, as súas determinacións teñen o carácter de orientacións estratéxicas que deben seguirse na xestión dos procedementos correspondentes polos órganos e unidades administrativas competentes da Deputación Provincial e do INORDE. Estas orientacións estratéxicas vincularán con carácter xeral aos órganos da Deputación, nos seguintes termos:

a) Non poderán concederse subvencións para finalidades non comprendidas nas liñas de subvención previstas no presente Plan, agás nos supostos de subvencións que se concedan para a atención de situacións sobrevidas de catástrofe ou calamidade pública, ou por outras causas de interese público, ou no suposto en que xustifiquen a existencia dun título competencial contido nunha norma con rango que lei que habilite á Deputación ou aos seus entes públicos dependentes para a concesión de subvencións coa finalidade de que se trate. En ámbolos dous casos, debe motivarse esta circunstancia.

b) Porén do anterior, nos supostos en que os órganos xestores do plan consideren necesario apartarse das orientacións estratéxicas que este contén, deberán motivalo suficientemente. As desviacións respecto ás previsións do plan serán recollidas no informe de avaliación para coñecemento do Pleno.

3. Establécese a posibilidade da tramitación anticipada das diferentes liñas de subvención, condicionada, en todo caso, á aprobación definitiva do presente Plan Estratéxico de Subvencións.

B) Principios inspiradores da presente planificación estratéxica

A vixente normativa reguladora das actuacións das administracións públicas en xeral e, en particular no que atinxe ás competencias das deputacións provinciais –*Lei 5/1997 de administración local de Galicia e Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local*– establece unha serie de principios que veñen a constituír a expresión formal dos elementos definidores do presente Plan Estratéxico de Subvencións, e que constitúen a formulación das directrices xerais que deben impregnar a execución da política de subvencións da Deputación.

Xa que logo, os principios xerais en que se concretará a acción de fomento desta administración serán principalmente os seguintes:

- *Igualdade*, entendida como a non discriminación ou marxinação de cidadáns, administracións ou sectores.
- *Asistencia e cooperación aos entes locais da provincia*, configurando a acción provincial para dar resposta ás situacións e necesidades concretas de cada concello da nosa provincia de menos 20.000 habitantes e reforzando a súa autonomía e responsabilidade cunha achega económica suficiente.
- *Solidariedade*, entendendo a acción social como expresión da xustiza social, a redistribución e actuación dos recursos de forma equitativa e a discriminación positiva.
- *Fomento da iniciativa social*, dando especial importancia á colaboración das entidades privadas na xestión dos intereses que lle son propios.

- *Transparencia*, como a vontade desta Deputación por ter informados aos cidadáns e entidades locais das súas políticas de axudas e subvencións e de asignación dos recursos públicos.
- *Cooperación entre administracións*, entendida como a consecuencia do principio de corresponsabilidade na xestión dos fondos públicos.
- *Garantía de bo funcionamento*, regulando os requisitos, baremos obxectivos, competencias, mecanismos de participación e de control e avaliación e control das subvencións concedidas.

C) Obxectivos estratéxicos do Plan Estratéxico de Subvencións 2024-2027.

A elaboración do presente Plan Estratéxico de Subvencións debe concibirse como un exercicio que permita realizar unha auténtica planificación estratéxica das políticas públicas de contido subvencional desenvolvidas por esta.

Fronte unha concepción formal do PES, esta Deputación quere dotarse dunha auténtica ferramenta para conseguir unha maior eficacia no cumprimento dos obxectivos da actividade subvencional e unha maior eficiencia na asignación do gasto público, e para isto deben racionalizarse e, no seu caso, simplificarse, as actuacións subvencionais para desenvolver.

Tendo presente todo o anterior, a elaboración do PES pretende a consecución dos seguintes obxectivos xerais:

1. Dotar á Deputación dun instrumento de planificación das políticas públicas que teñan por obxecto o fomento dunha actividade de utilidade pública ou interese social relacionada coas materias da competencia desta.
2. Desde unha perspectiva económico-financeira, definir instrumentos de xestión máis uniformes no conxunto das diferentes áreas e servizos que permitan mellorar a eficacia e a eficiencia das subvencións.
3. Desde a perspectiva da transparencia, acceso á información pública e bo goberno, dar cumprimento á normativa aplicable nestas materias ante as novas obrigas de publicidade activa e pasiva impostas por esta.

Os obxectivos concretos ou específicos que se pretenden, indícanse especificamente para cada liña do Plan.

D) Liñas de subvención do Plan Estratéxico de Subvencións 2024-2027.

D.1. Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal.

1.º Áreas de competencia afectadas e sectores aos que se dirixen as axudas

Esta liña, establecida no exercicio das competencias provinciais de coordinación dos servizos municipais e cooperación e asistencia a municipios outorgadas polo artigo 36.1. apartados a) e b) da Lei de bases de réxime local, afecta ás competencias municipais nos ámbitos dos servizos mínimos obrigatorios previstos no artigo 26 da Lei reguladora das bases do réxime local, dos servizos sociais, e outros servizos e investimentos relacionados con outras competencias municipais.

O sector ao que se dirixen as axudas é exclusivamente ao das entidades locais da provincia (concellos, entidades locais menores, mancomunidades e consorcios).

2.º Obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación

Os obxectivos e efectos perseguidos co presente Plan Estratéxico, referidos ás principais áreas de competencia da Deputación Provincial, no ámbito da cooperación cos concellos e demais entidades locais, son os seguintes:

- a) Garantir un nivel mínimo de investimento en infraestruturas de titularidade municipal, en particular nas relacionadas cos servizos mínimos obrigatorios, incrementando de forma moi significativa o nivel de investimento dos últimos anos a través do Plan de Cooperación.
- b) Garantir a suficiencia financeira e a autonomía municipal dos concellos, outorgándolles unha achega anual a través do Plan de Cooperación e que poderán destinar a gastos correntes.
- c) Prestarlles axuda financeira aos concellos en situación de insuficiencia orzamentaria.
- d) Garantir o financiamento mínimo para o mantemento dos servizos sociais de titularidade municipal e dos puntos de atención á infancia.
- e) Fomentar as actuacións de xestión compartida de servizos públicos locais (en especial os servizos mínimos obrigatorios) a través de consorcios, mancomunidades ou outras... con especial atención a servizos públicos de carácter deficitario ou con especiais dificultades de financiamento.

f) Fomento do emprego local.

3.º Prazo necesario para a súa consecución

A concesión das subvencións correspondentes a esta liña de actuación deberá completarse como máximo antes do 1 de decembro do ano correspondente, sen prexuízo dos menores prazos establecidos nos plans, programas ou convenios específicos que a integran. A execución das actuacións subvencionadas deberá realizarse integramente nos exercicios que correspondan. Non obstante o anterior, a execución de actuacións consistentes en investimentos poderá adiarse, sempre que concorra causa xustificativa, ata a data que se determine.

4.º Custos previsibles para a súa realización e fontes de financiamento

a) Custos previsibles:

Os importes previstos inicialmente para esta liña de subvencións no orzamento do 2024 recóllense nos capítulos IV e VII do orzamento. O plan COOPEROU, como principal ferramenta de cooperación cos concellos da provincia, terá un importe inicial de 17.000.000,00 €. Nos sucesivos exercicios, obxecto da presente planificación (2025, 2026 e 2027), o obxectivo é ampliar a consignación orzamentaria da presente liña, a cal se considera esencial en termos cualitativos e cuantitativos.

b) Fontes de financiamento:

As achegas serán realizadas exclusivamente con fondos propios da Deputación Provincial. Non obstante, as entidades locais beneficiarias poderán complementar o financiamento das actuacións subvencionadas con achegas financiadas, ben sexa con fondos propios municipais, ben con fondos obtidos doutras administracións públicas ou da Unión Europea.

5.º Plan de acción

As subvencións correspondentes a esta liña xestionaranse a través dos seguintes instrumentos (e doutros que se poidan incorporar por ter encaixe nel):

I. Co Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais da Deputación Provincial de Ourense “PLAN COOPEROU”

A través deste plan, canalizaranse subvencións destinadas a investimentos municipais relacionados cos servizos mínimos obrigatorios establecidos no artigo 26 da Lei de bases de réxime local, así como as subvencións para investimentos relacionados con outros servizos municipais. Ademais, o plan, se así se acorda, preverá a posibilidade de que os concellos en situación de insuficiencia orzamentaria destinen parte da subvención á amortización da súa débeda en supostos de insuficiencia financeira manifesta ou a gastos correntes relacionados cos servizos mínimos obrigatorios.

O plan conterà tamén unha achega destinada á entidade local menor de Berán.

A aprobación das bases do PLAN COOPEROU produciuse no mes de novembro do ano 2023, e sendo aprobadas no propio pleno de orzamentos para facilitar a elaboración destes nos concellos, permitindo a planificación ordenada dos fondos cos que os poderán contar.

Co Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2024, esta Corporación Provincial trata de darlles resposta ás situacións e necesidades concretas de cada concello, reforzando a súa autonomía e responsabilidade.

O Plan provincial de cooperación pretende ser dinámico e cunha dotación económica axeitada. A achega provincial asignada a cada municipio no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2024, deberá distribuírse do xeito seguinte:

- O 40% da dita achega, como mínimo, destinarase a investimentos reais, consonte co disposto no Capítulo VI do Anexo III da Orde EHA/3565/2008, do 3 de decembro (modificada por Orde HAP/419/2014, do 14 de marzo), preferentemente os necesarios para a efectiva prestación dos servizos municipais obrigatorios enumerados no artigo 26 da LBRL, modificada por LRSAL. A dita achega constituirá o programa de investimentos do plan provincial.

- O 60% da dita achega, como máximo, destinarase a operacións correntes, consonte co disposto nos Capítulos I a V (ambos incluídos) do Anexo III da Orde EHA/3565/2008, do 3 de decembro e/ou a amortización ou devolución de pasivos financeiros segundo o disposto no Capítulo IX do Anexo III da Orde EHA/3565/2008, do 3 de decembro, coa finalidade de prover á correcta prestación dos servizos municipais obrigatorios. A dita achega constituirá o programa de gasto corrente e amortización de débeda do plan provincial. Neste programa, compréndense expresamente os gastos de persoal relativos a novas contratacións de persoal laboral ao ter a consideración de programa de fomento do emprego subsumible nas políticas activas de emprego desta Deputación, de conformidade co previsto nos artigos 4 e 36 do Real decreto legislativo 3/2015 polo que se aproba o Texto refundido da Lei de emprego.
- Con carácter excepcional, poderase dedicar o 100 % da achega ao programa de gasto corrente e amortización de débeda en supostos de insuficiencia financeira manifesta, considerándose neste situación exclusivamente aqueles concellos nos que se cumpran simultaneamente os seguintes requisitos: que presenten un volume total de capital vivo de endebedamento superior ao 75 % dos seus recursos correntes, remanente de tesourería negativo, inestabilidade orzamentaria, e resultado orzamentario negativo, todos eles respecto ao último exercicio orzamentario liquidado. A achega provincial ao programa de investimentos e ao programa de gasto corrente e amortización de débeda deberá completarse, de resultar insuficiente para o financiamento das actuacións incluídas neles, coas achegas municipais precisas. En consecuencia, poderán incluírse nos ditos programas investimentos e actuacións de importe superior á achega provincial, sempre e cando o concello achegue o financiamento complementario preciso.

II. Convenio de cooperación coa Xunta de Galicia, a FEGAMP e os concellos que dispoñen de grupos de emerxencias supra-municipais.

A través deste convenio subvencionarase o mantemento dos GES nos concellos da provincia que dispoñan deste servizo.

Destínanse a esta finalidade 1.536.000,00 €, consignados no orzamento xeral para o exercicio 2024.

As subvencións tramitaranse nos termos previstos no convenio plurianual aprobado polo Pleno da Deputación.

Para o resto do período obxecto da presente planificación manterase o compromiso de financiamento deste servizo municipal no marco e nos termos do convenio asinado.

III. Programa para co-financiación de adquisición de tractores rozadora e demais apeiros destinados a prevención e extinción de incendios forestais.

Este programa será financiado pola Deputación Provincial e pola Xunta de Galicia en porcentaxes que poden variar e polos Concellos que soliciten a adhesión a este programa achegando estes o IVE correspondente e realizando o procedemento de contratación. Neste procedemento a Deputación Provincial poderá realizar os trámites necesarios de cooperación como pode ser a participación na elaboración de pregos de prescricións administrativa ou técnica adecuados as esixencias do convenio ou a participación si así se solicita, nas mesas de contratación.

A adhesión a este convenio farase mediante petición por escrito á Deputación Provincial e firmarse anualmente por escrupuloso orde de chegada. Os beneficiarios serán preferentemente os concellos que non teñan firmado este convenio anteriormente e no caso de que non houbera outros que o soliciten e si un repetido, incluírase aquel que o asinase anteriormente por orde de antigüidade do máis vello ao máis recente.

A Deputación Provincial elaborará un informe sobre os concellos asinantes e a xustificación da elección destes.

A regulación e condicións aplicables a estas subvencións establécense nos convenios de cooperación a través dos que se concederon, e noutros casos, establecerase nos convenios que se poidan subscribir.

IV. Programa de financiación para construción ou reforma de infraestruturas destinadas a benestar social ou 3ª idade.

Este programa de Cooperación destinarase á construción ou reforma de infraestruturas de carácter público destinadas a programas de benestar social como poden ser centros ocupacionais de discapacitados, casas comunitarias, centros de día, centros de apoio a drogodependentes, escolas, institutos, centros de formación, residencias xeriátricas de 3ª idade

e infraestruturas que sexan de ben social.. Neste programa a Deputación achegará o importe necesario e dispoñible coa preferencia das actuacións que sexan co-financiadas polos concellos ou outras administracións.

Este programa estará dotado nos orzamentos do ano 2024 da cantidade de 500.000 €.

V. Programa provincial de asistencia técnica, económica e xurídica aos concellos e mancomunidades en materia de servizos sociais comunitarios (BenOurense).

Este programa – continuación dos xa executados nos exercicios anteriores– canaliza as subvencións tanto para o financiamento do servizo de axuda no fogar básico (destinado a persoas que non teñen efectivamente recoñecido o estatuto de dependencia), para a promoción da dixitalización da xestión do SAF municipal e para a contratación de persoal técnico dos equipos municipais de servizos sociais comunitarios.

A través deste programa lévanse a cabo as accións de cooperación económica e técnica que lle corresponde desenvolver á Deputación Provincial de Ourense en virtude das competencias atribuídas polos artigos 109.1.b) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, 63 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia e 31 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

A dotación total do programa para o exercicio 2024, segundo o previsto no orzamento xeral da Deputación, é de 1.400.000 euros, que se dedican a subvencionar o servizo básico de axuda no fogar e a contratación de persoal técnico dos equipos municipais de servizos sociais comunitarios, de acordo co establecido na normativa antedita

O programa será aprobado polo Pleno da Deputación ao longo do primeiro trimestre de 2024, tras a súa tramitación conforme ao previsto no artigo 10 da Ordenanza xeral de subvencións, de tal xeito que os concellos e mancomunidades poidan completar o trámite de adhesión ao programa no mes de febreiro. A adxudicación das subvencións levarase a cabo na modalidade de concorrência non competitiva, determinándose a contía das subvencións en virtude de parámetros obxectivos relativos aos servizos sociais prestados polos concellos e mancomunidades beneficiarios.

VI. Programa provincial de asistencia aos concellos e mancomunidades para a xestión de puntos de atención á infancia e outros servizos de atención á infancia (BenOurense Infancia).

Este programa ten por obxecto canalizar as subvencións para gastos de mantemento de puntos de atención á infancia de carácter municipal.

O programa será aprobado polo Pleno da Deputación no primeiro trimestre de 2024, previa a súa tramitación conforme co previsto no artigo 10 da Ordenanza xeral de subvencións. A adxudicación das subvencións levarase a cabo na modalidade de concorrência non competitiva, determinándose a contía das subvencións en virtude de parámetros obxectivos relativos aos puntos de atención á infancia xestionados polos concellos e mancomunidades beneficiarios. No orzamento de 2024 establécese unha aplicación inicial de 230.000 euros.

VII. Subvencións a outras entidades intermunicipais para o financiamento de servizos públicos deficitarios ou de difícil financiamento.

Neste apartado consígnanse no orzamento xeral subvencións nominativas ás mancomunidades. En función das necesidades que se detecten e das dispoñibilidades orzamentarias poderían implementarse outras axudas nesta liña.

VIII. Convenios de cooperación coa Confederación Hidrográfica Miño-Sil e concellos da provincia para diversas actuacións en infraestruturas (abastecemento, saneamento e/ou depuración).

Establécese a posibilidade de conveniar coa Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, nos termos que se establezan, achegas cuxo destino sexa o investimento en infraestruturas municipais, razón pola que se inclúen na liña de cooperación ás obras e servizos municipais. Estas subvencións complementan o seu financiamento coas achegas da Confederación Hidrográfica con fondos propios e da Unión Europea para a creación destas infraestruturas. A regulación e condicións aplicables a estas subvencións establécese nos convenios de cooperación a través dos que se concederon, e noutros casos, establecerase nos convenios que se poidan subscribir.

IX. Subvencións nominativas a concellos para o co-financiamento de investimentos municipais.

Prevense no orzamento de 2024 unha serie de subvencións nominativas a concellos da provincia para o co-financiamento de diversos investimentos necesarios para a prestación de servizos municipais.

En función das solicitudes e necesidades detectadas na provincia prevese que esta liña se manteña ao longo do período da presente planificación.

Con esta liña prevese acoller determinadas demandas que non teñan encaixe noutras liñas ou formas de financiamento.

Será unha medida excepcional e xustificada para investimentos que por contía ou tipoloxía non se encaixen no Plan CooperOU ou algún dos outros programas de subvencións.

X. Subvencións nominativas a concellos para gastos de mantemento de servizos municipais

Prevense no orzamento de 2024 unha serie de subvencións nominativas a concellos da provincia para o co-financiamento de diversos servizos municipais.

Debido a existencia do Plan CooperOU a tendencia desta liña é a redución significativa desta.

XI. Programa de conservación e mantemento do Patrimonio relixioso e cultural da provincia de Ourense, CONSERVOU.

Este programa ten por obxecto a conservación e mantemento do extenso patrimonio cultural e relixioso existente na nosa provincia.

Faremos convenios cos titulares dos bens, creando unha comisión de análise e decisión dos bens sobre os que se actuará. Esta comisión estará formada por membros das institucións asinantes dos convenios e técnicos que orientarán sobre as actuacións para realizar.

É a intención deste goberno que os asinantes dos convenios sexan organismos públicos que teñan entre os seus obxectivos o mantemento do patrimonio, como poden ser a Xunta de Galicia coa área competente e o Goberno Central, tamén coa área competente na materia. As institucións propietarias dos bens como poden ser os bispados presentes na nosa provincia, o Bispado de Ourense e o Bispado de Astorga, ou outras, deberán ser partícipes do co-

financiamento necesario para as actuacións, na porcentaxe que se considere nos convenios asinados. Quedará aberta a posibilidade da participación dos concellos nestes convenios e cuxa achega poderá ser dende o apartado de gastos do programa COOPEROU.

XII. Programa de cooperación para a adquisición de mobiliario público aos concellos da provincia.

Unha das necesidades que se ten manifestado por parte dos concellos é a dotación de mobiliario.

Neste programa de cooperación a deputación provincial porá a disposición dos concellos a posibilidade de conveniar a adquisición co-financiada de marquesiñas e bancos.

A necesidade de dotar aos concellos deste mobiliario debe facerse dunha maneira uniforme e dotar á provincia dunha imaxe propia deste tipo de mobiliario co obxectivo de embelecer os núcleos poboacionais con mobiliario acorde ás necesidades dos nosos concellos.

XIII. Programa de cooperación para a construción, mantemento e reforma de infraestruturas deportivas.

Nos últimos anos se veñen facendo unha serie de investimentos para a construción ou reforma de infraestruturas deportivas como poden ser a construción de campos de fútbol de herba sintética.

O goberno provincial creará un programa de cooperación que regule a cooperación das actuacións nestas infraestruturas, ou alternativamente consignará subvencións nominativas para esta finalidade, podendo conveniar o co-financiamento xunto con outras administracións públicas.

XIV. Programa de cooperación con concellos menores de 20.000 habitantes titulares de conservatorios profesionais de música.

Na nosa provincia temos un conxunto de concellos con “conservatorios profesionais de música”, que ofrecen ensinanza regrada e unha serie de titulacións oficiais en grados profesionais de música en diferentes modalidades.

Estes conservatorios profesionais de musica de titularidade municipal, organizan, coordinan e imparten as ensinanzas conducentes á obtención de títulos, diplomas e certificados oficiais que fosen ou sexan autorizados, no ámbito das súas competencias pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, organismos e institucións competentes.

O mantemento desta actividade supón un esforzo económico e organizativo para os concellos titulares, atendendo ademais a alumnos doutros concellos converténdose en actividades comarcais. O deber do goberno provincial é colaborar coa conservación destes conservatorios e axudar ao fomento e mantemento destas actividades de recoñecido beneficio social e educativo.

Elaboraranse unhas bases reguladoras para estas axudas de maneira que se teña en conta alumnos atendidos, modalidades ofertadas e outra variables que se poidan ter en conta.

D.2. Fomento da cultura

1.º Áreas de competencia afectadas e sectores aos que se dirixen as axudas

Esta liña de subvención enmárcase na competencia provincial prevista no artigo 118.d) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Os sectores aos que se dirixen as axudas son as entidades locais da provincia, a universidade pública, e a diferentes entidades e institucións culturais de Galicia sen ánimo de lucro.

2.º Obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación

Pódense sintetizar nos seguintes:

- Contribuír á realización de actividades culturais e recreativas no conxunto da provincia, con especial atención ao fomento das artes escénicas e musicais e ás actividades culturais no ámbito universitario, como elemento necesario para a configuración dunha oferta cultural e de ocio plural e sostible, aberta ao público en xeral.

- Colaborar coa Universidade de Vigo garantindo a realización dun amplo programa de actividades culturais e de extensión universitaria no Campus de Ourense.
- Contribuír ao sostemento da Real Academia Galega, así como a determinadas actividades culturais de carácter senlleiro (actividades de fundacións e outras entidades).
- Contribuír ao sostemento de fundacións culturais de gran importancia e arraigo na provincia, como as Fundacións Otero Pedrayo, Curros Enríquez, Carlos Casares, Blanco Amor, Insua dos Poetas ou aquelas nas que a Deputación Provincial sexa membro dos seus respectivos padroados.
- Colaborar co financiamento de actividades culturais promovidas por entidades culturais como son as do Pen Club de Galicia, a Coral de Ruada, o Liceo de Ourense ou Sarabela Teatro ou similares.

3.º Prazo necesario para a súa consecución

A concesión das subvencións correspondentes a esta liña de actuación deberá completarse como máximo e como regra xeral antes do 31 de xullo do ano que corresponda, sen prexuízo dos menores prazos establecidos nas bases reguladoras ou convenios específicos que a integran. No caso das subvencións para fomento de actividades escénicas e musicais, a concesión das subvencións deberá completarse como máximo antes do 1 de decembro. A execución das actuacións subvencionadas deberá realizarse integramente no exercicio que corresponda.

4.º Custos previsibles para a súa realización e fontes de financiamento

As subvencións financiaranse integramente con fondos propios da Deputación Provincial, sen prexuízo das achegas realizadas polos propios beneficiarios, ou ben con fondos doutras administracións públicas captados por estes. Estes fondos poderanse ampliar en sucesivas modificacións ao longo do ano dependendo das necesidades orzamentarias de cada actuación concreta.

5.º Plan de acción

As subvencións que integran esta liña instrumentaranse a través dos seguintes procedementos:

I. Concurso de subvencións para fomento das artes escénicas e musicais (Plan Tarazona)

A finalidade destas subvencións é o financiamento de actuacións escénicas e musicais de carácter gratuíto e abertas ao público en xeral, promovidas por entidades locais, entidades sen ánimo de lucro ou comisións de festexos.

Igualmente, poderán ser obxecto de financiamento a realización de festivais, ciclos, mostras ou actividades análogas relativas a actuacións escénicas e musicais, promovidas por entidades locais ou entidades sen ánimo de lucro.

O procedemento será o de concorrencia non competitiva, permitíndolles aos beneficiarios (entidades locais, asociacións veciñais, comisións de festexos) seleccionar libremente a actividade escénica ou musical que desexen, de entre a oferta integrada por todas as agrupacións artísticas que se adhiran ao sistema. As bases garantirán unha estrita neutralidade da administración pública na selección dos espectáculos subvencionados, quedando determinada a concesión de subvencións exclusivamente pola orde cronolóxica de solicitudes e a dispoñibilidade das agrupacións artísticas adheridas.

As bases do concurso deberán ser aprobadas pola Xunta de Goberno no primeiro trimestre do exercicio.

No caso do financiamento de festivais, ciclos, mostras ou actividades análogas, o procedemento será o dun concurso para a concesión de subvencións que poderá admitir a modalidade de concorrencia competitiva ou non competitiva.

A dotación prevista no orzamento de 2024 para esta finalidade é de 150.000,00 euros.

II. Programa de cooperación cos concellos para o co-financiamento da rede provincial de espazos culturais e programación coordinada de actividades a nivel provincial (REAOU).

O obxecto deste Programa de cooperación é o de co-financiar e cooperar conxuntamente cos concellos de menos de 20.000 habitantes no fomento e a difusión das artes escénicas e da música na provincia, a través da Rede de espazos culturais (auditorios, casas de cultura e centros multiusos) da provincia de Ourense, sempre que dispoñan dun espazo axeitado para o

desenvolvemento da actividade escénica e asuman a programación de, polo menos, un espectáculo bimestral nos ditos espazos.

O importe previsto no orzamento de 2024 para este Programa é de 150.000,00 €.

III. Subvencións para festivais e actos similares de marcado carácter senlleiro na provincia.

Establécese a posibilidade de instrumentalizar a través de diferentes subvencións nominativas a entidades locais para a organización de festivais e actos culturais análogos de marcado carácter senlleiro e consolidado no ámbito cultural da provincia.

IV. Concurso de subvencións para realización de actividades culturais e recreativas

A finalidade destas subvencións é o financiamento da realización de todo tipo de actividades culturais ou recreativas, promovidas por entidades sen ánimo de lucro.

O procedemento será o de concorrencia competitiva. Os criterios de valoración incentivarán aquelas actividades que contén cun maior impacto social, así como a capacidade de autofinanciamento da entidade beneficiaria; igualmente, incentivaranse as actividades culturais que se estimen de especial interese polo seu carácter senlleiro, especial calidade ou pola súa incidencia na protección de tradicións culturais da provincia.

As bases do concurso deberán ser aprobadas pola Xunta de Goberno no primeiro cuadrimestre do exercicio. A contía reflectida no orzamento de 2024 é de 200.000 €.

V. Convenio coa Universidade de Vigo para a realización de actividades culturais

A través dun convenio coa Universidade de Vigo regularase a concesión dunha subvención nominativa, por importe máximo de 220.000,00 €, destinada a financiar a realización de actividades culturais e de extensión universitaria no campus de Ourense. Poderase incluír entre as finalidades subvencionadas a realización de programas de apoio á mobilidade dos estudantes do campus e a grupos de investigación do Campus de Ourense.

As concretas condicións da subvención regularanse no convenio, que deberá ser obxecto de negociación e aprobación pola Xunta de Goberno no primeiro trimestre do ano que corresponda.

VI. Liña de axudas a entidades e fundacións de carácter senlleiro e de especial relevancia da nosa provincia.

Durante o mandato elaborárase unha liña de axudas por concorrència competitiva para aquelas fundacións ou asociacións das que a Deputación Provincial sexa patrón ou membro dela. Terase en especial consideración a figura ou relevancia da propia fundación e as actividades para realizar.

VII. Subvencións nominativas a outras entidades.

Detállanse a continuación algunhas das previstas no orzamento aprobado para o orzamento do ano 2024.

- Real Academia Galega.
- Achega ao premio Otero Pedrayo.
- Fundación Eduardo Blanco Amor.
- Fundación Otero Pedrayo.
- Pen Clube de Galicia.
- Coral da Ruada.
- Fundación Insúa dos Poetas.
- Fundación Curros Enríquez.
- Fundación Carlos Velo.
- Liceo de Ourense.

Esta liña de axudas irase diminuindo coa creación dun instrumento con criterios obxectivos de reparto.

D.3. Fomento do deporte

1.º Áreas de competencia afectadas e sectores aos que se dirixen as axudas

Esta liña de subvención enmárcase na competencia prevista no artigo 118.d) da Lei 571997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, así como na Lei do deporte de Galicia.

Os sectores aos que se dirixen as axudas son as entidades locais, entidades deportivas sen ánimo de lucro, sociedades anónimas deportivas, asociacións veciñais e deportistas individuais cualificados.

2.º Obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación

Pódense resumir nos seguintes:

- Garantir o mantemento da actividade das principais entidades deportivas de Ourense, con especial atención ao deporte de base.
- Garantir a existencia dunha actividade plural e diversificada de actividades deportivas na provincia de Ourense, especialmente de actividades deportivas abertas ao deporte de base (con programas como o das Copas Deputación) e actividades abertas ao público en xeral, baseadas nos conceptos de “deporte para todos” e “deporte – saúde”.
- Promover e incentivar a actividade dos deportistas individuais ourensáns especialmente destacados nas súas disciplinas deportivas.

3.º Prazo necesario para a súa consecución

A concesión das subvencións correspondentes a esta liña de actuación deberá completarse como máximo antes do 31 de xullo do ano que corresponda, sen prexuízo dos menores prazos establecidos nas bases reguladoras ou convenios específicos que a integran, e da especialidade na modalidade de eventos deportivos xa que se implementará un modelo de bases que permita a solicitude de eventos en dúas convocatorias, ao longo do ano.

4.º Custos previsibles para a súa realización e fontes de financiamento

A contía destinada a esta liña de subvencións nos orzamentos de 2024 achégase a 903.000 €, financiados integramente con fondos propios da Deputación Provincial de Ourense, sen

prexuízo da posibilidade de que os beneficiarios complementen esta achega con fondos propios ou obtidos doutras administracións públicas.

5.º Plan de acción

As subvencións que integran esta liña de actuación instrumentaranse a través das seguintes accións:

I. Concurso de subvencións a entidades deportivas

A finalidade deste concurso é a concesión de subvencións a entidades deportivas sen ánimo de lucro para o sostemento do seus gastos de funcionamento e, máis en concreto, dos gastos derivados da súa participación nas competicións deportivas oficiais. A dotación para estas finalidades nos orzamentos de 2024 é de 350.000 euros.

As bases reguladoras e a convocatoria deste concurso deberá aprobalas a Xunta de Goberno no primeiro trimestre de 2024. As bases terán en conta, entre outros criterios de valoración, a realización de actividades de deporte base, feminino e de discapacitados, e así como a incidencia social da actividade do club e a racionalidade da súa xestión económica, con especial atención á súa capacidade de financiamento con cargo a ingresos privados (coas de socios, patrocinios privados...).

As subvencións correspondentes a esta acción concederanse mediante procedemento de concorrencia competitiva.

II. Subvención ao Club Ourense Baloncesto.

A finalidade desta subvención é contribuír ao sostemento do Club Ourense Baloncesto. Non obstante, a subvención quedará condicionada á realización de actividades de fomento do deporte base por parte da entidade beneficiaria.

Prevense 250.000,00 euros para esta finalidade, cantidade idéntica á de exercicios anteriores. A subvención concederase como subvención nominativa en atención á especial importancia desta entidade deportiva na provincia.

III. Subvención á Asociación Deportiva-Cultural Ribeiro.

A finalidade desta subvención é contribuír ao sostemento da Asociación Deportiva-Cultural Ribeiro. Non obstante, a subvención quedará condicionada á realización de actividades de fomento do deporte base por parte da entidade beneficiaria.

Prevense 40.000,00 € para esta finalidade.

A subvención concederase como subvención nominativa, en atención á categoría competitiva na que milita o equipo de balonmán sénior masculino Rodosa - Carnes do Ribeiro-Ourense provincia termal.

IV. Subvención ao Rally de Ourense

A finalidade desta subvención é contribuír á realización deste importante evento, de enorme importancia económica, social e deportiva. Prevese unha subvención por importe 53.000 €, que se concederá con carácter nominativo.

V. Concurso de subvencións para as Copas Deputación

A finalidade desta subvención é garantir o mantemento das Copas Deputación, como competición deportiva de enorme tradición na provincia e orientada fundamentalmente cara ao deporte de base. A dotación para estas finalidades nos orzamentos de 2024 é de 120.000 €.

As bases reguladoras e a convocatoria deste concurso deberá aprobalas a Xunta de Goberno no primeiro trimestre de 2024. As bases terán en conta, entre os criterios de valoración, a incidencia social da competición, a súa orientación ao deporte de base e a celebración en municipios diferentes da capital, entre outros factores.

As subvencións correspondentes a esta acción concederanse ordinariamente mediante o procedemento de concorrncia competitiva, con excepción das Copas Deputación de fútbol e fútbol sala, que polo seu arraigo e dimensión nesta provincia, serán obxecto de financiamento a través de sendas subvencións nominativas nos termos que estableza o pleno da Deputación.

VI. Concurso de subvencións para eventos deportivos

A finalidade destas subvencións é contribuír ao mantemento dunha actividade deportiva ampla, orientada ao público en xeral e baseada principalmente nos conceptos de deporte – saúde e deporte para todos. As accións subvencionadas poderán ser promovidas polas entidades deportivas, entidades sen ánimo de lucro ou asociacións veciñais.

A dotación para estas finalidades nos orzamentos de 2024 é de 60.000 euros para o fomento do deporte polas entidades anteditas.

As bases reguladoras e a convocatoria deste concurso deberá aprobalas a Xunta de Goberno no primeiro trimestre de cada ano.

VII. Concurso de subvencións a deportistas individuais cualificados

A finalidade destas subvencións é incentivar a actividade dos deportistas ourensáns individuais que se destacasen especialmente na temporada deportiva, tendo en conta ademais o conxunto da súa traxectoria.

A dotación para estas finalidades nos orzamentos de 2024 é de 30.000,00 €.

As bases reguladoras e a convocatoria deste concurso para o ano 2024 serán aprobadas pola Xunta de Goberno no primeiro trimestre de 2024.

As subvencións correspondentes a esta acción concederanse mediante procedemento de concorrencia competitiva.

VIII. Outras subvencións nominativas.

En función das solicitudes e necesidades detectadas na provincia prevese que esta liña se manteña ao longo do período da presente planificación, co obxectivo de acoller determinadas demandas que non teñan encaixe noutras liñas ou formas de financiamento, así como cooperar cos clubs da provincia que destaquen e compitan en ámbitos superior ao autonómico e requiran de maior apoio institucional.

IX. Entidades deportivas de fomento do deporte base.

A finalidade desta liña de subvencións é incentivar a actividade do deporte base ourensán mediante concorrencia competitiva ou nominativa en casos xustificados e excepcionais.

D.4. Reto demográfico.

1.º Áreas de competencia afectadas e sectores aos que se dirixen as axudas

Esta liña de subvención enmárcase na competencia xeral prevista no artigo 109 d) da Lei de administración local de Galicia do fomento e administración dos intereses peculiares da provincia.

Os sectores aos que se dirixen son, por unha banda, aos veciños e veciñas da provincia que durante o ano 2024 e sucesivos teñan un fillo ou filla, ou teña constituída a tutela ou adopción dun neno ou nena (Programa CheogOU), e por outra as persoas físicas o xurídicas que leven a cabo proxectos empresariais e/ou de auto emprego en municipios rurais en declive demográfico da provincia (Programa EmprendOU).

Ademais do anterior, en moitas das bases de subvencións dirixidas ás EELL da provincia introdúcese como criterio de ponderación a “prioridade demográfica dos concellos”, a cal se obtén en función dos criterios de poboación actual, situación xeográfica, perda/suba de poboación, densidade demográfica, índice de avellentamento e taxa de natalidade.

2.º Obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación

Como obxectivo inmediato está o de incorporar na regulación das subvencións provinciais a “perspectiva de reto demográfico”, facendo a esta Deputación participe da Estratexia Nacional fronte o reto demográfico e seguindo algunhas das medidas xurdidas do Documento de Acción elaborado pola Comisión de despoboamento constituída no seno da FEMP.

O obxectivo final é o de frear o descenso de poboación na provincia e, particularmente nos concellos máis afectados, tentando fomentar a natalidade e o emprendemento rural como elementos que axuden a fixar poboación.

3.º Prazo necesario para a súa consecución

A concesión das subvencións realizarase ao longo de todo o ano 2024, e sucesivos, se hai continuidade nos orzamentos provinciais.

4.º Custos previsibles para a súa realización e fontes de financiamento

A dotación total para estas finalidades no exercicio 2024 é de 550.000,00 €.

5.º Plan de acción

A concesión das subvencións incluídas nesta liña levarase a cabo a través dos seguintes programas:

I. Programa ChegOU.

Constitúe o obxecto deste Programa a regulación das axudas que a Deputación de Ourense, a través da Área de Benestar, lle outorgará, mediante concorrência non competitiva, á persoa que durante o ano 2024 teña un fillo ou filla, teña constituída a tutela ou adopción dun neno ou nena.

A subvención á que poderán acceder as persoas solicitantes será a que lle corresponda segundo a consideración, en grado, do concello en cuxo rexistro civil conste inscrito o/a menor que motiva a solicitude.

A dotación total do Programa para o exercicio 2024 é de 400.000,00 €.

II. Programa EmprendOU.

Constitúe o obxecto deste programa a concesión das subvencións que outorgue a Deputación Provincial de Ourense, en réxime de concorrência non competitiva, a persoas físicas que leven a cabo proxectos empresariais e/ou de auto emprego en municipios rurais en declive demográfico da provincia de Ourense durante o exercicio 2024.

Estes períodos terán que cumprirse antes do 31 de decembro do ano correspondente, data límite ata a que se subvencionarán os proxectos presentados.

O importe total do Programa dependerá da disposición orzamentaria e da posible co-financiación do Fondo Social Europeo. No orzamento do 2024 é de 150.000 €.

D.5 Fomento do benestar social

1.º Áreas de competencia afectadas e sectores aos que se dirixen as axudas

Esta liña de subvención enmárcase na competencia prevista no artigo 118 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, e 36.1. d) e e) da Lei reguladora das bases de réxime local, ao considerar que o fomento da prestación de servizos sociais constitúe un interese peculiar da provincia de Ourense e contribúe ao seu desenvolvemento social, dadas as súas características sociais e demográficas, interese especificamente definido en desenvolvemento da previsións xenérica das normas citadas polo artigo 4.2.f) da Ordenanza xeral de subvencións.

Os sectores aos que se dirixen son as entidades sen ánimo de lucro que presten servizos sociais na provincia, así como a persoas físicas beneficiarias do Programa de termalismo social.

Quedan fóra desta liña. Por ter sido xa incluídos noutras precedentes, os programas de cooperación cos concellos en materia de servizos sociais e o programa de fomento da natalidade.

2.º Obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación

O obxectivo fundamental que persegue esta liña de subvencións é contribuír ao mantemento dos servizos sociais (complementarios dos xestionados polo sector público) que son prestados na provincia por entidades sen ánimo de lucro. Complementariamente, resérvase unha partida para posibles investimentos por parte deste tipo de entidades.

3.º Prazo necesario para a súa consecución

A concesión das subvencións correspondentes a esta liña de actuación deberá completarse como regra xeral e como máximo antes do 31 de xullo do ano que corresponda, sen prexuízo dos menores prazos establecidos nas bases reguladoras ou convenios específicos que a integran. A execución das actuacións subvencionadas deberá realizarse integramente no exercicio.

4.º Custos previsibles para a súa realización e fontes de financiamento

A dotación total prevista para esta liña é de 550.000 euros, irán destinados á concesión de subvencións a entidades sen ánimo de lucro para a prestación de servizos sociais mediante procedementos de concorrencia competitiva e o desenvolvemento do Programa de Termalismo Social.

5.º Plan de acción

A concesión das subvencións incluídas nesta liña instrumentarase a través das seguintes accións:

I. Concurso de subvencións para entidades sen ánimo de lucro que presten de servizos sociais

Esta acción consistirá na concesión de subvencións a entidades sen ánimo de lucro que presten servizos sociais na provincia de Ourense, e dotarase con 300.000,00 euros. As subvencións concederanse mediante procedementos de concorrencia competitiva, e as bases reguladoras deberán ser aprobadas pola Xunta de Goberno no primeiro trimestre do ano que corresponda. Os criterios de valoración terán en conta, entre outros factores, a complementariedade dos servizos prestados cos xestionados polas administracións públicas e a súa incidencia social no territorio e nos colectivos afectados.

II. Fondo para subvencións de emerxencia social

Os orzamentos de 2024 reservan unha partida de 15.000,00 euros sen adscrición específica. Esta partida poderá destinarse a subvencións de emerxencia social, en función de necesidades que poidan detectarse ao longo do exercicio, que poderán tramitarse como subvencións nominativas ou directas, sempre que se dean os supostos previstos en cada caso pola Ordenanza xeral de subvencións. Esta partida poderá empregarse, igualmente, para atender obrigas sobrevidas como consecuencia da estimación de recursos interpostos contra os actos de concesión de subvencións do exercicio anterior.

III. Concurso de subvencións para fomento do termalismo social.

Mediante esta acción, concederanse subvencións a persoas físicas para a realización de estancias, e recepción de tratamentos terapéuticos (dermatolóxicos, respiratorios, e reumatolóxicos) en establecementos balnearios da provincia de Ourense.

O procedemento será xestionado pola Deputación, mediante concorrència non competitiva, efectuándose diversas convocatorias ao ano en función dos períodos de actividade dos establecementos balnearios. Os establecementos balnearios terán a consideración de entidades colaboradoras, ben directamente, ou ben a través das súas asociacións representativas.

As bases reguladoras da concesión das axudas terán en conta criterios de idade e capacidade económica dos beneficiarios.

IV. Outras subvencións nominativas.

En función das solicitudes e necesidades detectadas na provincia prevese que esta liña se manteña ao longo do período da presente planificación, co obxectivo de acoller determinadas demandas que non teñan encaixe noutras liñas ou formas de financiamento.

D.6 Fomento do desenvolvemento económico da provincia

1.º Áreas de competencia afectadas e sectores aos que se dirixen as axudas

Esta liña de subvencións enmárcase na competencia provincial de cooperación no fomento do desenvolvemento económico da provincia, prevista no artigo 36.1.d) da Lei de bases de réxime local. O exercicio destas competencias provinciais instruméntase a través do Instituto Ourensán de Desenvolvemento Económico e Social (INORDE) e desde a propia Deputación provincial.

Os sectores afectados por esta liña serán os concellos e o sector empresarial da provincia de Ourense en xeral, en particular o que ten por obxecto a produción, promoción e distribución de produtos propios da provincia non susceptibles de deslocalización e o sector termal.

2.º Obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación

Poden resumirse nos seguintes:

- Contribuír ao crecemento da economía provincial mediante a concesión de subvencións aos concellos para a promoción de produtos propios da provincia non susceptibles da deslocalización.
- Contribuír ao desenvolvemento económico da provincia, cos aportacións á Fundación Expourense (da que o INORDE é socio fundador), para o financiamento de feiras e exposicións que celebren.
- Contribuír á promoción do comercio ourensán mediante a concesión de subvención á Federación de comercio de Ourense para actividades propias da dita entidade e á Asociación Centro comercial Aberto de Ourense.
- Fomentar o desenvolvemento da creación e apoio ás actividades das diferentes asociacións de comerciantes da provincia de Ourense.

3.º Prazo necesario para a súa consecución

A concesión das subvencións correspondentes a esta liña de actuación deberá completarse como regra xeral e como máximo antes do 1 de decembro do ano que corresponda, sen prexuízo dos menores prazos establecidos nas bases reguladoras ou convenios específicos que a integran. A execución das actuacións subvencionadas deberá realizarse integramente no exercicio.

4.º Custos previsibles para a súa realización e fontes de financiamento

O importe destinado a estas finalidades nos orzamentos da Deputación Provincial e do Inorde para o exercicio 2024 supera os 300.000,00 €.

O financiamento destes importes realízase con fondos propios da Deputación e do Inorde, sen prexuízo da posibilidade de que os beneficiarios complementen estas achegas con fondos propios ou procedentes doutras administracións públicas.

5.º Plan de acción

Esta liña de subvencións instrumentarase a través das seguintes accións:

I. Concurso de subvencións a concellos para accións de promoción de produtos propios da provincia de Ourense

Mediante esta acción, concederanse subvencións a concellos para a realización de accións de promoción de produtos propios da provincia non susceptibles de deslocalización. O procedemento de concesión de subvencións será xestionado polo Inorde, mediante concorrencia competitiva, debendo aprobarse as bases reguladoras do concurso no primeiro cuadrimestre do ano que corresponda. As bases terán en conta a incidencia socioeconómica das accións previstas. A dotación orzamentaria para esta acción será de 75.000,00 euros.

II. Concurso de subvencións para o financiamento de accións de dinamización e promoción do comercio local realizadas por asociacións de comerciantes da provincia de Ourense e por asociacións empresariais municipais ou comarcais da provincia de Ourense das que formen parte os comerciantes.

O obxecto deste concurso é a concesión, por parte do INORDE, mediante convocatoria pública, e a través do procedemento de concorrencia competitiva, de subvencións para o financiamento de accións de dinamización e promoción do comercio local realizadas por asociacións de comerciantes da provincia de Ourense e tamén por asociacións empresariais municipais ou comarcais da provincia de Ourense das que formen parte comerciantes.

Considéranse accións de dinamización e promoción do comercio local, entre outras, as exposicións e certames orientados á comercialización de produtos locais e as campañas dirixidas á captación de socios e potenciais clientes.

Poderán ser beneficiarios das subvencións concedidas ao amparo desta convocatoria asociacións de comerciantes da provincia de Ourense e tamén asociacións empresariais municipais ou comarcais da provincia de Ourense das que formen parte comerciantes.

III. Subvención á Fundación Feiras e Exposicións de Ourense (Expourense).

Sen prexuízo da achega da cota correspondente a esta Fundación, da que o INORDE é socio fundador, preténdese colaborar cos obxectivos desta Fundación no ámbito da promoción de actividades industriais, comerciais, técnicas agrícolas, gandeiras, gastronómicas, turísticas ou culturais en Ourense, de ámbito internacional, nacional, autonómico, provincial ou local, tanto de carácter xeral como monográfico, enfocada a determinados sectores profesionais ou abertas ao público en xeral, polo que se poderán implementar subvencións a esta Fundación para a realización de actividades concretas de interese provincial.

IV. Outras subvencións nominativas do INORDE para o desenvolvemento económico.

Por esta vía poderán subvencionarse accións que non teñan encaixe noutras convocatorias e que polo seu carácter singular supoñan un pulo e se consideren unha aposta polo desenvolvemento económico provincial, como son as previstas no Orzamento deste organismo autónomo destinadas á Federación de comercio de Ourense para actividades propias da dita entidade e á Asociación Centro comercial Aberto de Ourense, a da Confederación de Empresarios de Ourense, así como outras que se poidan implementar ao longo do período da planificación.

D.7 Fomento do asociacionismo veciñal

1.º Áreas de competencia afectadas e sectores aos que se dirixen as axudas

Esta liña de subvencións enmárcase na competencia provincial de fomento dos intereses peculiares da provincia, prevista no artigo 118.d) da Lei de administración local de Galicia e 36.1.e) da Lei de bases de réxime local.

Os sectores afectados por esta liña serán as asociacións veciñais.

2.º Obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación

Potenciar o movemento veciñal, a través das súas asociacións, como instrumento de participación cidadá antes as administracións locais e como entidades xestoras de actividades de interese social, deportiva, cultural ou medioambiental.

3.º Prazo necesario para a súa consecución

A concesión das subvencións correspondentes a esta liña de actuación deberá completarse como regra xeral e como máximo antes do 1 de decembro do ano que corresponda, sen prexuízo dos menores prazos establecidos nas bases reguladoras ou convenios específicos que a integran. A execución das actuacións subvencionadas deberá realizarse integramente no exercicio.

4.º Custos previsibles para a súa realización e fontes de financiamento

Existe unha previsión inicial de 50.000,00 € nos orzamentos para 2024, destinados ao financiamento dos gastos correntes das federacións de asociacións veciñais.

No primeiro semestre de 2024 habilitarase mediante unha modificación orzamentaria con cargo ao remanente de tesourería, unha partida de 100.000,00 € con destino ao financiamento de gastos de investimento de asociacións veciñais, mediante concurso público e con concorrencia competitiva.

O financiamento desta liña, en todo caso, realizarase con fondos propios da Deputación, e sen prexuízo da posibilidade de que os beneficiarios complementen estas achegas con fondos propios ou procedentes doutras administracións públicas.

5.º Plan de acción

Esta liña de subvencións instrumentarase a través de concursos de concesión de subvencións a federacións de asociación veciñais por un lado e ás propias asociacións veciñais polo outro.

O procedemento poderá ser tanto o de concorrencia competitiva como o de concorrencia non competitiva, podendo tamén implementarse a través da concesión de subvencións de carácter nominativo, sempre que se respecten os límites establecidos na Ordenanza xeral de

subvencións e se motiven estas. O importe inicial consignado no orzamento ascende aos 50.000,00 euros para o financiamento desta liña.

E) Réxime de seguimento e avaliación das diferentes liñas de subvencións do Plan Estratéxico de Subvencións 2024-2027

No primeiro cuadrimestre seguinte ao remate do ámbito temporal do vixente Plan estratéxico, a Área de Administración Xeral emitirá un informe sobre o seu grao de execución, no que se analizarán as principais incidencias e desviacións experimentadas, e que poderá conter propostas de mellora dos plans sucesivos. Deste informe daráselle conta ao Pleno da Deputación na primeira sesión ordinaria que realice, e o seu contido terase en conta para a actualización da planificación estratéxica desta Deputación Provincial.

2º.- Someter o expediente a información pública durante o prazo de vinte (20) días hábiles, de conformidade co establecido na Ordenanza xeral de subvencións, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado, se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións.

6º.- DELEGACIÓN NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE DAS COMPETENCIAS DO CONCELLO DE MUÍÑOS EN MATERIA DE RECADACIÓN EXECUTIVA DO CANON OU PREZO A SATISFACER POLO CONTRATISTA, ASÍ COMO CALQUERA OUTRO TIPO DE GASTO OU CONSUMO QUE LLE CORRESPONDA ASUMIR AO CONTRATISTA EN VIRTUDE DE CONTRATO FORMALIZADO CON ESE CONCELLO.

O Sr. secretario expón o contido do ditame favorable da Comisión Informativa Especial de Contas e de Facenda e Recursos Humanos.

Non se producen intervencións e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

Aceptar a delegación efectuada polo Concello de Muíños a favor de Deputación Provincial, mediante acordo plenario de data 29 de decembro de 2023, das facultades que o Concello ten atribuídas en materia de recadación executiva do canon ou prezo a satisfacer polo contratista, así como calquera outro tipo de gasto ou consumo que lle corresponda asumir ao contratista

en virtude de contrato formalizado co Concello de Muíños, así como a revisión dos actos ditados, nas condicións recollidas no acordo de delegación do Concello de Muíños, sendo en todo caso de aplicación as seguintes condicións xerais:

- a) O contido da delegación abranguerá o exercicio de todas as facultades necesarias para a realización da recadación en vía executiva, ditando todos os actos administrativos necesarios para a xestión dos ditos procedementos, incluída a emisión da providencia de constrinximento e resolución dos recursos administrativos contra os actos de recadación executiva.
- b) Para o exercicio da competencia delegada o concello debería remitir as oportunas certificacións de descuberto do tributo ao que se refire.
- c) A taxa para satisfacer polo concello pola prestación do servizo de recadación en período executivo será o 100% da recarga de constrinximento que debe pagar o debedor tributario conforme co establecido no artigo 6, apartado b) da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación dos servizos de xestión, inspección e recadación da Deputación Provincial de Ourense. A Deputación deducirá da transferencia do importe recadado a cantidade correspondente á taxa liquidada, sen prexuízo da notificación da dita liquidación na forma prevista no artigo 9 da Ordenanza fiscal.
- d) A presente delegación estará vixente a partir do día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia durante un prazo de catro anos, prorrogándose tacitamente por períodos de 4 anos se ningunha das partes mostra expresamente a súa vontade en contra, comunicándollo á outra cunha antelación non inferior a 6 meses á data sinalada ou á de calquera dos períodos de prórroga.

**7º.- CESIÓN DE USO DE PARCELAS LOCALIZADAS NA LAGOA DA ANTELA-
CONCELLO DE SANDIÁS Á ASOCIACIÓN "GDR LIMIA - ARNOIA" PARA A
EXECUCIÓN DO PROXECTO "ATERRA".**

O Sr. presidente cédelle a palabra a Ana Patricia Torres Madureira para que expoña o contido do ditame favorable da Comisión Informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural.

1ª intervención de Ana Patricia Torres Madureira, do Grupo Popular, na que sinala que se trata dunha cesión de uso de parcelas a un proxecto interesante co que pode colaborar esta Deputación provincial.

1ª intervención de María Xosé Mangana Guede, do BNG, intervén para manifestar que o voto do seu grupo vai a ser a favor. Engade que este GDR agrupa a vinte e cinco concellos e que o proxecto “Aterra” é un dos máis importantes que está a executar. Hai unha serie de terras baleiras que mediante esta cesión poden ter rendemento e que este proxecto para por en valor o rural debe ser moi interesante para dinamizar a comarca.

1ª intervención de Álvaro Vila Araújo, do Grupo Socialista, fai uso da palabra para sinalar que fai un par de meses os compoñentes deste GDR visitaron as explotacións gandeiras da familia Nogueiras, que son un exemplo do que debe ser unha explotación agrogandeira sostible, Engade que o principal problema para este tipo de iniciativas soe ser o acceso ás terras, e este proxecto pode permitir por en marcha moitas iniciativas similares.

2ª intervención da Ana Patricia Torres Madureira, do Grupo Popular, nesta intervención procede a concretar as parcelas e as extensións obxecto deste expediente de cesión.

Intervención de Rafael Martínez Cachafeiro, de DO, intervén para matizar que se trata dunha cesión de interese e que en todo caso, de non executarse o proxecto, as parcelas cedidas reverterían a esta Deputación de novo.

Intervención do Sr. presidente, na que indica que un dos problemas da nosa terra é o abandono do rural, e que en canto se coñeceu o proxecto desde o grupo de goberno se amosou o seu apoio, xa que estamos ante un proxecto moi útil e que supón a recuperación da terra para usos agrogandeiros, que debe ser estratéxica e que vai contar co apoio desta Deputación Provincial, xa que contribúen a esta recuperación do sector primario e á loita contra o lume forestal.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 7º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 7º](#)

Non se producen máis intervencións e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º) Desestimar a solicitude da Sociedade Galega de Historia Natural por estar en curso un procedemento de cesión a favor do GDR Limia Arnoia.

2º) Aprobar a cesión ao GDR Limia Arnoia do uso das parcelas sitas na Lagoa de Antela, polígono 177, parcelas 46, 47, 48, 49, 50, 51 e 52 (49,44 hA) sobre as seguintes referencias catastrais:

- 32078A177000460000QL (82.193,14 m²)
- 32078A177000470000QT (75.458,90 m²)
- 32078A177000480000QF (80.805,72 m²)
- 32078A177000490000QM (45.305,07 m²)
- 32078A177000500000QT (58.108,68 m²)
- 32078A177000510000QF (78.106,43 m²)
- 32078A177000520000QM (74.443,00 m²)

Condicións da cesión de uso:

- . Finalidade: Execución do proxecto Aterra (Fondo de Terras).
 - . Duración: Ata a finalización do proxecto e, en todo caso, aos vinte e cinco (25) anos da formalización da aceptación da cesión de uso.
 - . Extinción: Polo transcurso do prazo indicado, incumprimento das condicións que rexen a cesión ou polas demais causas previstas na normativa aplicable.
 - . Comisión de seguimento: Para o seguimento e resolución de discrepancias crearase unha comisión de seguimento, con representantes políticos e técnicos de ambas partes.
 - . Seguros: O cesionario deberá subscribir unha póliza de responsabilidade civil para responder dos danos e perdas que do uso do ben patrimonial se poidan derivar.
- 3º) Remitirlle ao GDR Limia - Arnoia o acordo de cesión adoptado por parte do órgano de goberno competente, título de propiedade dos bens e nota simple do rexistro para que proceda a tramitar un expediente de aceptación.
- 4º) Formalizar o documento administrativo de cesión entre a Deputación Provincial de Ourense e o GDR Limia - Arnoia.

8º.- CESIÓN DO USO DOS INMOBLES DA DPO EMPRAZADOS EN ALLARIZ (OURENSE), A FAVOR DA FUNDACIÓN "RAMON GONZALEZ FERREIRO".

PARA DESTINALOS A UN CENTRO DE PRODUCCIÓN, TRANSFORMACIÓN E INNOVACIÓN AGROGANDEIRA.

O Sr. presidente cédelle a palabra a Ana Patricia Torres Madureira para que expoña o contido do ditame favorable da Comisión Informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural.

Ana Patricia Torres Madureira, do Grupo Popular, explica que se trata de facilitar o proxecto promovido pola Fundación Ramón González Ferreiro do que explica as súas liñas xerais.

Bernardo Varela López, do BNG, toma a palabra para indicar que se sente moi identificado con esta proposta, xa que el chegou a Ourense grazas á Escola silvo - pastoril do Rexo. Procede a explicar os espazos obxecto de cesión por parte da Deputación, e que na actualidade están infrautilizados, e a importancia que van ter para levar a cabo o proxecto formulado pola Fundación. Engade que por fin se vai materializar esta cesión que se leva reclamando varios anos por parte da Fundación para darlle un novo pulo a este eco-espazo do Rexo e vai servir para novas técnicas e experiencias agrogandeiras no noso territorio. Remata indicando a postura totalmente favorable do grupo do BNG a esta cesión.

Álvaro Vila Araújo, do Grupo Socialista, intervéen para apuntar que esta cesión é benvida e que o Grupo Socialista vai votar a favor da mesma.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 8º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 8º](#)

Non se producen máis intervencións e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º) Aprobar a cesión de uso por 25 anos das parcelas sitas en Valverde- Allariz á Fundación Ramón González Ferreiro, sobre as seguintes referencias catastrais urbanas con rústicas asociadas así como rústicas na contorna da explotación da Granxa de Valverde:

- 32002A046001330001EK (176.073 m²) 32002A046001330000WJ
- 000806100PG07A0001FM (118 m²)
- 000806600PG07A0001DM (87 m²)
- 2117829PG0721N0001YU (6267 m²)
- 2117830PG0721N0001AU (1906 m²)
- 32002A043005660000WB (3108 m²)

- 32002A043003430000WB (75 m²)
- 2018304PG0721N0001SU (2515 m²)
- 2018301PG0721N0001IU (4504 m²)
- 32002A041000280000WS (18.131 m²)
- 32002A041000300000WE (3825 m²)
- 1920101PG0711N0001WE (278 m²)
- 32002A046001350000WS (4884 m²)
- 32002A034000980000WW (724 m²)
- 32002A035002090000WL(1322 m²)
- 32002A034000090000WL(14705 m²)
- 2002A034000050000WY (2357 m²)
- 32002A041000070000WG (331 m²)
- 32002A035001990000WU (616 m²)
- 32002A034000560000WI (5150 m²)
- 32002A034000540000WD (1322 m²)
- 32002A041000260000WJ (1088 m²)
- 32002A046001380000WH (2299 m²)
- 32002A041000110000WQ (4109 m²)
- 32002A043005670000WY (4849 m²)
- 32002A046001410000WH- Parcela C (8.122 m²)

Parcelas A e B ocupadas por Fundación San Rosendo

Condicións da cesión de uso:

- . Finalidade: Centro de produción, transformación e innovación agrogandeira.
- . Duración: Ata a finalización do proxecto e, en todo caso, aos vinte e cinco (25) anos da formalización da aceptación da cesión de uso.
- . Extinción: Polo transcurso do prazo indicado, incumprimento das condicións que rexen a cesión ou polas demais causas previstas na normativa aplicable.
- . Comisión de seguimento: Para o seguimento e resolución de discrepancias crearase unha comisión de seguimento, con representantes políticos e técnicos de ambas partes.
- . Seguros: O cesionario deberá subscribir unha póliza de responsabilidade civil para responder dos danos e perdas que do uso do ben patrimonial se poidan derivar.

2º) **Remitir**lle á Fundación Ramón González Ferreiro o acordo de cesión adoptado por parte do órgano de goberno competente.

3º) **Formalizar** o documento administrativo da primeira fase da cesión entre a DPO e a Fundación Ramón González Ferreiro.

9º.- RATIFICACIÓN DA APROBACIÓN DO II PLAN DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE HOMES E MULLERES DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE.

O Sr. presidente cédelle a palabra a dona Teresa Barge Bello, para que expoña o contido do ditame favorable da Comisión Informativa de Políticas Sociais.

Teresa Barbe Bello, do Grupo Popular, intervén para sinalar que este Plan de Igualdade de Oportunidades entre Homes e Mulleres da Deputación tráese para a súa ratificación pola nova Corporación para o mandato 2023-2027, xa que unicamente se fixeron modificacións formais na presentación e na composición do comité de seguimento de dito plan.

Xosé Puga González, do BNG, toma a palabra para sinalar que o van votar a favor, xa que xa foi informado polo Comité de seguimento deste onde teñen presenza as organizacións sindicais e a representación dos traballadores. Insiste en que se oferten actividades formativas no eido da igualdade e sinala que todo isto se teña en conta na redacción da nova relación de postos de traballo da Deputación.

Susana Rodríguez Estévez, do Grupo Socialista, sinala que o Grupo Socialista vai votar a favor desta proposta.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 2º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 9º](#)

Non se producen máis intervencións e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Ratificar a aprobación do II Plan de Igualdade de oportunidades entre homes e mulleres da Deputación Provincial de Ourense, conforme co texto que figura no expediente núm. 2023/4495S, co CSV 15251656317723255376.

2º.- Ordenar a súa publicación na sede electrónica da Deputación, e que se proceda ao seu rexistro e depósito segundo o previsto na Resolución de 13 de xullo de 2023, da Secretaría de Estado de Función Pública, pola que se modifica a de 16 de marzo de 2023, pola que se crea o Rexistro de plans de igualdade das administracións públicas e os seus protocolos fronte ao acoso sexual e por razón de sexo (BOE núm. 175 de 24 de xullo de 2023).

10º.- APROBACIÓN DEFINITIVA ORDENANZA REGULADORA DO SERVIZO PÚBLICO SUPRAMUNICIPAL DE RECOLLIDA E TRATAMENTO DE RESIDUOS INDUSTRIAIS NON PERIGOSOS E ESPECIAIS.-

O Sr. presidente anuncia que este punto e o seguinte serán debatidos conxuntamente e a votación será por separado.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

Marta Nóvoa Iglesias, do Grupo Popular, toma a palabra para indicar que esta aprobación definitiva destas ordenanzas van permitir a posta en marcha deste Centro Verde situado no Polígono de San Cibrao das Viñas. Lembra que nestas propostas que se traen a aprobación se estiman parte das alegacións formuladas polo Grupo Provincial Socialista aos textos inicialmente aprobados, en particular a relativa ao custo por quilómetro nas zonas prioritarias e non prioritarias. Destaca a importancia da posta en marcha desde Centro que é moi demandado polas empresas da área industrial de Ourense e do resto da provincia, que estamos ante unha iniciativa pioneira a nivel autonómico e estatal, e que con esta experiencia se valorará a posta en marcha doutros centros que melloren a xestión ambiental dos residuos que se producen na nosa provincia.

Xosé Manuel Puga Rodríguez, do BNG, intervén para corroborar que van votar a favor de ambas propostas, xa que entenden que as modificacións introducidas melloran o texto de ambas as dúas ordenanzas.

Aurentino Alonso Araújo, do Grupo Socialista, sinala que unha vez que es estimaron parcialmente as alegacións presentadas polo Grupo Socialista tamén van votar a favor de ambas propostas, ao entender que con iso se da cumprimento aos principios de igualdade e equilibrio intermunicipal, engadindo que ambos textos deixan claro que o seu ámbito

territorial é toda a provincia de Ourense e a tarifa por quilómetro do servizo porta a porta é a mesma para toda a provincia. Remata pedindo que se informe da posta en marcha deste servizo e se realicen campañas informativas dirixidas aos produtores de residuos.

Intervención do Sr. presidente, na que destaca que se trata da posta en marcha dun novo servizo por esta Deputación para a nosa provincia, e que si funciona ben a intención é estendelo a outras áreas industriais da nosa provincia.

O contido íntegro das intervencións dos puntos 10º e 11º recóllese no punto 10º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver puntos 10º e 11º](#)

Non se producen máis intervencións e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Estimar parcialmente as alegacións presentadas polo Grupo Socialista ao acordo de aprobación inicial da ordenanza, nos termos que constan no informe técnico da Área de Medio Ambiente do 10 de xaneiro de 2024, que consta no expediente 2023/11556Z, CSV: 15245133566524220157 en <https://sede.depourense.es>.

2º.- Aprobar definitivamente a Ordenanza reguladora do servizo público supramunicipal de recollida e tratamento de residuos industriais non perigosos e especiais, co seguinte texto:

Título preliminar: Disposicións xerais

Artigo 1. Obxecto, fundamento e ámbito territorial

1. Constitúe o obxecto da presente ordenanza a regulación do servizo público supramunicipal de recollida e tratamento de residuos industriais non perigosos e especiais.

2. Este servizo público é de titularidade provincial cuxa ordenación e xestión correspóndelle á Deputación Provincial de Ourense por competencia propia adquirida no pleno do 30 de maio de 2014 e trala cesión do centro verde propiedade do concello de San Cibrao das Viñas, a esta administración o 27 de novembro de 2014.

3. O servizo público supramunicipal de recollida e tratamento de residuos industriais non perigosos e especiais da Deputación Provincial de Ourense, comprende a:

- a) Recepción no centro verde de residuos de orixe industrial de tipo non perigoso e especial, producidos dentro do ámbito territorial desta ordenanza.
- b) Recollida e recepción “*porta a porta*”, por persoal autorizado do servizo, nas industrias e empresas dos produtores de residuos de orixe industrial de tipo non perigoso ou especial, producidos dentro do ámbito territorial desta ordenanza.

4. O servizo de recepción no centro verde, préstase mediante a explotación da dita instalación, localizado no Polígono de San Cibrao, vía 4, coordenadas UTM (Fuso T29) (DATUM ETRS89) X= 597.333,63 m e Y= 4.682.200,02 m.

5. O servizo de recollida e recepción “*porta a porta*”, nas industrias ou empresas dos produtores, prestarase mediante un vehículo ou persoal autorizado.

6. O ámbito territorial de aplicación desta ordenanza é para os residuos industriais non perigosos e especiais, de industrias ou actividades localizadas na provincia de Ourense, incluíndo dúas áreas principais, a primeira, denominada “**zona prioritaria**” abarcando o Polígono Industrial de San Cibrao, o Parque Empresarial do Pereiro de Aguiar e a Zona Comercial Barreiros e a segunda, nomeada “**zona non prioritaria**” para todas aquelas zonas territoriais que estean fora da antedita, como son as que se sitúan noutras zonas do municipio de San Cibrao das Viñas ou aquelas próximas á zona industrial de Seixalbo (no municipio de Ourense), incluso na bisbarra da cidade de Ourense.

7. Os residuos industriais non perigosos e especiais permitidos neste centro verde, recóllense no Anexo I desta ordenanza.

Título I

Das prestacións do servizo

Artigo 2. Da prestación da recepción dos residuos industriais non perigosos e especiais admisibles no centro verde

1. A recepción dos residuos será a solicitude da persoa interesada e terán condición de usuarias deste servizo todas as persoas físicas, xurídicas ou outras entidades que directa ou indirectamente entreguen residuos (catalogados como aceptables) nestas instalacións (centro verde), é dicir, calquera produtor ou posuidor de residuos industriais non perigosos e especiais que, directamente ou indirectamente, fagan entrega deles nas instalacións.

2. No momento de realizar a entrega dos residuos no centro verde, a persoa cedente deberá proporcionar a seguinte información, e no seu caso presentar a seguinte documentación:

- Razón social da empresa que entrega o residuo
- Matrícula do transporte no caso de realizarse entrega no centro verde
- Persoa propietaria e teléfono de contacto
- Tipo (código LER) e volume de residuos

- Autorización ambiental que corresponda segundo a normativa que lle sexa de aplicación en cada caso
3. A recepción dos residuos quedará regulada baixo a aplicación de prestacións patrimoniais non tributarias para cada tipoloxía dos residuos aceptados neste centro verde, recollidos no Anexo I desta ordenanza.
4. Considérase “residuo recepcionado” cando se cumpran todos os trámites esixidos nesta ordenanza reguladora, así como, cando estes sexan aceptados polo xestor do centro verde e consecuentemente, téñase liquidado a prestación patrimonial de carácter público non tributaria correspondente.
5. Así, a descarga ou abandono de calquera tipo de residuos, dentro ou fora da planta, sen os anteditos trámites de aceptación serán considerados como “residuos abandonados” e rexeranse segundo o disposto no artigo 108 de infraccións, da Lei 7/2022, do 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular.
6. En ningún caso, se recepcionarán residuos que non poidan ser clasificados/identificados dentro dalgunha das tipoloxías recollidas no Anexo I desta ordenanza, ou ben polo seu estado de conservación, pola invisibilidade do embalaxe, pola mestura con algún residuo non permitido ou prohibido, ou por calquera outro motivo.
7. A presenza de residuos perigosos, que se detecten no momento da recepción, suporán a non aceptación nin a entrada na planta. No caso de que non se detecten e aparezan mesturados posteriormente á recepción, serán almacenados nun contedor pechado con este destino para a entrega ao xestor autorizado, procedendo a tramitar pola administración o correspondente expediente sancionador, do que se poida derivar a aplicación de sanción económica así como a prohibición de uso deste servizo público.

Artigo 3. Da prestación da recollida e recepción de residuos “*porta a porta*” nas industrias ou empresas produtoras de residuos

1. A recollida e recepción dos residuos “*porta a porta*” será a solicitude da persoa interesada e terán condición de usuarias deste servizo todas as persoas físicas, xurídicas ou outras entidades que, de xeito directo ou indirecto, entreguen aqueles residuos clasificados como aceptados, ao persoal encargado de realizar esta recollida, é dicir, calquera produtor/a ou posuidor/a de residuos industriais non perigosos e especiais, que faga entrega deles ao transportista responsable deste servizo público supramunicipal de recollida e tratamento de residuos industriais non perigosos e especiais.

2. A recepción dos residuos quedará regulada baixo a aplicación das prestacións patrimoniais non tributarias.

3. No momento de realizar a entrega dos residuos ao persoal do servizo de recollida e recepción “*porta a porta*”, a persoa cedente deberá proporcionar a seguinte información, e no seu caso presentar a seguinte documentación:

- Razón social da empresa que entrega o residuo
- Persoa propietaria e teléfono de contacto
- Tipo (código LER) e volume de residuos
- Autorización que corresponda segundo a normativa que lle sexa de aplicación en cada caso

4. Considérase “residuo recepcionado porta a porta” cando se cumpran todos os trámites esixidos nesta ordenanza reguladora, así como, cando estes sexan aceptados polo xestor do centro verde ou o transportista autorizado para a recollida, e consecuentemente, téñase liquidado a prestación patrimonial de carácter público non tributaria correspondente.

5. En ningún caso recolleranse residuos que non poidan ser clasificados/identificados dentro dalgunha das tipoloxías recollidas no Anexo I desta ordenanza, ben polo seu estado de conservación, a invisibilidade do embalaxe, a mestura con algún residuo non permitido e/ou prohibido ou ben, por calquera outro motivo.

6. A presenza de residuos perigosos, que se detecten no momento da recollida “*porta a porta*”, suporán a non aceptación e consecuentemente a non recollida. No caso de que non se detecten e aparezan mesturados posteriormente á recollida, serán almacenados nun contedor pechado con este destino para a entrega ao xestor autorizado, procedéndose a tramitar pola administración o correspondente expediente sancionador, do que se poida derivar a aplicación de sanción económica así como, a prohibición de uso deste servizo público.

Título II

Do réxime sancionador

Artigo 4. Infraccións

1. Considéranse infraccións as accións ou omisións que contraveñan o establecido na presente ordenanza así como aquelas outras que estean tipificadas na lexislación estatal ou autonómica, reguladora das materias que se inclúen, sen prexuízo do que os preceptos desta ordenanza poidan contribuír á súa identificación máis precisa.

2. As infraccións tipificadas na presente ordenanza clasifícanse en leves, graves e moi graves.
3. Serán infraccións moi graves:
 - a) Exercicio de calquera actuación ou actividade dentro das instalacións, que poida supoñer dano ou deterioro ambiental.
 - b) Exercicio de calquera manobra, actuación, acto vandálico ou actividade dentro das instalacións, que poida supoñer dano ou deterioro a dita instalación ou elemento anexo á propiedade.
 - c) Obrigar ao persoal encargado da xestión do centro verde ou ao transportista á recepción de residuos non admisibles no centro verde, mediante extorsión, chantaxe, ameaza ou emprego de violencia física ou verbal.
 - d) Ocultar, mesturar ou incluír, dolosamente, residuos non admisibles, de tal xeito que sexa imposible detectalos durante a recepción, tanto no centro verde, como na recollida “*in-situ*”.
 - e) Desfacerse de residuos que poidan ser obxecto dalgunha proba xudicial, derivada dun acto delitivo ou susceptible de ter causado un dano ou deterioro no medio ambiente, ou posto en grave perigo a saúde das persoas.
 - f) Obstruír a actividade inspectora ou de control da Deputación Provincial de Ourense.
4. Serán infraccións graves:
 - a) Obrigar ao persoal encargado da xestión do centro verde ou ao transportista á recepción gratuíta de residuos admisibles no centro verde, mediante extorsión, chantaxe, ameaza ou emprego de violencia física ou verbal.
 - b) Falsificar a documentación e datos esixidos sobre o produtor, o xestor e/ou os residuos que se entregan no centro verde ou na recollida “*in-situ*”.
 - c) A comisión dalgunha das infraccións indicadas no apartado anterior cando pola súa escasa entidade non mereza a clasificación de moi grave.
5. Serán infraccións leves:
 - a) Obrigar ao persoal encargado da xestión do centro verde ou ao transportista á recepción gratuíta de residuos admisibles no centro verde, aínda sen empregar violencia física ou verbal.

- b) A comisión dalgunha das infraccións indicadas no apartado anterior cando pola súa escasa entidade non mereza a clasificación de grave.

Artigo 5. Prescrición das infraccións.

1. As infraccións leves prescribirán ao ano, as graves aos tres anos e as moi graves aos cinco anos.
2. O prazo de prescrición das infraccións comezase a contar desde o día en que a infracción se comete.
3. Nos supostos de infraccións continuadas, o prazo de prescrición comezará a contar desde o momento da finalización da actividade ou do último acto co que a infracción se consuma. No caso de que os feitos ou actividades constitutivos de infracción foran descoñecidos por carecer de signos externos, dito prazo computarase desde que estes se manifesten.
4. Interromperá a prescrición a iniciación, con coñecemento do interesado, do procedemento sancionador, continuando o prazo de prescrición se o expediente sancionador estivera paralizado durante máis dun mes por causa non imputable ao presunto responsable.

Artigo 6. Sancións

- a) No caso de infraccións moi graves: as multas oscilarán desde los 5.001,00 € ata os 15.000,00 €.
- b) No caso de infraccións graves: as multas oscilarán dende os 751,00 € ata os 5.000,00 €.
- c) No caso de infraccións leves: as multas serán ata os 750,00 €.

Artigo 7. Prescricións das sancións.

1. As sancións impostas pola comisión de infraccións leves prescribirán ao ano, as impostas por faltas graves aos tres anos e as impostas por faltas moi graves aos cinco anos.
2. O prazo de prescrición das sancións comezase a contar dende o día seguinte a aquel en que adquira firmeza a resolución pola que se impón a sanción.
3. Interromperá a prescrición a iniciación, con coñecemento do interesado, do procedemento de execución, volvendo a transcorrer o prazo se aquel está paralizado durante máis dun mes por causa non imputable ao infractor.

Artigo 8. Publicidade das sancións

O Pleno poderá acordar a publicación, a través dos medios que considere oportunos, das sancións impostas pola comisión de infraccións graves e moi graves, unha vez que esta adquirira firmeza.

Artigo 9. Competencia e procedemento sancionador

1. Corresponde ao presidente da Deputación a resolución dos expedientes administrativos sancionadores no exercicio da competencia que lle é atribuída a tal fin polo artigo 21.1.n) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

2. A imposición de sancións e a exixencia de responsabilidades conforme a esta ordenanza levaranse a cabo de conformidade co previsto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e segundo os principios establecidos na Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico das administracións públicas e demais normativa que lle sexa de aplicación.

Artigo 10. Reparación do dano e indemnización.

Sen prexuízo da sanción que se poderá impor, a persoa infractora quedará obrigada á reposición da situación alterada nos supostos previstos no artigo 4.3.a) e b) desta ordenanza, así como a indemnización dos danos e prexuízos causados que deberá ser determinado polo órgano competente e trala tramitación do correspondente expediente no que, en todo caso, darase audiencia á persoa interesada. Este expediente poderá tramitarse de forma conxunta ou separadamente do de determinación da responsabilidade infractora.

Disposición final

Esta ordenanza entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia, sempre que transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Anexo I

Residuos permitidos e aceptados no Centro Verde

CÓGIGO LER	RESIDUOS INDUSTRIAIS NON PERIGOSOS
20 01 38	MADEIRAS
20 01 01	PAPEL
20 01 01	CARTÓN
20 01 40	CHATARRA

20 01 11	TEAS
20 01 39	PLÁSTICOS
20 01 99	OUTROS
17 04 02	ALUMINIO
varios	LODOS
–	PALETS
–	EMBALAXES DE CARÁCTER INDUSTRIAL
20 01 02	VIDRO
10 01	CINZAS

CÓDIGO LER	RESIDUOS INDUSTRIAIS DE CARÁCTER ESPECIAL
	SUBTIPO
080111	PINTURAS E VERNICES
08 03 12	TINTAS CON DISOLVENTE OU SUBSTANCIAS PERIGOSAS
08 03 17	RESIDUOS DE TÓNER DE IMPRESIÓN
08 04 09	RESIDUOS DE ADHESIVOS E SELADORES QUE CONTEÑEN DISOLVENTES ORGÁNICOS OU SUBSTANCIAS PERIGOSAS
CAP 08	PO DE LIXADO
12 01 09	EMULSIÓNS E DISOLUCIÓNS DE MECANIZADO SEN HALÓXENOS
13 01 10	ACEITES MINERAIS NON CLORADOS DE MOTOR, DE TRANSMISIÓN MECÁNICA E LUBRICANTES
14 06 02	OUTROS DISOLVENTES E MESTURAS DE DISOLVENTES HALOXENADOS
14 06 03	OUTROS DISOLVENTES E MESTURAS DE DISOLVENTES
15 01 10	ENVASES QUE CONTEÑEN RESTOS DE SUBSTANCIAS PERIGOSAS OU ESTÁN CONTAMINADOS POR ELAS
15 01 11	ENVASES METÁLICOS, INCLUÍDOS OS RECIPIENTES A PRESIÓN BALEIROS, QUE CONTEÑEN UNHA MATRIZ POROSA SÓLIDA PERIGOSA
15 02 02	ABSORBENTES, MATERIAIS DE INFILTRACIÓN (INCLUÍDOS OS FILTROS NON ESPECIFICADOS NOUTRA CATEGORÍA), TRAPOS DE LIMPEZA E ROUPA PROTECTORA CONTAMINADA POR SUBSTANCIAS PERIGOSAS
16 01 07	FILTROS DE ACEITE
16 01 13	LÍQUIDOS DE FREO
16 01 14	ANTICONXELANTES QUE CONTEÑEN SUBSTANCIAS PERIGOSAS

16 06 01	BATERÍAS DE CHUMBO
20 01 33	BATERÍAS E ACUMULADORES ESPECIFICADOS NOS CÓDIGOS 16 06 01, 16 06 02 OU, 16 06 03, E BATERÍAS E ACUMULADORES SEN CLASIFICAR QUE CONTEÑEN ESAS BATERÍAS
CAP 18	RESIDUOS DE LABORATORIO
16 06 04	PILAS ALCALINAS E SALINAS
–	LIXO INDUSTRIAL
–	AUGAS HIDROCARBURADAS

Anexo II

Residuos non permitidos e non aceptados no Centro Verde

CÓGIGO LER	RESÍDUOS NON ADMISÍBEIS
–	RESIDUOS URBANOS ORGÁNICOS
–	MATERIAIS RADIATIVOS
–	MATERIAIS EXPLOSIVOS
–	MATERIAIS INFLAMÁBEIS
–	RESIDUOS INFECCIOSOS
–	RESIDUOS BIOSANITARIOS E/OU CITOLÓXICOS
–	RECIPIENTES VOLUMINOSOS QUE CONTIVERAN MATERIAIS TÓXICOS OU PERIGOSOS

—	MEDICAMENTOS
—	RESIDUOS SEN SEGREGAR
—	RESIDUOS SEN IDENTIFICAR
—	RESIDUOS NON ESPECIFICADOS NA LISTAXE DE ADMISÍBEIS

3º.- Publicar o texto íntegro da ordenanza no BOP, para os efectos oportunos.

11º.- APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA REGULADORA DA PRESTACIÓN PATRIMONIAL DE CARÁCTER PÚBLICO NON TRIBUTARIA POLO SERVIZO PÚBLICO SUPRAMUNICIPAL DE RECOLLIDA E RECEPCIÓN DE RESIDUOS INDUSTRIAIS NON PERIGOSOS E ESPECIAIS

O debate deste punto tivo lugar conxuntamente co punto anterior.

Non se producen intervencións e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Estimar parcialmente as alegacións presentadas polo Grupo Socialista ao acordo de aprobación inicial da ordenanza, nos termos que constan no informe técnico da Área de Medio Ambiente do 10 de xaneiro de 2024, que consta no expediente 2023/11560H, CSV: 15245133566524220157 en <https://sede.depourense.es>.

2º.- Aprobar definitivamente a Ordenanza reguladora da prestación patrimonial de carácter público non tributaria polo servizo público supramunicipal de recollida e recepción de residuos industriais non perigosos e especiais, co seguinte texto:

Artigo 1. Fundamento e natureza

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, esta Deputación Provincial establece a prestación patrimonial de carácter público non tributario como contra prestación polo servizo público supramunicipal de recollida e tratamento de residuos industriais non perigosos e especiais, que se rexerá pola presente ordenanza.

Todo iso en aplicación do establecido polo novo apartado 6 do artigo 20 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLFL), na redacción aprobada para este novo apartado 6 pola disposición final duodécima da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP), cuxa entrada en vigor produciuse o 9 de marzo do ano 2018.

O anterior, en concordancia co establecido polas disposición adicional cuadraxésimo terceira da citada Lei de contratos do sector público, e pola disposición adicional primeira da Lei 58/2003, do 17

de decembro, xeral tributaria (LXT) na redacción aprobada para a mesma pola disposición final undécima da citada Lei 9/2017, de contratos do sector público.

Artigo 2. Ámbito de aplicación

O regulado nesta ordenanza constitúe prestacións patrimoniais de carácter público non tributario que se satisfarán polos usuarios que, de xeito voluntario, soliciten o servizo de recollida, recepción e tratamento de residuos industriais non perigosos e especiais no centro verde, sito na rúa núm. 4 do Polígono Industrial de San Cibrao das Viñas (San Cibrao das Viñas - Ourense).

O ámbito territorial de aplicación desta ordenanza é para os residuos industriais non perigosos e especiais, de industrias ou actividades localizadas na provincia de Ourense.

Artigo 3. Feito imponible

1. Constitúe o feito imponible desta prestación patrimonial:

- A recepción no centro verde de residuos de orixe industrial de tipo non perigoso ou especial producidos nos municipios da provincia de Ourense.
- A recollida e recepción “porta a porta” por persoal autorizado do servizo, nas industrias e empresas situadas na provincia de Ourense, dos residuos industriais non perigosos ou especiais que se orixinen pola actividade industrial ou empresarial.

Artigo 4. Obrigadas ao pago

Estarán obrigadas ao pago da prestación patrimonial de carácter público non tributario, en concepto de obrigada principal e directa, as persoas físicas ou xurídicas, privadas ou públicas, que fagan uso da prestación do servizo público supramunicipal de recollida, recepción e tratamento de residuos industriais non perigosos e especiais dentro do termo provincial, conforme establece o artigo 43 da Lei reguladora das facendas locais.

Artigo 5. Responsables

Responderán solidaria ou subsidiariamente das obrigacións tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas ou xurídicas ás que se refiren os artigos 41 a 43 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

En concreto, responderá solidariamente, como substituto da obrigada tributaria, o transportista que entrega o residuo nas instalacións do centro verde do Polígono de San Cibrao ou os administradores ou integrantes da administración concursal e liquidadores de quebras das sociedades, co alcance que sinala o artigo 40 da Lei xeral tributaria.

Artigo 6. Cota tributaria

Establécese que a cobranza das prestacións patrimoniais de carácter non tributario se realice mediante o réxime de tarifas para cada tipo de servizo e residuo industrial non perigoso ou especial permitido na ordenanza, segundo se establece a continuación:

1. CUADRO DE TARIFAS PARA A RECEPCIÓN DO RESIDUO:

CÓDIGO LER	RESIDUOS INDUSTRIAIS NON PERIGOSOS	CUSTO (€/t)
20 01 38	MADEIRAS	7,00 €/t
20 01 01	PAPEL	8,80 €/t
20 01 01	CARTÓN	8,80 €/t
20 01 40	CHATARRA	110,00 €/t
20 01 11	TEAS	5,00 €/t
20 01 39	PLÁSTICOS	50,00 €/t
20 01 99	OUTROS	10,00 €/t
17 04 02	ALUMINIO	625,00 €/t
varios	LODOS	380,00 €/t
—	PALETS	0,38 €/t
—	EMBALAXES DE CARÁCTER INDUSTRIAL	50,00 €/t
20 01 02	VIDRO	27,00 €/t
10 01	CINZAS	40,00 €/t

CÓDIGO LER	RESIDUOS INDUSTRIAIS DE CARÁCTER ESPECIAL	TARIFA (€/t)
	SUBTIPO	
080111	PINTURAS Y VERNICES	410,00 €/t
08 03 12	TINTAS CON DISOLVENTE OU SUBSTANCIAS PERIGOSAS	410,00 €/t
08 03 17	RESIDUOS DE TÓNER DE IMPRESIÓN	90,00 €/t
08 04 09	RESIDUOS DE ADHESIVOS E SELADORES QUE CONTEÑEN DISOLVENTES ORGÁNICOS OU SUBSTANCIAS PERIGOSAS	350,00 €/t

CAP 08	PO DE LIXADO	180,00 €/t
12 01 09	EMULSIÓNS E DISOLUCIÓNS DE MECANIZADO SEN HALÓXENOS	200,00 €/t
13 01 10	ACEITES MINERAIS NON CLORADOS DE MOTOR, DE TRANSMISIÓN MECÁNICA E LUBRICANTES	0,00 €/t
14 06 02	OUTROS DISOLVENTES E MESTURAS DE DISOLVENTES HALOXENADOS	900,00 €/t
14 06 03	OUTROS DISOLVENTES E MESTURAS DE DISOLVENTES	900,00 €/t
15 01 10	ENVASES QUE CONTEÑEN RESTOS DE SUBSTANCIAS PERIGOSAS OU ESTÁN CONTAMINADOS POR ELAS	250,00 €/t
15 01 11	ENVASES METÁLICOS, INCLUÍDOS OS RECIPIENTES A PRESIÓN BALEIROS, QUE CONTEÑEN UNHA MATRIZ POROSA SÓLIDA PERIGOSA	250,00 €/t
15 02 02	ABSORBENTES, MATERIAIS DE INFILTRACIÓN (INCLUÍDOS OS FILTROS NON ESPECIFICADOS NOUTRA CATEGORÍA), TPAPOS DE LIMPEZA E OUPA PROTECTORA CONTAMINADA POR SUBSTANCIAS PERIGOSAS	300,00 €/t
16 01 07	FILTROS DE ACEITE	0,00 €/t
16 01 13	LÍQUIDOS DE FREO	150,00 €/t
16 01 14	ANTICONXELANTES QUE CONTEÑEN SUBSTANCIAS PERIGOSAS	240,00 €/t
16 06 01	BATERÍAS DE CHUMBO	450,00 €/t
20 01 33	BATERÍAS E ACUMULADORES ESPECIFICADOS NOS CÓDIGOS 16 06 01, 16 06 02 OU, 16 06 03, E BATERÍAS E ACUMULADORES SEN CLASIFICAR QUE CONTEÑEN ESAS BATERÍAS	0,00 €/t
CAP 18	RESIDUOS DE LABORATORIO	2.700,00 €/t
16 06 04	PILAS ALCALINAS E SALINAS	30,00 €/t
—	LIXO INDUSTRIAL	130,00 €/t

—	AUGAS HIDROCARBURADAS	220,00 €/t
---	-----------------------	------------

2. TARIFAS PARA O SERVIZO DE RECOLLIDA PORTA A PORTA

Establécese para o servizo de recollida unha tarifa de 1,32 €/km.

Artigo 7. Revisión de tarifas

Establécese a seguinte fórmula de revisión de custos: $P_t = K_t * P_o$

Onde:

- P_t : Orzamento de execución material revisado.
- P_o : Orzamento de execución material no mes e ano de adxudicación do contrato
- K_t é o coeficiente de revisión resultante da aplicación da seguinte fórmula:
- $K_T = 0,4784 \cdot \frac{S_t}{S_o} + 0,0179 \cdot \frac{L_t}{L_o} + 0,0602 \cdot \frac{X_t}{X_o} + 0,443$

Onde:

- **S**: Variación salarial media pactada, a nivel estatal, para o sector de “Recollida, tratamento, eliminación de residuos e valorización”, publicada polo Ministerio de Traballo e Economía Social.
(O valor a aplicar nunca será superior ao das actualizacións do custo da man de obra no sector público aprobado nos Orzamentos Xerais do Estado).
- **L**: Variación a nivel estatal do índice da clase "combustibles e lubricantes para vehículos persoais" publicado polo Instituto Nacional de Estatística (INE).
- **X**: Prezo medio aritmético de España (€/MWh), publicado polo Operador do Mercado Ibérico da Enerxía,-OMIE-.
- Subíndices **t** e **0**: momento da revisión do contrato e momento da súa formulación respectivamente.

Artigo 8. Pagamento da prestación patrimonial

A obriga de pagar a prestación patrimonial non tributaria regulada nesta ordenanza, nace desde que se presta o servizo especificado no feito imponible.

A prestación patrimonial devéñase cando se solicita a prestación do servizo.

O pago das tarifas efectuarase no lugar e forma que designe o adxudicatario do servizo, e efectuarase o abono no momento da entrega do residuo nas instalacións do servizo público supramunicipal, sito no centro verde do Polígono de San Cibrao das Viñas ou cando se realice a recollida “porta a porta” dos residuos.

Artigo 9. Infraccións e sancións tributarias

En todo o relativo á cualificación das infraccións tributarias, así como á determinación das sancións que polas mesmas correspondan en cada caso, aplicaranse os preceptos de contidos nos artigos 178 e ss. da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, e demais normativa que a desenvolva.

Disposición Adicional.

Dado que o réxime xurídico substantivo básico aplicable á figura das “prestacións patrimoniais de carácter público non tributario” actualmente establecido con carácter xeral na disposición adicional primeira da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, e con carácter específico para as entidades locais, no novo apartado 6 do artigo 20 do TRLFL, non foi aínda desenvolvido de xeito normativo polo lexislador estatal, mentres non sexa levada a cabo esta regulación normativa de desenvolvemento, e no non disposto expresamente pola presente ordenanza reguladora, serán de aplicación supletoria á prestación patrimonial de carácter público regulada na mesma, as determinacións sobre implantación, xestión, inspección, recadación e revisión en vía administrativa establecidas para taxas polos mencionados textos legais.

Disposición Final. Aprobación, entrada en vigor e derogación da ordenanza

Esta ordenanza entrará en vigor e será de aplicación dende o día seguinte á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor mentres non se acorde a modificación ou derogación expresa da antedita.

3º.- Publicar o texto íntegro da ordenanza no BOP, para os efectos oportunos.

12º.- MOCIÓN DO BNG PARA A DEFENSA DA SANIDADE PÚBLICA GALEGA E ESPECIALMENTE EN OURENSE.-

A esta moción presentou unha emenda o Grupo Popular. O Sr. presidente cédelle a palabra ao BNG para que expoña o contido da moción.

1ª intervención de Bernardo Varela López, do BNG, cédelle a palabra á representante da Plataforma Pediatría na Limia.

Intervención de Noela Moreiro Rúa, representante da Plataforma Pediatría na Limia: Bos días a todos. En primeiro lugar queremos agradecer a oportunidade que se nos brinda de vir aquí e presentar esta moción como plataforma. A situación da sanidade pública en Galicia, e especialmente en Ourense, é particularmente preocupante no inicio deste ano 2024. As políticas aplicadas pola Xunta de Galiza co partido que está desde 2009 ata hoxe reflexan un nefasto balance en todos os aspectos: - Listas de agarda inasumibles, especialmente en determinadas especialidades. - Unha Atención Primaria desatendida e abandonada. - Política

de Persoal de total desprezo e precarización do corpo de traballadores/as deste sistema público; o cal incentiva a fuga de persoal. - Privatizacións (algunhas delas encubertas) de servizos. - Medios de transporte e infraestruturas sanitarias en estado deplorable. Na provincia de Ourense estamos a comprobar actualmente os resultados desa desatención e abandono á nosa sanidade pública e comprobámoslos en primeira persoa. É certo que temos unha poboación avellentada que precisa máis atención, o problema é cando ten menos. Pero isto tamén afecta ó conxunto da poboación como vemos nos nosos rapaces. “Especialmente desoladoras son as interminables listas de agarda, por máis que se impida unha análise rigorosa do conxunto destas, xa que se oculta a información real ao eliminar a todas aquelas persoas que son chamadas para ofertárenlle unha derivación á privada. Se a persoa consultada rexeita este recurso, o goberno galego elimínnaa da estatística como se a súa situación estivese “resolta” e esa persoa non se segue agardando. Ademais, cómpre ter en conta unha práctica, normalizada en moitas especialidades e centros, consistente en indicar á ou ao paciente que “será citado ou citada telefonicamente” deixando a cita “en buzón”. Polo tanto, podemos afirmar que estes datos de listas de agarda están trucados e son, polo tanto, maiores do que reconece o goberno galego”. Isto dino os do Bloque e os do PSOE si, pero tamén o dicimos os cidadáns da pé, porque o sufrimos, porque o comentamos e porque o vemos con nós mesmos ou coa xente próxima. Ogallá non fose certo. Aínda así, segundo os propios datos do SERGAS, o Complexo Hospitalario Universitario de Ourense reflicte os peores datos de toda Galicia. E, en termos xerais, aínda que a situación nos hospitais comarcais de Verín e Valdeorras é lixeiramente mellor ó ter menos servizos e especialidades, a área sanitaria de Ourense, Verín e Valdeorras volve rexistrar os peores tempos de espera de toda Galicia. Este fenómeno afecta tamén á Comarca da Limia, xa que loxicamente as persoas que alí habitamos temos que acudir ó CHUO ou ao hospital de Verín, dependendo das especialidades, e sufrir os seus problemas. No referente á atención primaria, podemos destacar a saturación de todos os centros de saúde da provincia, e tamén dos PAC. Segundo nos comentan, a falla da posta en marcha do Plan de Mellora de Atención Primaria para facerlla atractiva ás e ós profesionais, para que poidan dispor dos recursos, tempo e número de doentes axeitado, é unha das causas do colapso; que como logo explicarei ten reflexo no día a día da atención tanto dos maiores como dos nenos e nenas da Limia, ó igual que no resto da provincia. Galicia é a penúltima do estado en investimento en Atención Primaria, só o 11.8% fronte unha media do 14.2%. Estes datos son obxectivos e entendemos que dan os

resultados que dan. Ás veces tamén hai que querer, non vale só con facer anuncios baleiros. Máis alá de “picos puntuais” (por outra parte previsibles) como está a acontecer no meses de decembro e xaneiro, esta saturación leva sendo denunciada, xa non só por representantes políticos, senón tamén por pacientes e profesionais de Ourense. Varias teñen sido as renuncias ou dimisións que se teñen producido en cargos intermedios do Sergas na nosa área sanitaria. Na mesma cidade de Ourense, en Allariz, Xinzo..., hai citas de medicina xeral que se están a dar cunha espera de 7 días ou máis para revisións ordinarias...o que acaba por saturar tamén o servizo de URXENCIAS. Por certo, a situación das urxencias sanitarias no CHUO, onde acudimos os limiaos, daría para outro capítulo. Resulta moitas veces xa non precaria a atención, senón moitas veces inhumano o trato que reciben os nosos maiores nesa especie de zona de guerra. E non, a inmensa maioría dos ourensáns non somos malos pacientes, nin acudimos de mala fe ós Centros Médicos para facer caer o sistema sanitario e amolar a quen hoxe está á fronte da Xunta como semella que algúns nos din; é mais o que facemos é pedir responsabilidades a quen hoxe está á fronte da Xunta, porque supoñemos que é a quen debemos facelo. Se non é así prégolles nos aclaren onde ou a quen debemos acudir. Moitas veces semella que os políticos simplemente están para repartir cartos, que por certo non son deles, e non para resolver os problemas que xorden da súa propia falta de xestión, cando non incompetencia. Boa parte da culpa desta situación recae na política organizativa e de persoal que a Xunta de Galiza realiza, ou iso nos parece. E tamén llo traslado do que nos comentan os e as profesionais coas que temos tido un intenso contacto nestas recentes datas, o descontento cos responsables do SERGAS en Ourense é alto. E séntense, especialmente quen non ten praza fixa, absolutamente desprotexidos e sen condicións minimamente dignas de traballo. Do que nos explican, non hai aumento de profesionais, as prazas que anuncian son de estabilización, (o que mostra a enorme temporalidade existente) non son novas prazas. E do que vemos na realidade de Xinzo e do que nos explican doutras zonas da provincia isto é así, non é que haxa mais profesionais sanitarios, hai menos. De todos é ben coñecido o intento da supresión do paritorio de Verín (impedido polas medidas de presión da cidadanía), ou o desmantelamento das unidades de pediatría de Xinzo de Limia e O Carballiño. Nós loitaremos para que isto tamén quede en intento. Falando deste tema concreto, no que respecta ó caso da Limia, os pacientes atendidos polos servizos de pediatría segundo o INE no 2022 sería de 1700, deles 1200 no propio Xinzo. Para iso, contamos con tres perfís profesionais: enfermeiras, matronas e pediatras. Xa no 2015 foi amortizada unha praza de

enfermería, ó xubilarse unha profesional desta área. As dúas matronas que atenden ó servizo teñen as súas labores compartidas, unha coa área sanitaria de Monterrei-Verín e a outra coa de Terras de Celanova, acudindo unha delas unicamente un día e a outra dous ó Centro de Saúde de Xinzo. Neste caso, só hai servizo 12 días ó mes, o que fai medrar a lista de agarda mentres as xestantes ven reducida a atención pre e/ou post-parto. A outra pata da atención susténtase na pediatría. Unha das profesionais de pediatría solicitou e conseguiu o traslado de centro a outra praza no SERGAS; pero a súa propia non foi cuberta. Mentres, o outro profesional de pediatría existente no centro viu multiplicada a axenda de atención, comprimindo o tempo de atención e incrementando a carga. Ata o de agora, este profesional atópase en situación de baixa, posiblemente non allea á sobrecarga laboral. Logo de xestións diante dos representantes locais e accións de protesta e presión por parte da cidadanía organizada na Plataforma Loita Pediatría na Limia, non foi posible a reunión directa dos representantes da Plataforma co Conselleiro de Sanidade, mais si con alcaldes da Comarca. Nesa reunión trasládase que unha das prazas se cubrirá cunha profesional puericultora que atende tres días dúas horas (6 horas á semana) e de outra cun médico de atención primaria tampouco a tempo completo (por certo téñense dado casos de contradición entre o que di este médico e o que logo recomendaba o pediatra titular). Isto non reflicte o acordado unanimemente acadado no pleno de Decembro do concello de Xinzo de Limia, onde se explicitaba o seguinte: 1.- Esixir publicamente á xerencia do Sergas a dotación da figura dunha médica pediatra de maneira urxente. Mais alá de promover un calendario de accións e mobilizacións en caso de non acadar o obxectivo de coidar a saúde dos nenos e nenas da Limia. Temos que recoñecer que non hai colas na atención, xa que finalmente as familias optan por non pedir vez no centro de saúde de Xinzo e acudir directamente ás urxencias pediátricas do CHUO, cando se ven apurados. Hoxe debo indicarlles que un profesional da puericultura non é un pediatra, e debo indicarllo porque seica na Xunta non o saben. A pediatría é a rama médica que se dedica ó tratamento e curación das enfermidades dos nenos e nenas, mentres a puericultura ten por obxecto a prevención das enfermidades da infancia (chegaba con consultar en internet, por certo algo que nos negamos a facer como nais e pais para saber o que padecen as nosas fillas e fillos). Semella doado de entender que non é o mesmo, aínda que poidan e incluso deban ser complementarios. Pero as nais, pais, avós e avoas, familiares varios e sobre todo as propias nenas e nenos esixen ter os mesmos dereitos que as de Ourense, A Coruña ou Vigo e non ser cidadás galegas de segunda, no que respecta ós seus dereitos sanitarios. E tamén no resto, por

certo. Non é lóxico que para os 11 Concellos da Limia e os seus mais de 22000 habitantes se dispoña dunha única ambulancia de soporte vital básico, tendo que agardar tempos que se fan eternos, para que acudan servizos de Celanova, Allariz ou mesmo Ourense, cando a ambulancia da Limia se atopa ocupada nalgún lugar afastado, algo bastante habitual por certo. Pedimos algo que consideramos xusto. Igual que nos solidarizamos coa necesidade de manter a atención primaria nas zonas de montaña, como no macizo central de Ourense, no que só se deixa un facultativo para atender toda aquela ampla zona (5 concellos) obrigando a desprazarse á xente moitos quilómetros e saturando o centro de saúde da cabeceira de comarca, ou no concello de A Mezquita (que obriga ao desprazamento até A Gudiña), deben dotarse os medios para que os profesionais sanitarios precisos dean cobertura a estes Concellos. Ou a recente denuncia da atención pediátrica en Maceda, cada día xorde unha nova denuncia de desatención. Esta é triste realidade da sanidade que vivimos na Limia e en Ourense. Queremos informavos que a sociedade limiá está convencida desta loita, que é así de simple, ten que chegar a mensaxe clara: As dúas prazas de pediatría teñen que estar cubertas por dous pediatras. A nós as familias, nais, pais, avós , avós, tíos, tías, correspóndenos protexer e coidar @s nos@s fill@s e a vós que sodes @ polític@s que gobernades e xestionades correspóndevos buscar e prever as solucións. E iso é o que esperamos de vós!!! É por isto que se propoñen os seguintes ACORDOS: O Pleno da Deputación Provincial de Ourense asume e apoia as seguintes demandas: - Denunciar diante da Xunta de Galiza a vulneración de dereitos que sofren as e os ourensáns por teren a maior lista de agarda de toda Galiza. - Esixir do SERGAS que na área sanitaria de Ourense, Verín e Valdeorras se aborden os problemas estruturais dos hospitais e das especialidades con maiores problemas de funcionamento, avaliando medidas para a atracción de persoal e abordando as melloras necesarias. Así como a construción e/ou reformas dos centros de saúde comprometidos: Vinteún, Mariñamansa, Ribadavia e A Rúa. - Instar ao Goberno galego á posta en marcha sen máis dilación do Plan de Mellora de Atención Primaria e a resolver de inmediato as carencias do servizo de pediatría nos Centros de Saúde de O Carballiño e Xinzo de Limia. - Reclamar do Goberno Galego a inmediata reposición de facultativos nos centros de saúde do macizo central e na Mezquita, para unha correcta atención á cidadanía. Así como dotar os PAC de equipos parellos “médico/a-enfermería” evitando que o servizo de enfermería teña que atender múltiples servizos de medicina, como ocorre no Carballiño, Ribadavia e Celanova. - Que a Xunta de Galiza modifique o mapa de transporte sanitario,

incluíndo a dotación dunha ambulancia do SVA para a comarca de Valdeorras e reforzo noutras comarcas onde o servizo e os medios materiais e humanos é deficitario, como a Limia. - Reclamar ao Goberno Galego e ao Estatal o aumento e apertura de prazas en Medicina e MIR.

1ª intervención de Rafael Martínez Cachafeiro, de DO, nesta quenda sinala con respecto á moción, que o seu grupo está totalmente a favor da mesma, polo que pouco se pode debater estando a favor, polo que agardará ás intervencións dos restantes grupos políticos.

1ª intervención de Aurentino Alonso Araújo, do Grupo Socialista, comeza dicindo que as familias de Ourense en pe de guerra pola falta de pediatras, o déficit de matronas en Ourense vese agravado polas xubilacións, pediatras de Ourense alertan á valedora de carencias por baixas sen cubrir como a derivación de prematuros a outra provincia. Os profesionais denuncian a vulneración dos dereitos sanitarios dos menores e a retirada encuberta de servizos. O Sergas admite o importante déficit de persoal e estuda alternativas asistenciais. O Colexio de Médicos de Ourense, os médicos mozos alertan del impacto de la desertificación médica para la cohesión territorial e acceso aos servizos de saúde. O falso hospital de Feijóo, o Hospital Comarcal de Valdeorras en Ourense converteuse, para moitos, nun dos exemplos máis dramáticos da estratexia de recortes, privatizacións e desmantelamento da sanidade pública do goberno do PP. Verín e o desmantelamento da sanidade pública galega. O peche do paritorio de Verín en Ourense mobilizou a toda a cidadanía da comarca. O persoal sanitario loitou por manter a sala de partos con protestas día e noite, defendendo a sanidade pública galega e a Galicia rural. A reforma da Lei de saúde prexudica a igualdade de oportunidades, eliminado a equidade no acceso ao sistema de saúde pública, en función do lugar de residencia. Supresión de prazas de médicos de atención primaria nos concellos de Rubiá, A Veiga e O Bolo, que non volveron ser cubertas. Na zona de Viana e A Veiga só hai un único médico de garda para atender á poboación dun área de máis de 800 Km2. Á espera do médico prometido no hospital público de Valdeorras, políticos, sindicatos e pacientes do dito hospital reclaman desde hai meses ao Sergas unha solución pola falta de persoal especialista. Comenta que podía seguir con moitos máis titulares de medios de prensa, pero vai facer un relato do que está a ocorrer no hospital público de Valdeorras desde que no ano 2010 se aprobou a estrutura organizativa de xestión integrada correspondente á provincia de

Ourense, as famosas EOSI. O día 6 de febreiro de 2014, no que amosan a súa inquedanza pola marcha dos especialistas médicos de xinecoloxía, pediatría, anestesioloxía, microbioloxía e farmacia e esíxenlle á dirección da área sanitaria valdeorresa a cobertura destas prazas. O 25 de xuño de 2014, 35 médicos do hospital de Valdeorras arremeten contra a xestión do centro nunha carta aberta. Denuncian a xestión deficiente e perigosa da actual xerencia dese hospital, que en opinión dos facultativos só pode ter como obxectivo o desmantelamento progresivo de gran parte do conseguido con tato tempo e traballo de todos. Fanse contratos en precario, sen gardase, e polo tanto sen posibilidade de ingresas a pacientes que deben ser trasladados a outros hospitais. Consultas masificadas e sen continuidade (ata 70 pacientes nun día) e recorte no persoal de garda. En certas especialidades, como hematoloxía, pasouse de ter dous profesionais a tempo completo con consultas, gardas e ingresos a ter un só con sete gardas ao mes. Durante 21 días ao mes non temos hematólogo de garda e as urxencias trasládanse de hospital. Desde o ano 1984 o Hospital Comarcal de Valdeorras dispuxo de hematólogo de garda os 365 días ao ano. En uroloxía, onde había dous urólogos en labor asistencial, cirúrxica e con gardas, só hai un urólogo compartido con Verín e Ourense, e 20 días ano mes sen urólogo. En cardioloxía, de dous cardiólogos con gardas, pasouse a unha consulta algún día á semana. En urxencias reduciuse o número de médicos na quenda de mañás. Suprimíronse as axudantías cirúrxicas nas gardas. Se un cirurxián, un traumatólogo ou un xinecólogo teñen que operar de urxencia, non poden avisar a un compañeiro para que estea presente, co resultado de que o paciente é derivado ao hospital de referencia a Ourense. O 13 de novembro de 2014 os especialistas, que se desprazas dúas ou tres veces ao Hospital, non se cobren as baixas, como sucede en planificación familiar (UBOF) e en rehabilitación, aumento das listas de espera en cardioloxía, retraso na atención das urxencias, ao atender unha soa persoa as do PAC e do hospital, cirurxía pediátrica, onde os pacientes deben desprazarse ata Vigo para ser atendidos, as probas do escáner do Barco repítense en Ourense porque a súa calidade é moi baixa. O 19 de xuño de 2015 recóllense sinaturas contra a supresión de dúas prazas de fisioterapia en Valdeorras. O 2 de setembro de 2015 o Hospital Comarcal de Valdeorras conta cun novo TAC, orzado xa desde 2009. O 30 de setembro de 2017 máis de 6.000 persoas participaron na manifestación do Barco para defender o Hospital Comarcal de Valdeorras. Os manifestantes consideran que o anteproxecto de lei sanitario que formula o goberno galego, afecta de forma negativa á comarca de Valdeorras, entre outras, debido a que nos fai desaparecer como área sanitaria, polo que vemos con gran preocupación o seu futuro. Os

manifestantes sosteñen que as consecuencias máis negativas da reforma sanitaria son que o Hospital Comarcal de Valdeorras perderá a súa funcionalidade. Ten unha capacidade resolutiva que vai minguando cada día máis. Fanse menos intervencións, polo que a xente vai ter que desprazarse a resolver os seus problemas sanitarios a Ourense. O 27 de xuño de 2018 o hospital ten un director dúas veces por semana, tamén falta o director de admisión. Fontes sanitarias criticaron que o hospital quede cun único anestesista durante o verán ou que só teña un pediatra. O 12 de xullo de 2018 a sección sindical da CIG denuncia a situación de risco á que se expón a poboación deste distrito sanitario, ao contar na actualidade cun só anestesista activo pola non cobertura de permisos. Un só profesional que ten que atender tanto a cirurxía programada como a urxente, así como a administración de anestesia epidural en caso de parto, o que fai imposible que poida atender imprevistos como urxencias ou partos no caso de estar con cirurxías programadas, como xa aconteceu nos últimos días. Amósanse moi críticos coa política de derivación de efectivos desde o PAC do Barco a outros centros sanitarios da provincia, cando pretenderon deixar só unha facultativa un sábado para atender a toda a poboación dependente do PAC do Barco. O 24 de setembro de 2018 imposible recorrer 100 quilómetros en 20 minutos, unha sentenza xudicial desmonta o sistema de gardas da sanidade galega. O Sergas viña obrigando a médicos residentes en Ourense a que cubrisen gardas en Valdeorras, pagándollas como localizadas, de menor custo que as presenciais, xa que só esixen aos médicos presentarse no hospital nun prazo máximo de 20 minutos desde que son avisados. Segundo a sentenza, as ditas gardas levan consigo a esixencias de presentarse no hospital nun prazo máximo de 15-20 minutos desde o momento no que se avisa ao médico. O que resulta imposible se se reside en Ourense, a unha distancia mínima de hora e media do Barco de Valdeorras. O xuíz relata que cando se produce a necesidade puntual de remitir algún facultativo pediatra de Ourense ao Barco de Valdeorras, só se envía a un fixo se o acepta voluntariamente, remunerándolle o servizo como garda presencial; non obstante, aos pediatras temporais ou interinos do CHUO impónselles a obrigación de acudir ao Barco de maneira forzosa, e ademais con remuneración de garda localizada en vez de presencial. A sentenza critica tamén a lentitude do Sergas en solucionar o problema de fondo da falta de pediatras no Barco e evidencia como a Xunta aproveitou a supresión da área sanitaria de Valdeorras e a súa integración na de Ourense, para tirar dos médicos desta última en vez de contratar novos facultativos. Ante o recurso do SERGAS, o TSXG confirmou a sentenza do Tribunal de 1ª instancia. O 20 de decembro de 2018 o Hospital de Valdeorras deriva pacientes

a Ourense por falta de persoal. As urxencias do servizo de traumatoloxía do Hospital Comarcal de Valdeorras foron derivadas a Ourense varias veces nos últimos días. Un único especialista atende aos pacientes durante as mañás, cubrindo tamén algunha garda. Cando non está, os usuarios que precisan ser operados son enviados á capital provincial. Chegou a haber catro traumatólogos no hospital. Un adolescente que sufriu un accidente nunha proba deportiva tivo que ser levado ao Complexo Hospitalario de Ourense para recibir atención sanitaria. O Sergas confirmou as carencias en especialistas de traumatoloxía. Fontes do Sergas aseguraron que as gardas da área están cubertas aínda que certas operacións están sendo derivadas a Ourense. A situación non varía moito da que teñen os médicos internistas, un de cuxos profesionais abandonaba o hospital barquense despois de que lle ofrecesen un contrato de 15 días, tras levar un ano no centro. O Sergas atribuíu a súa marcha a motivos profesionais. O 15 de xaneiro de 2019 o xerente do Hospital Comarcal de Valdeorras, Julio García Comesaña, anunciou que o centro incorpora oito novos facultativos e valorou que hoxe é un día importante para o EOXI de Ourense e para o Hospital de Valdeorras. Viñamos vivindo desde hai meses unha situación provocada pola deficiencia destes especialistas e, agora, con estas prazas en propiedade, queda resolta. Non obstante, sobre a futura permanencia no centro dos novos facultativos, non quixo pecar de optimista e argumentou que eran especialidades con moita demanda que é moi difícil de atraer e manter. Esgrimiou que pode que algún dos novos profesionais se planee o Hospital de Valdeorras como un sitio de paso, pero mentres estean, estamos contentos. O 29 de xaneiro de 2019 (15 días despois) baixas e permisos deixan ao hospital outra vez baixo mínimos. O Barco quedou temporalmente coas áreas de traumatoloxía e cirurxía cubertas unicamente por un especialista. A actividade quedou reducida á atención urxente. A situación non é moi distinta no servizo de cirurxía. O 9 de setembro de 2019, o CSIF denuncia carencias no hospital comarcal e o Sergas négao. Xa é un habitual que haxa gardas sen cubrir en diferentes especialistas (cirurxía, traumatoloxía) nas últimas semanas. O 1 de novembro de 2019 un cirurxián con redución de xornada é todo o persoal que agora mesmo ten o departamento de cirurxía no Hospital Comarcal de Valdeorras (o outro está de baixa), así que se han cancelado todas as operacións programadas. Mantéñense os quirófanos abertos para urxencias, que se cobren con médicos que veñen desde Ourense, e as programadas que non poden esperar estanse derivando á capital. O servizo de hospitalización a domicilio só está funcionando na zona do val, entre Carballeda e Petín. O 29 de novembro de 2019, o Hospital Comarcal de Valdeorras volverá programar

operacións e desde hai semanas só se fan operacións de urxencia. Volverase convocar a praza interina de dermatoloxía. A falta de dermatólogo en Verín provocou que a actividade (tanto consulta como cirurxía) se centralizase en Ourense. O director de distrito presenta a súa carta de renuncia. O 28 de novembro de 2021 miles de persoas claman por unha sanidade digna en Valdeorras. 8 de decembro de 2021, o falso hospital de Feijóo. O Hospital Comarcal de Valdeorras converteuse para moitos nun dos exemplos máis dramáticos da estratexia de recortes, privatizacións e desmantelamento da sanidade pública do goberno do PP. Servizos que antes tiñan catros profesionais, hoxe só teñen un, etcétera. 6 de xaneiro de 2024, á espera do médico prometido no Hospital Público de Valdeorras. Políticos, sindicatos e pacientes reclaman desde hai meses ao Sergas unha solución á falta de persoal especialista. Un paciente de hematoloxía do citado hospital, que leva máis dun ano esperando a que lle dean cita, cando pola enfermidade grave que padece “deben realizarse controis cada catro meses, ao sumo, seis”. Tras varias reclamacións, tantas como catro, nas que solicita a dita cita, a resposta non chega nin tampouco solución. O paciente, cuxo seguimento levan tamén médicos de dixestivo en Santiago e Ourense, solicitaron a derivación do seu caso a estes hospitais, algo imposible de lograr posto que a orde debe chegar do hospital do Barco, dun médico que está de baixa, e non é unha baixa eventual, senón por embarazo, que como mínimo vai estar un ano. Non hai cirurxiáns, non hai traumatólogo, nin hematólogo, nin hai oftalmólogo, para o otorrino non se dan citas. Para rematar di que os traslados interhospitalarios desde o Hospital do Barco ao centro hospitalario de Ourense aumentaron un 30% desde o ano 2016. As intervencións en 2017 e 2018 se pasou de 2.991 intervencións no Hospital de Valdeorras a 2.417, é dicir 574 intervencións menos, un 20% de descenso. Os ingresos Pasouse, no ano 2007 de 4.094 a 3.288, é dicir 806 menos ingresos, o 20%. Quere isto dicir que mellorou a saúde dos pacientes do Hospital de Valdeorras? Non, senón que se deteriorou máis porque a poboación nestes anos envelleceu. Polo tanto, senón mellorou todos estes casos, as 574 intervencións e os 806 ingresos menos foron derivados a Ourense. Gustaríalle ter acceso á memoria anual de actividades da Área Sanitaria de Ourense, Valdeorras e Verín, como hai noutras áreas sanitarias que están colgadas en Internet. Para finalizar di que é moi triste que a día de hoxe, desde a reclamación que se fai desde a Área Sanitaria de Valdeorras é que lles poñan o hospital como estaba no ano 2009, esta é a reclamación que fan tanto desde a Xunta de Persoal como a de todos os que alí viven.

1ª intervención de Rosendo Luís Fernández Fernández, do Grupo Popular, toma a palabra para sinalar que ao señor Aurentino do Grupo Socialista se lle esqueceron moitas notas de prensa, a pesar de que estendeu na súa quenda de intervención, por exemplo a que di que a Conselleira de Sanidade no 2009, no goberno do bipartito, afirmaba que no Hospital de Valdeorras non se pode operar por falla de anestesiastas e que se derivarán a Ourense, ou a que dicía que o bipartito culpa da saturación das urxencias á actitude dos médicos. A continuación afirma que el reconece que pode existir certo descontento pero que non poden dicirse frases como as que se dixeron aquí de “atención primaria desatendida” ou “privatización”, afirmando que debe ser moi difícil privatizar a sanidade porque parece que o PP leva moitos anos intentándoo e non o consegue, xa que leva doce anos neste salón de plenos escoitando o mesmo, e lembra que quen define a privatización é o pagador da asistencia sanitaria, e no SERGAS non se paga, vai todo o gasto contra os orzamentos da Xunta de Galicia. Recomenda que se teña un pouco de rigor cos termos empregados, xa que non existe nin a medicina xeral nin médicos de medicina xeral, como poñen no seu argumentario, hai atención primaria e médicos de atención primaria, e tampouco existen as cartillas, falen de tarxetas. En canto á derivación de casos á centros concertados, procede a dar lectura a unha noticia de prensa de 2010, durante o goberno do bipartito, na que se di que un informe do Consello de Contas revela que o goberno bipartito aumentou un 22 % a asistencia sanitaria concertada, e renovou a maioría dos concertos con hospitales privados. A continuación sinala que o Plan de Intensificación posto en marcha no 2023, que é do Ministerio e non do SERGAS, sinala que Galicia é a segunda C.A. en datos de tempos de espera para cirurxías en Galicia, que mantén 46 días menos de agarda que a media do Estado. En canto a porcentaxe de pacientes que agardan máis de seis meses por unha intervención, Galicia mellora os seus propios resultados e convértese no segundo territorio do Estado con mellores datos, e na Área Sanitaria de Ourense, Verín e Valdeorras, esta acada o mellor tempo de acceso a unha intervención de prioridade 1, que é de doce días, así como nas principais probas diagnósticas. Engade que todos estes datos están dispoñibles na propia web do SERGAS. Os puntos dosu e catro da moción falan de reclamar do Goberno galego a inmediata reposición de facultativos nos centros de saúde do macizo central e na Mezquita, lembrando que a Xunta é consciente de que existen Centros de Saúde con prazas de difícil cobertura, que quedan vacantes ano tras ano nos concursos de traslados, e para cubri-lo, a Xunta fixo o que non fixo ningunha C.A. coa Lei 2/2022, que é posibilidade de facer esas prazas máis atractivas converténdoo nunha

categoría nova, ofertándoas en propiedade mediante un concurso sen fase de oposición e que é unha medida pioneira en todo o Estado. Lembra que tanto BNG como o PS de G-PSOE votaron en contra da Lei 2/2022 no Parlamento de Galicia e presentaron unha emenda á totalidade a mesma. O grupo de goberno desta Deputación celebra que, grazas a esta Lei aprobado cos votos do PP no Parlamento de Galicia, se puideron incorporar dezasete novos médicos á nosa provincia, en prazas de difícil cobertura. Anúnciolles ademais, que se van a cubrir proximamente, grazas a esta modificación lexislativa, seis prazas de médicos na nosa provincia. Falouse aquí tamén de infraestruturas, e concretamente do Centro de Saúde de Ribadavia, cando a reforma deste rematou xa hai un ano, cun investimento de setecentos mil euros. Ademais proximamente vanse a executar novos investimentos nos Centros de Saúde de A Rúa de Valdeorras, Mariñamansa, e no novo plan de infraestruturas se recollen obras nos Centros de Saúde de Boborás, Muiños, Montederramo e O Carballiño. Entrando xa no punto tres da moción, relativo á carencia de pediatras en Xinzo e Carballiño, sinala que se pode dicir que desde o primeiro minuto o conselleiro estivo coas plataformas afectadas e deu toda a información. O PAC de O Carballiño conta co dúas prazas de pediatras, dunha delas se xubilou a súa titular en setembro e a outra en comisión de servizos, e nestes intres a atención pediátrica estase a cubrir cun médico de familia puericultor. Non hai desatención sanitaria. Ten que haber pediatras, claro que si, pero non hai desatención. A continuación pregunta que si alguén sabe de algún pediatra que avise, e se contrata ao día seguinte, que é o que queren os pais e as nais. No Centro de saúde de Xinzo intentouse cubrir temporalmente con prolongación de xornada doutros profesionais da contorna, mentres se trata de ocupar esa praza nunha oferta pública de emprego ou concurso. O problema é que non hai pediatras, e a Xunta dentro das súas competencias, está a facer todo o posible para a cobertura destas prazas. Lembra que a nosa C.A. conta cunha das taxas máis baixas de ocupación de prazas de pediatría por médicos de familia e unha das poucas CCAA onde a atención primaria en Centros de Saúde é realizada por pediatras. Seguimos apostando polo actual sistema de atención pediátrica especializada nos Centros de Saúde e a cobertura actual é case do 90 % na nosa C.A. Que quede claro que este Grupo Provincial do PP vai a apostar sempre pola atención pediátrica, e si houbo malas políticas sanitarias das que logo falará e non se cubriron os especialistas que facían falta, é outro tema.

2ª intervención de Bernardo Varela López, do BNG, comeza indicando que unha das características da asistencia sanitaria é a accesibilidade, e que nos derradeiros anos na atención primaria está moi limitada. O cidadán atópase en situación de desvalemento para acceder á atención primaria en moitos casos, co que ten que acudir aos servizos de urxencia o que motiva moitas veces os colapsos deste e con situacións que perfectamente se podían solucionar desde a atención primaria. Non está de máis recordarlle aos xestores, cando din que o doente debe facer un uso responsable das urxencias, que o paciente non ten que saber si os síntomas que lle preocupan deben ser atendidos por un profesional ou outro. A resposta da atención primaria non debería demorarse nunca máis de dous ou tres días. O SERGAS puxo en marcha as Axendas de Calidade da atención primaria, enchéndose a boca de que con elas se ían a solucionar a maior parte dos problemas que se viñan arrastrando nos últimos anos, e como se pode demostrar co tempo, non foi así. A continuidade nas asistencias vese afectada pola saturación, e as actividades de prevención vense relegadas cando non esquecidas pola falla de tempo, a saturación dos profesionais estase a converter nunha situación crónica e da que non se albiscan solucións, e fai que moitos deles acaben buscando outras saídas profesionais. Os acordos alcanzados con organizacións sindicais sobre os horarios e xornadas dos profesionais non supuxeron un cambio substancial ou de calado para solucionar a problemática, nin a curto, nin medio, nin longo prazo. A posibilidade de investigar en atención primaria é practicamente nula. As tarefas de formación dos profesionais se ven condicionadas pola escaseza de tempo, e os profesionais da atención primaria non dan feito esa labor docente e séntense pouco valorados nela. Algúns exemplos concretos de saturación na provincia son Carballiño, Xinzo, pero tamén a lista de agarda de atención en case tódolos centros. Lembra que non se cubren as baixas dos profesionais por permisos regulamentarios ou en situación de IT, e hai moitos centros de saúde de referencia para varios concellos cun único profesional. Non hai médicos nin pediatras para cubrir prazas, e aínda así quedan prazas MIR de especialidades sen cubrir, e moitos profesionais que rematan a súa formación, rexeitan os contratos que ofrece o SERGAS, e moitos deles emigran ou van á sanidade privada. Por dar un dato, no ano 2021, dos 12 médicos de atención primaria que remataron a súa formación na nosa provincia, só tres quedaron en Ourense en atención primaria. En xuño de 2023 a lista de espera en consultas era de 108 días en Ourense por 68 no total de Galicia, en espera quirúrxica de 69 días, pero é que en 2017 era 48 días. E hai que engadir que hai consultas que directamente non se dan, como é neurociruxía, e traumatoloxía ten unha agarda

de 68 días. Os profesionais trasladan que existe un grave problema coa sanidade en Ourense, e a nosa provincia non é un lugar atractivo para o colectivo por cuestións como non facilitar o transporte ao Barco de Valdeorras, falta apostar pola formación e a simulación, non existen medios, o que provoca falta de gañas e desilusión nos profesionais. Por qué non ofrecemos como fan en Zamora, contratos blindados de 3 anos e pagando un máster de formación para fixar profesionais? Ha profesionais que levan 110 contratos asinados en catro anos e medio en servizos distintos. Esta é a realidade. Para traer e fixar profesionais fai falla implicación de todas as AAPP. É importante a financiación, pero tamén a xestión adaptada aos novos tempos. O BNG, a partir do 18, se ten a responsabilidade de gobernar, promoverá un plan de choque de 200 millóns de euros para reforzar a atención primaria.

2ª intervención de Rafael Martínez Cachafeiro, de DO, fai uso da palabra para sinalar que a continuación hai unha moción moi parecida a esta do Grupo Socialista e que isto xa parece un pleno / mitin. O día 18 de febreiro pode cambiar todo. Afirmo que está de acordo co argumentado por todas as partes intervinientes no debate, xa que todos queremos o mellor para a provincia de Ourense. A continuación sinala que a xente e as persoas deben estar por enriba dos partidos, xa que estamos nun réxime de “partitocracia”, e engade que todos os voceiros que interviñeron neste debate son meros soldados dos seus partidos e non poder facer nada porque non toman as decisións de relevancia. O tempo deste tipo de debates ten que vir despois do 18 de febreiro, porque todos queremos o mellor para Ourense, pero ningún dos que estades aquí o podedes conseguir.

2ª intervención de Aurentino Alonso Araújo, do Grupo Socialista, nesta quenda sinala que é verdade que pasaron certas cousas que se relataron da época do bipartito, pero daquela montárase unha manifestación para reclamar un anestesista, e alí estivemos os representantes do Grupo Socialista. Outro dos desleixos ou abandonos que se leva tempo reclamando é o da saúde mental, que foi considerada unha rama menor e cun lugar pouco relevante no noso sistema sanitario, se ben desde a pandemia da covid-19 tomouse unha maior concienciación sobre esta problemática. A realidade de Galicia neste ámbito asistencial é moi preocupante, cunha ratio moi baixa de profesionais da psiquiatría por habitante. Existe unha clara falla de medios e unha lista de agarda de catro meses para obter unha primeira cita, cando somo a segunda C.A. de España coa maior taxa de suicidios, que ademais son primeira causa de morte entre os mozos e mozas de 15 a 29 anos de idade, e o goberno do PP non leva a cabo ningunha política activa para tentar reverter esta grave situación. Outra cuestión relevante non

tratada é o das prazas MIR, e lembra que desde 2010 sacáranse 6795 prazas e de 2011 ao 2018 no que gobernou no Estado o PP de Mariano Rajoy o descenso foi constante, e en todo o período de goberno sacáronse 3949 prazas menos que si houbese mantido a ratio do ano 2010. A partir de 2018 o número de prazas MIR ofertadas foi de novo aumentando ata este ano na que se sacaron 2259 prazas máis.

2ª intervención de Rosendo Luís Fernández Fernández, do Grupo Popular, sinala que os datos do MIR de 2024, datos de fai uns días, en números redondos foron que de 14000 presentados pasaron 8000. É dicir, o SERGAS non pode, tendo necesidade, contratar aos 5000 que se quedaron sen praza MIR. Insiste en que Ourense segundo di o BNG non é atractivo para os profesionais, por iso o goberno galego do PP puxo en marcha a lei que permite cubrir por concurso prazas de difícil cobertura, e á que BNG e PS de G-PSOE votaron en contra. Por suposto que o goberno galego ten que pedir máis prazas MIR, pero quen as ten que autorizar é o goberno do Estado. Seguimos agardando que o Estado flexibilice o sistema que permita formar máis prazas MIR. Para facelo hai que ter as chamadas unidades docentes, e o Ministerio di que aqueles centros de saúde que non teñan alo menos catro médicos non poden ser unidades docentes. Con esta situación o 60 % dos centros de saúde de Galicia, e o 70 % da provincia de Ourense, non poden formar médicos MIR, porque non se lles acreditan as unidades docentes. Respecto aos orzamentos da Xunta de 2024, a Xunta destina máis de seiscientos millóns de euros por primeira vez para a Área sanitaria de Ourense, Verín e Valdeorras, e deles a metade para gastos de persoal. Non estamos no mal camiño. A continuación da lectura a unha noticia publicada nunha revista especializada na que fala da paradoxa da sanidade española, que ten máis médicos que ninguén, pero fallan especialistas, provocada polo embudo do MIR. Para rematar sinala que os profesionais dos centros de saúde de Galicia queren formar especialistas, pero a maioría, polo indicado non poden, e lembra que o goberno do Estado a través do Ministerio permite prolongar a vida profesional aos médicos e compatibilizala coa pensión, e que o Goberno ven de externalizar na cárcere de Teixeiro a asistencia sanitaria, o que é unha mostra evidente de que fallan profesionais.

Quenda de peche de Bernardo Varela López, do BNG, nesta quenda de peche sinala que o voceiro do PP está trabucando parte do problema, lembrando que si o 50 % das prazas MIR de primaria en Ourense quedaron sen cubrir, e si a maior parte dos que rematan a formación non quedan exercendo, ten que haber algún problema. Respecto aos investimentos lembra que Galicia é a segunda C.A. que menos inviste na atención primaria, cun continuo descenso

desde o ano 2009, deixando claro que hai unha aposta e non é pola atención primaria, iso é evidente. Agradece o labor das plataformas, da cidadanía e dos profesionais na defensa da sanidade pública, porque é a sanidade de todos. Por último da lectura ás proposta de acordo da súa moción: O Pleno da Deputación Provincial de Ourense asume a apoia as seguintes demandas: 1º.- Denunciar diante da Xunta de Galicia a vulneración de dereitos que sofren as e os ourensáns por ter a maior lista de agarda de toda Galicia. 2º.- Esixir do SERGAS que na área sanitaria de Ourense, Verín e Valdeorras se aborden os problemas estruturais dos hospitais e das especialidades con maiores problemas de funcionamento, avaliando medidas para a atracción de persoal e abordando as melloras necesarias. Así como a construción e/ou reformas dos centros de saúde comprometidos: Vinteún, Mariñamansa, Ribadavia e A Rúa. 3º.- Instar ao Goberno galego á posta en marcha sen máis dilación do Plan de mellora de atención primaria e a resolver de inmediato as carencias do servizo de pediatría nos centros de saúde do Carballiño e Xinzo de Limia. 4º.- Reclamar do Goberno galego a inmediata reposición de facultativos nos centros de saúde do macizo central e na Mezquita, para unha correcta atención á cidadanía. Así como dotar os PAC de equipos parellos “médico/a-enfermería” evitando que o servizo de enfermería teña que atender múltiples servizos de medicina, como ocorre no Carballiño, Ribadavia e Celanova. 5º.- Que a Xunta de Galicia modifique o mapa de transporte sanitario, incluíndo a dotación dunha ambulancia do SVA para a comarca de Valdeorras e reforzo noutras comarcas onde o servizo e os medios materiais e humanos é deficitario. 6º.- Reclamar ao Goberno galego e ao estatal o aumento e apertura de prazas en medicina e MIR.

Intervención do Sr. Presidente para apuntar que na xunta de portavoces se propuxo a votación por puntos e que o BNG se negou a modificar nin unha coma da súa proposta, é que o Grupo do PP por iso se ve obrigado a presentar a emenda, porque non houbo posibilidade de negociación.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 2º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 12º](#)

Non se producen máis intervencións e a Presidencia, en primeiro lugar, somete a votación a emenda presentada polo Grupo Popular, que é aprobada ao obter o voto favorable do Grupo Popular (11) e de DO (1), e o voto en contra do Grupo Socialista (6) e do BNG (3).

A continuación somete a votación a moción presentada polo BNG, que é rexeitada ao obter o voto favorable do Grupo Socialista (6), do BNG (3) e de DO (1) e o voto en contra do Grupo Popular (11).

Como consecuencia do anterior, o Pleno adopta o seguinte acordo:

1. O pleno da Deputación reclama o Ministerio de Sanidade que faga efectivas as medidas incluídas no “Manifesto de conselleiros de sanidade”, en materia de atención primaria, apoiado pola maioría dos gobernos autónomos e pola maioría do Congreso dos Deputados, que inclúe reformas que permitirían incrementar en 1.000 as prazas formativas anuais de medicina de familia en toda España nos vindeiros anos para afrontar o relevo xeracional na atención primaria.
2. Instar ao Ministerio de Sanidade a que flexibilice o sistema de acreditación dos centros de saúde para poder crear mais prazas de formación, tal como lle solicitaron sete gobernos autonómicos, xa que coa rixidez da regulación actual, esta impedindo o 70% dos centros de saúde galegos a formación de médicos de atención primaria.
3. Instar a Xunta de Galicia a demandar do Goberno de España o cumprimento do mandato parlamentario que lle aprema a adoptar estas medidas, trala aprobación dunha resolución no Congreso dos Deputados nese sentido.
4. Instar o Goberno de España a modificar o sistema de elección de prazas M.I.R. para que as persoas aspirantes coñezan en tempo real as prazas dispoñibles.

13º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA PARA GARANTIR UNHA SANIDADE PÚBLICA DIGNA, SUFICIENTE E DE CALIDADE PARA TODA A VECIÑANZA DA PROVINCIA DE OURENSE, INDEPENDENTEMENTE DO SEU LUGAR DE RESIDENCIA

A esta moción presentou unha emenda o Grupo Popular. O Sr. presidente cédelle a palabra ao Grupo Socialista para que expoña o contido da moción.

1ª intervención de Elvira Lama Fernández, do Grupo Socialista, manifesta que esta primeira quenda queren cederlla á plataforma Loita Pediátrica no Carballiño.

Intervención de Carlos Nemesio Crespo Filquiera. Son Carlos, pai e veciño do Carballiño, polo tanto, ourensán, e veño participar a través da palabra, aínda que sexa escrita sobre o papel, porque falarei en nome de todos e todas as compañeiras e compañeiros que forman parte deste movemento de acción polo benestar de todas as veciñas e veciños da nosa

bisbarra, pois a nosa bandeira non é outra que a de defender e, na medida das posibilidades e capacidades de quen se atope en situación de oportunidade, para poder facelo, optimizar, mellorar, non só manter, un servizo público de saúde nas condicións que, algún día, fomos quen de chegar a ter e hoxe, de xeito tan alarmante como palmario, por desgraza non o temos. Centrándonos no tema específico da área de atención pediátrica, hoxe, 4 meses e 26 días desde que se xubilou Conchita, a derradeira pediatra que asistiu a algún dos máis de 2.300 cativos da nosa zona de cobertura. Agradecer aos representantes dos cidadáns desta provincia, que tiveron a ben manter con nós a bandeira nesta reclamación, que non é outra que a procura, o cumprimento e máis o interese xeral, de ofrecer a tod@s @s que conformamos a nosa provincia, este espazo, esta fiestra de oportunidade, na sede da soberanía ourensá, para dar un paso máis no noso camiño de acadar unha asistencialidade para cando chegue o día que nos atopemos enfermas e enfermos, porque chegará, e chegado o momento, este sexa resolto, cuberto, satisfeito, servido con garantías, en tempo e máis en forma, polo tanto, grazas por concedernos visibilizar a nosa causa, a nosa reclamación e demanda polo ben común, que é tamén e como non debe ser doutro xeito, de toda a ourensanía. Desde hai moitos meses, na bisbarra do Carballiño, estase a padecer un continuo desmantelamento da sanidade pública, como o servizo de xinecoloxía, matrona, saúde mental, así como a ausencia de medios técnicos, por exemplo a obsoleta máquina do servizo de radioloxía pero, sen dúbida, o máis preocupante, resulta o pésimo e case que nulo servizo pediátrico. Volvo lembrar hoxe, 4 meses e 26 días, desde que se xubilou Conchita, a derradeira pediatra na nosa área de atención. No centro de saúde contábamos con dúas pediatras en horario de 8 a 15, unha delas solicitou traslado por comisión de servizos e a outra, xubilouse, e os problemas comezaron cando nos seus postos de traballo quedou un só puericultor, de 9 a 13, isto é, 20 horas semanais de atención para 2.300 cativos. O 14 de novembro constitúise en asemblea veciñal, a plataforma en defensa da sanidade pública do Carballiño, para paliar ese déficit asistencial, onde temos preto de 500 veciñ@s cun obxectivo común: dous pediatras con destino definitivo e un pediatra en atención pola tarde. No mes de decembro, engádeselle ao servizo unha puericultora máis, para cubrir as vacacións do puericultor, aínda que entre trámites administrativos e baixas médicas, quedamos varios días sen servizo nunhas datas de moita incidencia e infeccións bronco-respiratorias. A día de hoxe, tras 8.541 sinaturas, dúas mobilizacións e unha reunión coa máxima representación da Consellería de Sanidade e máis coa xerencia da área sanitaria de Ourense, contamos con dous puericultores e o compromiso

de xeito verbal, en portas duns comicios autonómicos, de que no prazo dun mes e medio, como moito, dous meses, teremos unha pediatra, de xeito definitivo e que a finais de ano, convocarán outro concurso de méritos. Entendemos desde a plataforma que resultan medidas de todo insuficientes, porque demandamos e necesitamos dous pediatras, e necesítámoslos xa, porque os 2.300 cativos da bisbarra seguen a estar sen a asistencia pública sanitaria que precisan, e á que teñen dereito. Desde a plataforma, cremos con rotundidade e de xeito decidido, que é o momento de por fin a unha situación tan grave. Non queremos ter ningunha cor política, somos conscientes de que o problema veu desde a política e a solución, necesariamente, terá que vir desde a política, a mellor ferramenta para serlles útiles aos cidadáns, que, en definitiva, somos tod@s, por iso, na sede da soberanía ourensá, diante de todos os representantes, dicirlles que é o momento, fáganse merecedores de representar a loita e máis a procura polo interese xeral, polo ben común de tod@s @s ourensáns, sen cores, sen excepcións, sexan valentes e resolutivos no servizo público, apoien a nosa causa, porque é a de tod@s para tod@s, por iso solicitamos que o pleno da Deputación apoie de xeito decidido e firme todas e cada unha das nosas accións, porque serven desde nós, tamén para tod@s. Di que a xerencia, na reunión que tiveron, manifestou que ían sacar a comisión de servizos para o segundo pediatra, porque seica esa praza xa está sacada desde novembro.

1ª intervención de Rafael Martínez Cachafeiro, de DO, intervén para sinalar que é de mala educación facer emendas de modificación, e que neste caso o que debería facer o Grupo do PP e presentar a súa propia moción. Todos queremos o mellor para a provincia de Ourense, e estamos aquí falando do mesmo, pero a solución a imos ter o 18 de febreiro e o mellor voto para que a provincia de Ourense saia adiante, empregando a “teoría de juegos” de John Nash e John Newman, que di que a elección óptima é cando custes e beneficios de cada opción dependen das eleccións de outros individuos. Así, gañe quen gañe dos vossos partidos, o resultado vai a ser o mesmo, xa que os aquí presentes non teñen capacidade para impoñer o seu criterio e Ourense seguiría estando como está. A solución é moi sinxela, votar a Democracia Ourensana, para que poida ser chave da Xunta de Galicia, e poder facer o que fan os cataláns e vascos para traer para a nosa provincia que nos dean todo o que nos deben.

1ª intervención de Bernardo Varela López, do BNG, nesta primeira intervención sinala que o problema é que estamos a falar de sanidade, e si temos tantas plataformas de demandas da

ciudadanía na nosa provincia, ao mellor é que realmente hai unha problemática na nosa provincia. Sinala que hai moita xente que rexeita ser operada en centros concertados e prefire os centros públicos, e que esta xente é retirada das listas de agarda. É certo que temos un problema moi serio e nesta provincia se perden habitantes ano tras ano, e hai que poñer chanzos para tratar de resolver o problema, e a sanidade xoga un papel fundamental. Parece que estamos indo cara un modelo de asistencia sanitaria no que se deteriora a pública en beneficio dos seguros privados. Esta é a realidade coa que xogamos. O PP incide en que isto vai ben, pero temos que conseguir que os sanitarios queiran quedarse na nosa provincia. Para formar un médico tópanse dez anos, e coa lei que aprobou o PP desincentiva que os profesionais se formen en MIR, polo que existen moitos factores que desequilibran o sector sanitario. Non existe unha oferta de calidade no traballo para os profesionais, médicos e enfermeiros, e iso desmotiva que a xente se queira quedar en Ourense. Non se pode facer formación en espazos con menos de catro profesionais, pero é certo que máis da metade dos que se forman vanse da nosa provincia, polo que a solución non é só esa. Existe ademais un problema coa Xerencia da nosa área sanitaria, xa que hai profesionais que se senten maltratados, e é un tema político. Para rematar, sinala que el está en política para dignificala, ten que servir para dar solucións á cidadanía, e o 18 de febreiro pide que a cidadanía nos esixe, e se tomen as decisións que se consideren mellores para a nosa sociedade.

1ª intervención de Rosendo Luís Fernández Fernández, do Grupo Popular, comeza lembrando que o Consello de Contas de Galicia deixou moi claro o papel do bipartito cos centros concertados, polo que pide a BNG e PSOE que non teñan un discurso na oposición e outro cando gobernan, e que sexan coherentes. Sobre a mención a que non hai un estudo serio sobre as necesidades de MIR, lembra que a súa emenda no punto terceiro propón precisamente instar ao Goberno de España a que asuma o compromiso pendente de creación dun rexistro estatal de profesionais sanitarios para prever os déficits de profesionais no futuro. Tamén quere agradecerlle ao Grupo Provincial Socialista porque teñen representación no Parlamento de Galicia veñen a traer este debate ao Pleno da Deputación Provincial. Engade que é certo que durante as festas de Nadal pasaron polas urxencias 20000 ourensáns, pero que o sistema sanitario deu resposta axeitada e funcionou. Insiste en preguntar porque votaron non á Lei 2/2022 tanto BNG como PS de G-PSOE, xa que non deron resposta. O déficit de médicos de familia e de pediatras é de toda España, non do PP. Neste senso lembra noticias en prensa da

C.A de Extremadura ou de Asturias, todas elas gobernadas polo PSOE. Sinala que no derradeiro ano viñeron 10 médicos MIR doutras CCAA a traballar a Galicia, polo que o saldo neste punto sae positivo. Insiste en que estamos diante dun problema global de falta de especialistas e que hai que reformar o sistema do MIR. En pediatría existe paro “0” e tendo todo o dereito a que todos os nenos teñan atención pediátrica, España é dos poucos países de Europa que presta atención pediátrica en atención primaria. Por último lembra que o Conselleiro de Sanidade está moi pendente deste asunto e reuniuse cos afectados, e sobre as plataformas sanitarias, agradecendo o seu traballo, pide velos tamén por aquí fóra da campaña electoral.

2ª intervención de Elvira Lama Fernández, do Grupo Socialista, comeza agradecendo o traballo das plataformas de Xinzo e O Carballiño e lembra que levan xa desde outubro coas súas reivindicacións, e dálle as grazas por estar hoxe aquí, e defender os dereitos dos seus fillos e fillas. Sinala que profesionais sanitarios están maltratados e precarizados, en moitos casos con contratos de días e meses e con malas condicións para prestar os seus servizos. O 60% dos profesionais do SERGAS non teñen contrato fíxo. Os anos de goberno do PP en Madrid foi cando menos prazas MIR se ofertaron, e eses datos non se poden discutir. Sobre a Lei 2/2022 para cubrir prazas de difícil cobertura á que tanto se aludiu neste debate, sinala que na OPE do 2023 do SERGAS, para médicos de familia, se convocaron 271 prazas, 126 libres, 132 por promoción interna e 13 para discapacidade, mentres que de pediatría, ningunha. Polo procedemento previsto nesta Lei 2/2022 convocáronse 12 de pediatría, e presentáronse a esta oferta 75 pediatras, polo que sinala que os pediatras para contratar están aí, con nomes e apelidos. Faltan pediatras na provincia e no resto do territorio galego, e o goberno do PP apenas oferta prazas de medicina de familia nin de pediatría, e continúan recortando na nosa sanidade pública, na que faltan moitos especialistas e medios. Os fillos e fillas da xente que está aquí sentada queren solucións reais aos seus problemas.

2ª intervención de Rafael Martínez Cachafeiro, de DO, nesta quenda afirma que estamos en certa forma enganado á xente porque este non é o foro nin o lugar para debater sobre isto. Sobre dignificar a política, sinala que non se debe utilizar á xente para conseguir votos, e que o único que deu unha solución foi el. Lembra que os seus partidos decidiron que BNG e PSOE estean na oposición nesta Deputación. Somos unha provincia discriminada, pero vos e

os vosos partidos non podedes facer nada, pero si somos chave na Xunta de Galicia o imos a pedir absolutamente todo.

2ª intervención de Bernardo Varela López, do BNG, sinala que uns preferimos debater de sanidade e a outros vailles máis a “Panorama”. A sanidade é un problema que preocupa moito á cidadanía e precisamente estamos aquí para iso, para tentar solucionar os seus problemas. Estou de acordo en que os problemas veñen de atrás, xa que aproximadamente o 50% dos profesionais sanitarios se van xubilar neste década e non hai relevo, e lembra tamén a escasa oferta MIR nos mandatos do PP con maioría absoluta no goberno do Estado. Lembra que nun período de seis anos quintuplicouse o período de agarda para especialistas na nosa provincia, sendo dramática en especialidades como oftalmoloxía, traumatoloxía ou neurocirurxía. Temos un problema, e debemos aceptar que o hai, para entre todos e todas poder buscarlle unha solución.

2ª intervención de Rosendo Luís Fernández Fernández, do Grupo Popular, sobre as plataformas, pídelle que para ser máis creíbles veñan tamén fóra de campaña, e enriba veñen aquí persoas que van en listas políticas, polo que pide que sexan máis creíbles. O 90% dos médicos xubilados que poden compatibilizar pensión con salario seguen traballando, polo que non deben estar moi maltratados. Insiste en preguntar porqué os internos das prisións teñen a asistencia sanitaria externalizada, polo que pregunta se é que non teñen dereito á sanidade pública, ou se non se denuncia porque depende do Goberno central. Igual que Ceuta e Melilla, que teñen a peor taxa de médicos por habitante, e son tamén xestionadas polo Goberno Central. Existe falta de pediatras en todo o Estado, e é un problema global. Hai un déficit de especialistas con acreditación MIR, e non se pode traballar na sanidade pública sin o MIR, e é o Estado o que debe ampliar as prazas, lembrando que na última convocatoria quedaron máis de 5000 profesionais fóra.

Quenda de peche de Elvira Lama Fernández, do Grupo Socialista, sinala que PP e PSOE defenden modelos distintos, e que eles apostan por unha sanidade pública e de calidade. Os propios médicos de familia e os pediatras saben que son as especialidades menos atractivas porque non se poñen enriba da mesa os incentivos necesarios para que escollan esta disciplina na nosa provincia. Os pais e nais que están aquí non queren para os seus fillos máis que os

atenda un pediatra a tempo completo. Para rematar dá lectura ás propostas de acordo da súa moción nas que pide que a Deputación de Ourense esixa ao Goberno Galego a adopción urxente e inmediata de todas as medidas necesarias para garantir a prestación dunha atención sanitaria digna, suficiente e de calidade para todas as veciñas e veciños das áreas sanitarias de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras, independentemente do seu lugar de residencia. Que a Deputación de Ourense se implique en primeira persoa para esixir á Xunta de Galicia que, alén de parches e coberturas provisionais de facultativos doutras áreas, adopte as medidas precisas para a reposición inmediata dos servizo de pediatría e atención especializada alí onde a situación é máis urxente, como no Carballiño, Xinzo de Limia e O Barco de Valdeorras. Que a Deputación de Ourense se implique en primeira persoa para esixir á Xunta de Galicia modificacións nas provisións de transporte urxente do 061 para dispor ambulancias medicalizadas con soporte vital avanzado no Barco de Valdeorras e Verín, e reforzos de ambulancias medicalizadas noutras comarcas da provincia como O Ribeiro e O Carballiño. Que a Deputación de Ourense reclame á Xunta de Galicia a mellora global da dotación en recursos humanos e materiais do Sistema Público de Saúde de Galicia, que contemple a incorporación progresiva de profesionais sanitarios e especialistas para cubrir as necesidades certas dos diferentes establecementos hospitalarios, PAC e centros de saúde da provincia de Ourense.

Intervención do Sr. Presidente na que afirma que os propoñentes se negaron a votar por puntos ou modificar as mocións, polo que non poden admitir todo, e por aí a razón das emendas. Este debate tiña que ter lugar no Parlamento de Galicia, pero prodúcese aquí porque estamos en eleccións, e iso tamén se nota nas persoas que veñen nas plataformas, onde figuran candidatos dos partidos propoñentes das mocións. Insiste en que todos os contratados polo SERGAS teñen que ter o MIR e o problema é que se deixan 5000, 6000 ou 7000 prazas sen cubrir. A clave é aumentar o número de prazas MIR, e pediuse desde diferentes CCAA, e non se aceptou e non se convocou por parte do Estado. Por último sinala que sobre os recortes aludidos, só hai que ver o orzamento do SERGAS ano tras ano, así como as infraestruturas que se van facendo nos derradeiros anos. Todos queremos o mellor para a sanidade, e temos responsabilidades todos.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 13º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 13º](#)

Non se producen máis intervencións e a Presidencia, en primeiro lugar, somete a votación a emenda presentada polo Grupo Popular, que é aprobada ao obter o voto favorable do Grupo Popular (11) e de DO (1), e o voto en contra do Grupo Socialista (6) e do BNG (3).

A continuación somete a votación a moción presentada polo Grupo Socialista, que é rexeitada ao obter o voto favorable do Grupo Socialista (6), do BNG (3) e de DO (1) e o voto en contra do Grupo Popular (11).

Como consecuencia da votación anterior, o Pleno adopta o seguinte acordo:

- 1.- O pleno da Deputación reclama o Ministerio de Sanidade que faga efectivas as medidas incluídas no “Manifesto de conselleiros de sanidade”, en materia de atención primaria, apoiado pola maioría dos gobernos autónomos e pola maioría do Congreso dos Deputados, que inclúe reformas que permitirían incrementar en 1.000 as prazas formativas anuais de medicina de familia en toda España nos vindeiros anos para afrontar o relevo xeracional na atención primaria.
- 2.- Instar a Xunta de Galicia a cobertura das prazas de pediatría vacantes, a través das convocatorias necesarias, tal como xa o ven facendo, para que segundo haxa pediatras dispoñibles no mercado laboral, poida contratalos.
- 3.- Instar ao Goberno de España a que asuma o compromiso pendente de creación dun rexistro estatal de profesionais sanitarios para prever os déficits de profesionais no futuro.
- 4.- O Pleno da Deputación acorda dar traslado destas medidas a Consellería de Sanidade, dependente da Xunta de Galicia e ao Ministerio de Sanidade, dependente do Goberno de España.

14º.- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR PARA PALIAR OS INCUMPRIMENTOS NO 2023 E EN XERAL NA XIV LEXISLATURA DO GOBERNO CENTRAL COA PROVINCIA DE OURENSE NO QUE SE REFIRE AO ESTADO DAS ESTRADAS.-

A esta moción presentou unha emenda Democracia Ourensana. O Sr. presidente cédelle a palabra ao Grupo Popular, para que expoña o contido da moción:

1ª intervención de Ana Patricia Torres Madureira, do Grupo Popular, na que indica que Ourense é, sen dúbida algunha, un territorio privilexiado en canto á súa situación xeográfica, o que debería permitir un crecemento exponencial dos asentamentos de poboación así como

empresariais. Conta tamén a nosa provincia co Parque Empresarial máis grande de Galicia, así como tamén co Parque Tecnolóxico de Galicia. Isto, como non debería ser doutra maneira, ten que favorecer a nosa economía e a nosa sociedade pero, para iso, as promesas teñen que ser realidades, cuestión que o Goberno Central non está a ter en conta. Tamén é certo que precisamos un tratamento positivo, tendo en conta o envellecemento da poboación e a necesidade de implementar políticas demográficas activas para cambiar a tendencia de caída poboacional e, para iso, -entre outras cousas como os servizos básicos de calidade, a mellora das conexións da redes, telefonía e internet, así como programas enfocados ás familias, ás persoas maiores, á vivenda e ao traballo-, as comunicacións son unha parte esencial, para que se melloren os tempos de conexións e desprazamentos e, ademais, garantindo a seguridade dos condutores. No que vai de ano, e moito máis agora coa chegada das baixas temperaturas, nos medios de comunicación recóllense practicamente a diario incidentes ocasionados nas estradas de titularidade estatal que discorren pola provincia a consecuencia do mal estado destas.

Esta competencia correspóndelle ao Estado, e polo tanto debe cumprir coas súas obrigas e non deixar abandonada desta maneira a súa seguridade. Así, son moitas as promesas que se lle fixeron á provincia de Ourense en materia de estradas, pero a verdade é que a día de hoxe estes compromisos están incumpridos. Como son as que a continuación detallamos: As obras paralizadas do tramo da A-56, Eirasvedras – Quintela da Variante Norte de Ourense e o segundo tramo Quintela – coa N-120 – Enlace de Casilla coa N-525. - Seguen sen concluír a redacción dos proxectos de construción dos tramos da A-56: Ourense (A Casilla) – Cambeo e Cambeo – Sanmartiño. -Obras de construción da autovía A-76 (Ourense – Ponferrada). - Retraso na execución das obras Conexión entre a N-120 e a N-536. - Retraso nas obras de Mellora da seguridade viaria na N-120. - N-525, no termino municipal de Coles. -A autovía das Rías baixas que presenta un gran grao de deterioro que é constatado por transportistas e condutores de todo tipo de vehículos. -O mal estado da N- 541. En virtude de todo o exposto, o Grupo Provincial Popular propón ao Pleno os seguintes **ACORDOS**: 1. Instar ao Goberno Central a reactivar as obras, que levan paralizadas 18 meses, do tramo da A-56, Eirasvedras-Quintela da variante Norte de Ourense. 2. Instar ao Goberno Central a finalizar a redacción do proxecto de construción da Variante de Ourense. Tramo: Enlace de Quintela coa N-120 no seu P.K. 572,00 – Enlace de A Casilla coa N-525 no seu P.K. 241,20, e a licitar as obras no ano 2024. 3. Instar ao Goberno Central a rematar no ano 2024 a redacción dos proxectos de

construción dos tramos da autovía A-56: Ourense (A Casilla) – Cambeo e Cambeo – Sanmartiño. 4. Instar ao Goberno Central a licitar no primeiro semestre do ano 2024 as obras de construción do tramo da autovía A -76 (Ourense-Ponferrada) entre Villamartin da Abadía – Requejo e a rematar neste mesmo ano a redacción do proxecto do tramo entre A Veiga de Cascallá e o Barco de Valdeorras. 5. Instar ao Goberno Central a recuperar o enorme retraso de máis de 15 meses na execución das obras do vial de conexión entre as estradas N-120 e N-536. Tramo: Sobradelo – O Barco de Valdeorras. 6. Instar ao Goberno a licitar no primeiro de 2024 as obras de “Mellora de seguridade viaria na N-120, implantación de carrís entre os PP.KK 548+800 e 546+000, dende Os Peares/alto da Guítara ata Ourense. 7. Instar ao Goberno a por en marcha de modo inmediato un plan integral, de conservación e mantemento da N-12 na provincia de Ourense, coa habilitación de partidas orzamentarias plurianuais para así solucionar a problemática nos firmes, así como un programa de xestión preventiva de elementos como muros, pendentes e obras de paso”. 8. Instar ao Goberno a licitar no ano 2024 as obras do proxecto de construción do enlace completo da N-120 en A Rúa de Valdeorras entre os PP:KK 465+750 e 466+360 que leva 9 anos pendente. 9. Instar ao Goberno a licitar en 2024 as obras de mellora da seguridade viaria na intersección de Ribela, construción dun enlace e reordenación de accesos na estrada N-525 Km 244+368. T.M. de Coles. 0. Instar ao Goberno a incrementar as partidas orzamentarias destinadas á conservación integral da Autovía das Rías Baixas, A-52, para solucionar as notables deficiencias que presenta o firme en moitos dos seus quilómetros. 11. Instar ao Goberno de España a intervir coa maior urxencia na mellora integral da N-541. E ordenar un estudo sobre a viabilidade de unha autovía entre Pontevedra e O Carballiño, e a posibilidade de unha vía de Alta Capacidade entre ambas localidades para conectar con garantías ambas provincias.

Sobre a emenda presentada por DO indica que é unha clara mostra de oportunismo político, xa que desvirtúa claramente a moción inicial, e se refiren practicamente todas as peticións á cidade de Ourense, esquecendo ao resto da provincia.

1ª intervención de Rafael Martínez Cachafeiro, de DO, fai uso desta quenda para apuntar que sempre se nos critica que traemos orquestras, e é algo que persoalmente me doe, xa que eu son músico, e unha das industrias máis importantes da cidade, que é a hostalaría, está desbordada pola promoción que fai o Concello de Ourense, e creo que iso é moi positivo. Respectemos a todas as persoas, incluso aos músicos. Sobre a nosa emenda, indica que é de

adición, non de substitución. Aquí volvemos ao mitin político, porque PP, PSOE e BNG unicamente se botan as culpas. Por último procede a dar lectura á súa emenda. Para rematar lembra que moitísimas rúas da cidade son de titularidade estatal ou autonómica, non municipal.

1ª intervención de Xosé Manuel Puga González, do BNG, con carácter previo quere matizar que parece electoralista debater unha moción sobre a sanidade, preguntando que pasa entón cunha moción sobre estradas de titularidade estatal, e se isto non é electoralismo. Comeza indicando que as políticas sobre as estradas deben depender da nosa capacidade de autogoberno, e sen prexuízo diso, o BNG está de acordo coas propostas que figuran na moción do PP e coas da emenda de engádegas de DO. A lista de demandas da nosa provincia é enorme e nós, por exemplo, engadiríamos sete peticións máis: os pasos de Peliquín e Tarascón, o de Ramón Puga que dá acceso a Barrocás, a conclusión da AG-31 de Celanova a Portugal, a OU-533 Petín – A Gudiña, a conexión cos polígonos empresariais ou a estación de mercadorías no polígono e os viarios de acceso, ou o acceso ao CHUO. Ao marxe destas, o preocupante é que Ourense ten que reivindicar ser cidadáns de primeira, porque tanto Estado como Xunta só fan pequenos parches e remendos, como os catro exemplos que vou citar. O primeiro é a OU-536 na ponte de Xunqueira de Espadanedo, onde o problema é que, ante unha chapuza descomunal, habería que facer o saneamento desa ponte, e non botar o asfaltado por enriba. A AXI debería revisar esta obra. Outro é na estrada 540 na conexión coa A-52 no concello de Barbadás, onde estiveron colocadas unhas balizas durante tres anos, e ante unha pregunta que fixo o BNG, a Xunta de Galicia recoñeceu que a configuración inicial en “T” non era operativa e había que facer unha glorieta, preguntando entón porque se fixo a obra inicial cunha intersección en “T”.

1ª intervención de Álvaro Vila Araújo, do Grupo Socialista, comeza a súa intervención sinalando que as referencias da Presidencia ao electoralismo entendeu que se referían a esta moción precisamente. E o mesmo sobre as verbas da voceira do PP respecto á emenda de DO, que entende que se debe referir ás emendas de substitución que presenta o propio PP. A continuación explica que despois de escoitar o que se dixo hoxe, o Grupo Socialista vai apoiar tanto a moción do PP como a emenda de DO. E agora vai a explicar porqué. Sinala que van a facilitar esta moción porque sempre ten que ser o Grupo Socialista o que estea a altura das

circunstancias, que quedou moi claro despois do bochorno que fixo o Grupo do PP ao non apoiar as mocións relativas á sanidade pública que se trataron neste Pleno. Engade que o Grupo Socialista empatiza coas peticións dos pais da Limia que ao non ter pediatra teñen que vir ás urxencias do CHUO por unha A-52 en mal estado. Como non van votar a favor de que pais e nais de concellos como O Irixo, Boborás ou Beariz teñan que transitar pola N-540 en mal estado, para ir ao Carballiño ao pediatra, e como non hai e non os atenden, teñen que continuar ata as urxencias do CHUO, que atoparán colapsadas. Como non vamos a favor de que os veciños do Macizo Central vexan melloradas as súas comunicacións, sobre todo cando teñan que acudir a Maceda ao pediatra, iso si, enfermado as horas que di o SERGAS. E os veciños do Oriente ourensán, onde se está desmantelando o seu hospital, e para unhas simples consultas ou revisións médicas, ou unha urxencia, teñan que percorrer a distancia ata Ourense pola estrada nacional. Igual sucede cos veciños de Lobios, Bande, Entrimo ou Muíños que teñen que percorrer diariamente a OU-540, ou cos veciños da comarca de Verín, ou os de Ourense que precisan dunha cirurxía pediátrica e teñen que desprazarse a Vigo pola A-52, pois o PP coa súa política de desmantelamento da sanidade pública pechou a cirurxía pediátrica no CHUO. Os socialistas temos claro que en Galicia co goberno do PP é máis sinxelo construír 100 quilómetros de autovía que cubrir unha praza de pediatria. Remata indicando que o seu grupo socialista votará a favor tanto da moción como da emenda.

2ª intervención de Ana Patricia Torres Madureira, do Grupo Popular, comeza sinalando que o BNG fártase de dicir que as estradas estatais deben ser gratuítas, e lembra que fixeron presidente a Pedro Sánchez e aínda non conseguiron nada nesta materia nin para Galicia nin para Ourense. Sobre a obra da AXI na ponte de Xunqueira sinala que o problema está claro, pero que hai que seguir os procedementos administrativos. Sobre a intervención do Grupo Socialista sinala que no Concello do Barco de Valdeorras o PSOE votou en contra da moción do PP para a mellora da N-120, e que o alcalde se escusou en que adoptar acordos que dependen na súa execución doutra administración non é práctico. Fala vostede de que é unha moción electoralista, pero ela lembra que as eleccións do 18 de febreiro son autonómicas, e esta moción se dirixe ao Estado e non á Xunta de Galicia. Respecto ás emendas do PP xa quedou claro que non se permitiu a votación por puntos, polo que non había outra alternativa. Finalmente aclara que ela é nai na comarca do Carballiño e se pide cita hoxe, que é venres, se dan citas para o vindeiro luns, e así se pode constatar entrando na aplicación. Lembra que

cando se fixo o pacto de Pedre o Delegado do Goberno do PSOE foi o primeiro en acusar de electoralismo, pero lembra que non había eleccións nesa data.

2ª intervención de Rafael Martínez Cachafeiro, de DO, comeza sinalando que a rúa Marcela Macías é de titularidade autonómica, non municipal. Sinala que se fose do PP a quen non votaría nunca sería a Alfonso Rueda, e agarda que non sexa presidente da Xunta porque opina que será un presidente nefasto. Cando estivo facendo campaña en Ourense prometeu “estabilidade e tranquilidade”, cando Ourense precisa, investimentos e apoio económico, polo que considera as súas verbas un insulto a todos os ourensáns.

2ª intervención de Xosé Manuel Puga González, do BNG, en primeiro lugar sinala que dos catro parches que tanto Estado como a Xunta fixeron na nosa provincia, aínda lle quedaron dous por nomear. Así precisa que os problemas en Marcelo Macías son producidos pola Xunta de Galicia, que era a titular desa vía, e que fixo unha obra que foi unha chapuza, pero que unha vez recepcionada é propiedade do concello. Neste senso lembra un informe dos servizos municipais do concello que pedían a non recepción da obra polas deficiencias que presentaba, e nin Xunta nin concello fixeron caso, e agora faise necesario unha reforma de calado de toda a rúa. O outro tema é o de Otero Pedrayo, que era da Xunta de Galicia, pero que unha vez recepcionada é de titularidade municipal, e agora todos se unen ao que pediu sempre o BNG, que é que fose soterrada. Na orixe do debate, na moción do PP, convén lembrar que isto non é cousa dos últimos anos. Lembra que o deputado popular Celso Delgado, que leva moitísimos anos de deputado, foi presidente da comisión de infraestruturas entre 2012 e 2016, e pregunta cantas iniciativas se fixeron na nosa provincia. Lembra tamén que Ana Pastor foi Ministra de Fomento, e durante esa época foi cando menos investimentos do Estado se fixeron na provincia de Ourense.

2ª intervención de Álvaro Vila Araújo, do Grupo Socialista, comeza sinalando que Celso Delgado foi deputado moitísimos anos e en varias lexislaturas, e a súa única aportación foi a prórroga da AP-9 para que os galegos sigamos pagando peaxes ata 2048. Parece que ao PP lle molesta que o Grupo Socialista vote a favor desta moción, pero é que nos podemos sacar estradas desta Deputación que están en moi mal estado, e sabemos que vostedes non van facer nada, igual que a Xunta de Galicia, que nin está nin se lle espera, pero o goberno do Estado si

vai responder. Lembra por último que o bipartito da Xunta en só catro anos fixo a estrada de Maceda, a AG-31 e suprimiuse a peaxe de Lalín a Ourense.

Quenda de peche de Ana Patricia Torres Madureira, do Grupo Popular, pregunta que é Pepe Blanco que tamén foi ministro, de Lugo, do PSOE, e pregunta que fixo por Ourense. Estaba claro que este Pleno viña vir marcado polas eleccións autonómicas, e chama a atención a intervención do voceiro do PSOE, e o que debe quedar claro é que o Estado incumpre con Ourense, porque as reclamacións que van na moción levan moitos anos de reclamacións e non se ten feito nada e ten as súas principais estradas totalmente abandonadas, mentres a Xunta de Galicia si que cumpre. Para rematar sinala que co ánimo da busca da unanimidade van votar tamén a favor da emenda de DO.

Intervención do Sr. presidente, na que precisa que todos debemos xogar coas mesmas armas nas mocións, que eran claramente políticas, polo que se trouxo unha moción relativa ao que entendemos son incumprimentos graves do Estado. Sobre a perda de poboación da provincia lembra que no día de onte precisamente se aprobou o programa ChegOu, no que se incrementan as zonas prioritarias que van ter un importe maior de axuda por nacemento. Para rematar e polo bo entendemento van aceptar as engádegas de DO e votar a favor desa emenda, todo sexa por apoiar as reclamacións a favor da nosa provincia de Ourense.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 14º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace [ver punto 14º](#)

Non se producen máis intervencións someténdose a votación a emenda de DO, que é aprobada por unanimidade. Seguidamente sométese a votación a moción que tamén é aprobada por unanimidade, polo que o Pleno adopta o seguinte acordo:

- 1.- Instar ao Goberno Central a reactivar as obras, que levan paralizadas 18 meses, do tramo da A-56, Eirasvedras- Quintela da variante Norte de Ourense.
- 2.- Instar ao Goberno Central a finalizar a redacción do proxecto de construción da Variante de Ourense. Tramo: Enlace de Quintela coa N-120 no seu P.K. 572,00 – Enlace de A Casilla coa N-525 no seu P.K. 241,20, e a licitar as obras no ano 2024.
- 3.- Instar ao Goberno Central a rematar no ano 2024 a redacción dos proxectos de construción dos tramos da autovía A-56: Ourense (A Casilla) – Cambeo e Cambeo – Sanmartiño.

- 4.- Instar ao Goberno Central a licitar no primeiro semestre do ano 2024 as obras de construción do tramo da autovía A -76 (Ourense-Ponferrada) entre Villamartín da Abadía – Requejo e a rematar neste mesmo ano a redacción do proxecto do tramo entre A Veiga de Cascallá e o Barco de Valdeorras.
- 5.- Instar ao Goberno Central a recuperar o enorme retraso de máis de 15 meses na execución das obras do vial de conexión entre as estradas N-120 e N-536. Tramo: Sobrado – O Barco de Valdeorras
- 6.- Instar ao Goberno a licitar no primeiro de 2024 as obras de “Mellora de seguridade viaria na N-120, implantación de carrís entre os PP.KK 548+800 e 546+000, dende Os Peares/alto da Guitara ata Ourense.
- 7.- Instar ao Goberno a por en marcha de modo inmediato un plan integral, de conservación e mantemento da N-12 na provincia de Ourense, coa habilitación de partidas orzamentarias plurianuais para así solucionar a problemática nos firmes, así como un programa de xestión preventiva de elementos como muros, pendentes e obras de paso”.
- 8.- Instar ao Goberno a licitar no ano 2024 as obras do proxecto de construción do enlace completo da N-120 en A Rúa de Valdeorras entre os PP:KK 465+750 e 466+360 que leva 9 anos pendente.
- 9.- Instar ao Goberno a licitar en 2024 as obras de mellora da seguridade viaria na intersección de Ribela, construción dun enlace e reordenación de accesos na estrada N-525 Km 244+368. T.M. de Coles.
- 10.- Instar ao Goberno a incrementar as partidas orzamentarias destinadas á conservación integral da Autovía das Rías Baixas, A-52, para solucionar as notables deficiencias que presenta o firme en moitos dos seus quilómetros.
- 11.- Instar ao Goberno de España a intervir coa maior urxencia na mellora integral da N-541. E ordenar un estudo sobre a viabilidade de unha autovía entre Pontevedra e O Carballiño, e a posibilidade de unha vía de Alta Capacidade entre ambas localidades para conectar con garantías ambas provincias.
- 12.- Instar á Xunta de Galicia a manter en condicións a ponte da OU-536 en Xunqueira de Espadanedo, recentemente asfaltado e reparado de forma ineficaz pois quedou peor do que estaba anteriormente, sendo un perigo para a circulación rodada.

13.- Instar á Xunta de Galicia a rematar a obra da rúa Marcelo Macías en Ourense (á altura do n.º 51) e retirar as chapas e conos que levan meses no medio da calzada, interrompendo o tráfico rodado e molestado aos veciños co seu ruído nocturno.

14.- Instar á Xunta de Galicia a reparar a Avda. de Zamora de Ourense, e moi en especial a zona do cruzamento coa Avenida da Universidade e accesos ao barrio da Cuña, co piso estragado desde hai anos, feitos polos que os veciños levan anos queixándose.

15.- Instar á Xunta de Galicia a reparar a rúa do Progreso en Ourense, en especial na zona da Alameda e Praza de Abastos, co piso estragado desde hai anos.

16.- Instar á Xunta de Galicia a tomar medidas na rúa Emilia Pardo Bazán, antes da rotonda coa Avenida de Bos Aires, para que os vehículos freen antes de chegar a ela, creándose moitas veces situacións de alto risco e perigo.

17.- Instar á Xunta de Galicia a reparar a OU-536 na súa entrada a Ourense, entre Castadón e As Lagoas en sentido Ourense, onde o carril dereito está nunha situación moi complicada, sobre todo para motoristas e ciclistas.

18.- Instar á Xunta de Galicia a reparar a rúa do Seminario en Ourense, que actualmente ten o pavimento en moi mal estado e perigoso.

15º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA PARA A CREACIÓN E FINANCIAMENTO DE CENTROS DE ATENCIÓN A PERSOAS MAIORES EN COLABORACIÓN COS CONCELLOS DA PROVINCIA DE OURENSE

A esta moción o propio Grupo Socialista presentou unha emenda de adición dun punto cuarto nos acordos propostos. O Sr. presidente cédelle a palabra ao Grupo Socialista para que defenda o contido da moción.

1ª intervención de Marina Vaz Quintillán, do Grupo Socialista, procede a dar lectura á moción do Grupo Socialista que relata que un 36,5% dos habitantes da provincia de Ourense terán máis 65 anos ou máis no ano 2037, catro puntos por riba da media galega (32,4%), segundo proxeccións do Instituto Galego de Estatística (IGE). Estas cifras supoñen un incremento case que 5 puntos porcentuais con respecto á actualidade, representando a día de hoxe a poboación de máis de 65 anos ata un 31,8% do total dos ourensáns. Ourense seguirá a ser a provincia máis envellecida de Galicia, situándose as proxeccións para o resto un pouco por debaixo: A Coruña pasará do 26,1% actual ao 31,8%, Lugo do 29,7% ata o 35,3% e Pontevedra do 23,6% hoxe en día ao 30,7% en 2037. Ourense, con 51,19 anos, é o territorio coa idade media máis

elevada de todo o Estado, por diante de Zamora, segundo o Instituto Nacional de Estatística. Tan alarmante panorama non ten pasado desapercibido mesmo a nivel internacional. Nun artigo publicado pola prestixiosa publicación médica The Lancet, en xullo de 2018, presentábase a Ourense como «o paradigma en Europa do envellecemento extremo». Baixo o título «Regional population structures at a glance», que poderíamos traducir como «Ollada ás estruturas demográficas rexionais», o documento toma como exemplo a demografía da nosa provincia para poñela en contraste con outros territorios do continente cunha pirámide de poboación sostible para concluír que o envellecemento é un dos grandes desafíos da humanidade. Resulta nomeadamente clarificador na nosa provincia o índice de envellecemento (IE), que calcula o número de persoas de 65 ou máis anos por cada 100 persoas menores de 20 anos. No 2023 a taxa de envellecemento da provincia de Ourense foi de 241,7, é dicir, que por cada 100 ourensáns xoves hai algo máis de 241 maiores. E o incremento será máis acentuado nos vindeiros anos, xa que as previsións do IGE para o 2037 sitúan este IE en 315,2: por cada 100 menores de 20 anos na provincia de Ourense haberá a tripla de xubilados. Este índice é dispar dentro da nosa provincia se atendemos ás diferentes comarcas. Na Baixa Limia, que se sitúa á cabeza do envellecemento en Ourense, a taxa é de 839,6, que se traduce en que por cada novo hai máis de 8 persoas maiores. As previsións do IGE nesta comarca indican que co horizonte 2037 o índice de envellecemento será do 952,2 (de case 10 maiores de 65 anos por cada persoa moza). Se o comparamos coa media galega, nesta zona haberá ata seis persoas de máis de 65 anos que no conxunto de Galicia. Tras a Baixa Limia, o ranking de envellecemento segundo as previsións para o 2037 continúa con Terras de Caldelas (737,0), Celanova (510,3), Trives (495,1) e Viana (483,2). As galegas e galegos de 65 anos ou máis viven de xeito maioritario en fogares compostos soamente por persoas do seu mesmo grupo de idade, encabezando tamén a provincia de Ourense esta clasificación. Ata un 54,7% dos nosos maiores, que se traduce en máis de 20.000 persoas, viven sos na provincia, o cal moitas veces implica un impacto negativo na súa saúde, tal e como subliñan diferentes profesionais médicos, enfermeiros, coidadores e traballadores sociais. Non resulta incerto que as políticas sociais vencelladas ás persoas maiores teñen avanzado nestes últimos tempos, porén os recursos chegan tarde e continúan a ser claramente insuficientes, sendo ás veces pouco adaptados ás necesidades reais dos seus usuarios. Deste xeito, e a modo de exemplo, a Xunta de Galicia non toma en consideración as preferencias das persoas dependentes á hora de asignarlle unha praza nunha residencia o cal termina por

desgonzar á persoa ao illala do seu contorno coñecido. Doutra banda, os servizos de proximidade para que a persoa maior poda permanecer no seu fogar son tan insuficientes que na meirande parte dos casos esta está abocada directamente ao ingreso nunha residencia. Se ben todas as administracións públicas deben velar polo coidado da terceira idade, singularidades demográficas mediante a atención aos nosos maiores debera ser unha prioridade absoluta para a Deputación de Ourense. Cun 32,4% da poboación con máis de 65 anos e unha esperanza de vida que se sitúa nos 83,9 anos, segundo Eurostat, a atención á terceira idade preséntase coma unas dos meirandes desafíos dos poderes públicos na nosa comunidade. Á luz dos diferentes indicadores e das casuísticas asociadas á problemática do envellecemento, o colofón é un incremento vertixinoso da poboación «potencialmente dependente» con respecto da poboación «potencialmente activa», que inclúe aos continxentes de idade entre 15 e 64 anos. As prazas en residencias públicas son insuficientes para dar resposta á demanda, presentándonos ao arredor de 1.600 centros privados como a única alternativa para os nosos maiores. Coa agravante de que o custo medio mensual deste tipo de establecementos oscila entre os 2.300 e 3.000 euros ao temo que Galicia se sitúa como segunda comunidade autónoma coas pensións de xubilación máis baixas do Estado español, tan só por detrás de Estremadura, acadando uns 1.023,04 euros mensuais, á luz dos datos do Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións. Á falta de prazas nas residencias e ao custo excesivo da alternativa privada hai que engadir as deficiencias na atención. A Organización Colexial de Enfermería de Ourense sitúa entre as súas principais preocupacións as carencias asistenciais dos xeriátricos da provincia, amosando as súas inquedanzas pola precariedade dos coidados que están a recibir os residentes dos xeriátricos, un continxente particularmente vulnerable. Na nosa provincia de Ourense hai diferentes tipos de centros de acollida para os nosos maiores, baixo diferentes denominacións, de características heteroxéneas e de natureza distintiva (públicos, sociais, privados e con ánimo de lucro), tal e como contempla a Consellería de Política Social da Xunta de Galicia. Nos datos ofrecidos por este organismo relativos á provincia de Ourense baixo a categoría «Iniciativa Pública», subcategoría «Administración Local», atopamos entidades residenciais a nome dos concellos, alternando, segundo o caso, a xestión pública como a xestión a través de empresas privadas, aínda que os terreos fosen orixinariamente municipais e a súa construción levada a cabo con fondos públicos, de diferentes administracións. Manzaneda, Trives, Esgos, Parada de Sil, Montederramo, Castrelo de Miño, Avión, Porqueira ou Cualedro son, a modo de exemplo,

algúns destes concellos que contan con residencias xestionadas a través de empresas privadas construídas sobre terreos municipais sufragadas con fondos públicos. Neste senso, existen moitas partidas económicas saídas das arcas da Deputación de Ourense cara a varias residencias da provincia para «gastos de funcionamento», como pode ser o caso de Porqueira, entre outros, e para «construción, melloras ou ampliacións», como nos casos de Vilamarín ou Porqueira, por citar algúns exemplos. A toda a pléiade de datos e fitos sen paliativos, non podemos deixar de engadir o problema do despoboamento na provincia de Ourense, que ten unha especial incidencia nos concellos eminentemente rurais e que obriga a artellar pistas de solución e mecanismos que poida paliar a sangría demográfica. Por todo o exposto o Grupo Provincial Socialista presenta as seguintes PROPOSTAS DE ACORDO: PRIMEIRA.- Que a Deputación de Ourense realice unha exhaustiva auditoría sobre o estado da situación actual na atención a persoas maiores na nosa provincia, que de conta dos activos dispoñibles, das previsións a futuro e do custo que, directa ou indirectamente, ten para as finanzas da institución. SEGUNDA.- Que a Deputación de Ourense leve a cabo un estudo para avaliar a creación e financiación de centros de atención a persoas maiores en colaboración cos concellos da provincia de Ourense, que se conforme coma unha rede de residencias públicas que garantan unha atención suficiente, acaída e digna para este continxente humano. TERCEIRA.- Que a Deputación de Ourense avalíe diferentes fórmulas de colaboración para a xestión pública de xeriátricos coa Xunta de Galicia, sendo esta a principal responsable do financiamento na construción de residencias na nosa comunidade autónoma. CUARTA.- Que no caso de existir axudas desde a Deputación de Ourense, para axudar a sufragar os gastos de funcionamento das residencias xeriátricas dependentes dos concellos, estas se outorgarán mediante unha liña de subvencións con criterios de concesión obxectivos.

1ª intervención de Rafael Martínez Cachafeiro, de DO, fai uso desta quenda para sinalar que cando a Fundación Amancio Ortega lle regalou ao concello de Ourense un xeriátrico, o Grupo Municipal Socialista puxo todas as pegas posibles para a tramitación administrativa. Nos puntos de acordo da moción podían ter falado co presidente da Deputación, xa que o PSOE lle aprobou os orzamentos ao PP. Todo o que se pide é bo para a provincia, polo que eles votarán a favor da proposta.

1ª intervención de María Xosé Mangana Guede, do BNG, sobre a moción do Grupo Socialista sinala que o seu grupo vai votar a favor, e que nun Pleno como o de hoxe onde se deron tantas cifras e datos debemos falar dun colectivo e dunha realidade non recollida en datos, e que é a xente maior que vive no noso rural. Esta poboación non é tida en conta para facer as políticas e este colectivo, entre 70 e 80 anos, a maioría están soas ou dúas persoas, onde non se diferencia quen é o coidador. Debe ser a Xunta a que no ámbito das súas competencias busque solucións, pero deben proverse centros pequenos preto das súas casas e non “granxas de persoas maiores”, que parece ser o modelo que se quere buscar desde a Xunta de Galicia. Remata sinalando o apoio do seu grupo a esta iniciativa política do grupo socialista.

1ª intervención de Ana Patricia Torres Madureira, do Grupo Popular, comeza esta intervención sinalando que este non debe ser o foro para tratar esta moción, xa que a Deputación non ten ningún ámbito competencial neste eido, e que estamos ante competencias claramente impropias tanto da propia Deputación como dos concellos. Ademais trátase dunha proposta inviable, xa que considera que a Deputación non pode abrir unha liña de subvencións nesta materia, e máis cando somos a Deputación de Galicia con menos orzamento e temos trinta concellos máis que Lugo. A Xunta de Galicia ten servizo de inspección e que fai moi ben o seu traballo polo que non ten sentido pedir auditorías. Con respecto á bolsa que se reclama, incide novamente na autonomía municipal, e debe ser cada concello o que decida o destino, e non abrirse a vía das subvencións finalistas. É complicado de entender esta proposta do Grupo Socialista, cando claramente non temos competencias nesta materia. Podía abrir liñas de subvencións o Estado a través dos fondos Next Generation UE para esta finalidade, porque senón imos ter que devolver a maior parte dos fondos á U.E.

2ª intervención de Marina Vaz Quintillán, do Grupo Socialista, nesta quenda pasa a precisar que os fondos europeos NG UE están transferidos á Xunta de Galicia. Sinala que na nosa provincia contamos con 115 residencias de maiores e destas un 78% son de xestión privada, e xa sabemos que pasa cando se privatiza a xestión dos servizos públicos. Algún exemplo da nefasta xestión do PP e que me queda moi cerca, é o caso do Centro de Día do Concello de Ríós, inaugurado no ano 2022 con 30 prazas de capacidade e 576.000,00 € de investimento e financiado con achegas da Xunta, desta Deputación e do propio concello. Esta infraestrutura fíxose para vender fume, xa que o centro que se ía abrir aos quince días tardou en abrirse ata

uns días antes das eleccións municipais, pero xa sen comedor, sen cocíña e por un período inferior a un ano, no que estivo aberto grazas a unha subvención, e tivo que volver a pechar. Agora vai abrir pero xa como unha casa do maior, e só cunha capacidade de 5 persoas, quedándose fora máis da metade dos veciños que estaban empregando este servizo, dilapidándose 576.000,00 € de diñeiro público. É un exemplo claro das políticas sociais do PP. Resulta de vergoña que a Xunta siga a privatizar residencias, como fixo coas dúas primeiras residencias entregadas pola Fundación Amancio Ortega. Debemos apostar por un modelo de redes de residencias públicas de calidade que se convertan en referentes en España e en Europa apostando pola proximidade dos maiores ao seu contorno, con prezos xustos, xa que estamos na provincia máis envellecida do Estado e debemos coidar dos nosos maiores como eles antes nos coidaron a nós.

2ª intervención de Rafael Martínez Cachafeiro, de DO, nesta quenda sinala que se sinte absolutamente só, como a nosa provincia, polo que espera que o próximo 18 de febreiro fagamos historia.

2ª intervención de María Xosé Mangana Guede, do BNG, apunta que efectivamente o tema que nos ocupa non é competencia da Deputación, senón da Xunta, pero o caso é que esta Deputación ten consignados 500.000 € para isto, polo que pide que se repartan con cabeciña e non por amiguismos ou criterios políticos. Por esta razón é pola que van a votar a favor desta moción.

2ª intervención de Ana Patricia Torres, do PP, apunta que despois de escoitar a intervención da voceira socialista isto parecía un Pleno do Concello de Riós e non da Deputación. Sobre as axudas previstas de 500.000 € trátase dunha partida para cofinanciar axudas concedidas pola Xunta de Galicia, e onde hai cinco concellos de todas as cores políticas. A continuación pregunta para que temos que facer unha auditoría cando non temos absolutamente ningunha competencia na materia. Sobre os fondos NG afirma que a Xunta de Galicia está reclamando o traspaso de máis fondos, e que o Estado non o está a facer, cando a Xunta demostrou ser máis áxil na súa tramitación. Por último lembra o caso do Concello de Manzaneda onde se fixo un macro edificio que leva moitos anos sen abrir, e non goberna precisamente o PP.

Quenda de peche de Marina Vaz Quintillán, do Grupo Socialista, para rematar sinala que unha cousa é facer unha auditoría de necesidades de provincia, como a que se pide na moción, e outra fiscalizar residencias. Sinala que ela é coñecedora da situación das persoas maiores da súa comarca e que se trata de persoas en situación de soidade e vulnerabilidade, con xente que pasa moitos días sen falar con ninguén e sen relacionarse e en completa soidade. Hai que romper con este illamento e debemos financiar redes de residencias públicas, como a Deputación de Lugo, ou prestar servizos para favorecer o envellecemento activo desde os concellos da nosa provincia, xa que é de xustiza social garantir unha vellez digna ás persoas que loitaron por nós.

Intervención do Sr. presidente para precisar que a Deputación ten as competencias que ten, e neste asunto son claras e son da Xunta de Galicia, pero lembra que respecto á Lei de dependencia é o Estado o que está incumprindo coa súa achega. Sobre a achega de 500.000 € insiste en que se trata de cofinanciar subvenciones que financia a Xunta ao 80% e coa finalidade de atender aos concellos que non poden facer esa aportación municipal. Sobre as referencias á xestión privada, sinala que hai moitos concellos gobernados polo PSOE que prestan o servizo de axuda no fogar mediante empresas e non por xestión directa, polo que a realidade é a que é.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 15º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 15º](#)

Non se producen máis intervencións someténdose a votación a moción, que resulta rexeitada ao obter o voto favorable do Grupo Socialista (6), do BNG (3) e de DO (1) e o voto en contra do Grupo Popular (11).

16º.- ASUNTOS DE URXENCIA.- Non se presentan.

17º.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.-

Para cumprir co establecido no artigo 62 do vixente Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (aprobado por Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, e publicado no BOE do 22 de decembro), dáselle conta ao Pleno da relación de decretos do mes de decembro de 2023.

Os membros da Corporación quedan informados.

18º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

María Xosé Mangana Guede, do BNG. O CEIP Saco e Arce de Toén está situado na estrada OU-518, aproximadamente a metade de camiño das localidades de Toén e Trellerma, das que dista en torno a 1 quilómetro de cada unha delas. O firme da devandita estrada non chega, en boa parte do percorrido, aos catro metros de ancho, o que dificulta o paso de vehículos cando coinciden nun punto dende direccións diferentes, facendo moi perigosa a circulación tanto en vehículo como, moi especialmente, a pé. Dado que en todo o traxecto desde os núcleos de poboación ata o centro escolar carece de beirarrúas e en moitos puntos nin tan sequera unha mínima beiravía pola que circular, o perigo do percorrido faise evidente. Tendo en conta que se trata dunha estrada de titularidade da Deputación Provincial ¿tense previsto dotar este tramo dunha beirarrúa ou beiravía axeitada e mellorar o trazado da estrada, ampliando a súa capacidade con carácter de urxencia e mesmo a ampliación do firme cun carril bici como marco para avanzar na consecución de camiños seguros?

O Sr. presidente responde que lle dará traslado do informe realizado pola directora da Área de Infraestruturas que en síntese di que a OU-0518 Escorregas-Toén é unha estrada provincial de 8,780 quilómetros, que entre os puntos quilométricos 0+749 e 8,775 discorre polo termo municipal de Toén. A IMD da estrada é de 1.965 vehículos. O CEIP Saco e Arce está situado no punto quilométrico 7+890 na marxe esquerda. O núcleo de Trellerma está entre o punto quilométrico 6+500 e 6+800 na marxe esquerda, o núcleo de Vereá entre os puntos quilométricos 8+130 e 8+430 en ambas marxes e no final da estrada, conxestionando coa OU-0519, está o núcleo de Toén no punto quilométrico 8+775. O largo medio da calzada entre o punto quilométrico 6+500 e o 8+775 é de 4,40 metros. O ancho medio da plataforma é de 5,10 m. Nos últimos seis anos os catro accidentes rexistrados no treito tiveron como factor concorrente o atropelo de fauna salvaxe; non pode cualificarse polo tanto como perigoso. A habilitación dunha ruta escolar nese treito da OU-0518 é unha demanda do concello de Toén que foi recollida pola Área de Infraestruturas nas propostas para o Plan da Rede Viaria dos anos 201, 2022 e 2023. A súa inclusión nos plans complementarios da rede viaria 2022 e 2023 foi aprobada polo Pleno, pero que non contou co investimento necesario nesas anualidades e non puido ser executada. Na data actual non existe investimento para afrontar a actuación.

Bernardo Varela López, do BNG. Segundo a información recollida nos xornais do día 12 de xaneiro de 2024, observamos unha información na que se destaca a colaboración entre a DPO e SOGAM, e froito dela o traslado de 1.600 kg de “materia orgánica” á planta situada en Verín, recentemente inaugurada e na que, segundo di a vicepresidenta de Medio Ambiente da Xunta: investíronse preto de 5 millóns de euros. Non podemos deixar de observar con preocupación que se poida chegar a considerar un éxito, nin sequera como un primeiro paso a recollida do contido de 2 escasos contedores de lixo dos que habitualmente atopamos nas nosas rúas. Todo isto seica recollido na nada desdeñable cifra de 14 concellos que teñen a súa recollida delegada na DPO. E, non obstante, nin se mencionan os sistemas que resulta evidente (para todo o mundo agás para a Xunta de Galicia) serían máis eficaces económica e medioambientalmente a compostaxe familiar e comunitaria, por iso nos xorden as preguntas que expoñemos a continuación: ¿cantos viaxes e quilómetros percorridos foron precisos para achegar eses 1.600 quilogramos que informa a DPO? ¿Consideran que é medioambiental e/ou economicamente sostible facer esta xestión?

O Sr. presidente contesta que lles dará traslado do informe realizado polo director da Área de Medio Ambiente, que di o seguinte: A Resolución do 20 de xaneiro de 2023 da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia, pola que se fai público o importe do canon unitario de tratamento por tonelada de residuo doméstico para o ano 2023 (DOG núm. 20 do luns 30 de xaneiro de 2023), establece, como é ben sabido, unha bonificación do 15% aplicable ao dito ano, condicionada ao cumprimento de tres condicións, sendo unha delas a implantación do tratamento separado dos biorresiduos, antes do 31 de decembro de 2023, obrigando a que este tratamento se faga mediante o sistema nomeado "do 52 contedor" nos municipios de máis de 2.000 habitantes. Paralelamente ás campañas de compostaxe doméstica (ou individual), a DPOu viña traballando en dous plans piloto, a saber: un de compostaxe comunitaria, e outro de recollida separada de biorresiduos en grandes produtores para o seu tratamento en planta de compostaxe. Este último, por dúas razóns principais: en primeiro termo como experiencia piloto para arrancar con unha actividade expositiva e demostrativa que serva de base a unha campaña de información e sensibilización (de igual xeito que a de compostaxe comunitaria); e en segundo lugar, por tratarse dun sector no que este sistema aparenta máis rendible económica e ambientalmente. Aproveitando o devandito plan piloto de recollida de biorresiduos en grandes produtores, e para dar cumprimento á mencionada

condición de implantar o 5º contedor nos concellos de mais de 2.000 habitantes, asinouse a finais de decembro, o convenio entre a DPOu e Sogama para a entrega e tratamento, por esta última, dos biorresiduos recollidos separadamente pola DPOu nos concellos que teñen delegado o servizo de RSU (e que superan os 2.000 habitantes). A Presidencia da DPOu traslada a esta dirección de área a pregunta formulada a este respecto polo grupo provincial do BNG. A devandita pregunta, trala introdución ou exposición de motivos, concrétese en dúas cuestións: Cantos viaxes e quilómetros foron precisos para achegar eses 1.600 kg que informa a DPO? A información refírese ás entregas feitas nos últimos días do mes de decembro de 2023, e correspóndense con tres recorridos feitos os días 22, 27 e 29 de decembro na zona norte da provincia, e que, ao non estar habilitada nesas datas a planta de transferencia que Sogama ten no Pol. Ind. de San Cibrao das Viñas, requiriu o seu transporte ata a planta de Sogama en Verín. Deste xeito, para recoller separadamente 1.640 kg de biorresiduos (400 kg, 440 kg e 800 kg respectivamente) percorréronse 764 km, o que nos da unha media de 215 kg de biorresiduos recollidos por cada 100 km de percorrido ou o que é o mesmo, 455 km/t de biorresiduos recollida. Cabe indicar que, no que vai de xaneiro, coa planta de transferencia de San Cibrao das Viñas xa habilitada para este tipo de residuos, a relación anterior subiu a 332 kg por cada 100 km, mellorando a ratio sensiblemente para situarse en 300 km/t de biorresiduos recollida. Entendemos que estes datos mellorarán considerablemente na medida que o servizo estea en funcionamento, co aumento da información e da sensibilización, polo que cremos sinxelamente que non deben tomarse como referencia. Con todo, a extensión e xeneralización deste sistema (o do 5º contedor) virá a incrementar os xa de por si desmesurados datos da recollida de residuos nun territorio con tan baixa densidade de poboación e alta diseminación como é o da provincia de Ourense. Salvando as diferentes densidades dos residuos, o conxunto do servizo intermunicipal delegado nesta Deputación require de media 23,54 km/t recollida. Por fraccións resultan: 19,32 km/t de fracción resto; 36,96 km/t de vidro; 80,68 km/t de EE LL; e 85 km/t de papel cartón. Consideran que é medioambientalmente e/ou economicamente sostible facer esta xestión? É sobradamente coñecida a postura técnica desta Deputación ao respecto. Dende o punto de vista económico, o aforro que se obtén ao retirar materia orgánica do contedor da fracción resto, é de 8 € por Tm (no custo do tratamento, por diferenza entre o canon unitario de Sogama e o específico dos biorresiduos). Se incrementamos ese importe no IDIRES (do que estarían exentos os biorresiduos entregados separadamente para compostar), resultará un aforro de uns 20 C/t.

Pola contra, na recollida da fracción resto, inicialmente non se aforra nada (quizais no futuro se poida reducir a frecuencia ao non conter materia orgánica), pero require implementar unha recollida específica da fracción dos biorresiduos. O custo medio da recollida no servizo intermunicipal delegado sitúase en 92,35 €/t . Aínda que este custo inclúe a parte correspondente de toda a loxística despregada na provincia, da que participaría a nova fracción, é evidente que está moi lonxe de ser compensado co aforro no tratamento. Visto doutro modo, o custo medio do km de percorrido no servizo intermunicipal delegado é de 3,92 €/km. Aínda que deste valor se retire a parte proporcional da loxística do servizo, que como digo xa está implantada e se comparte cos outros fluxos de residuos, en senso estrito o custo por km de percorrido na recollida da fracción orgánica sitúase en torno dos 2,75 €/km. Isto quere dicir que para que o custo da nova recollida do 52 contedor poida ser compensado polo aforro no tratamento (aspecto económico), non se poden facer máis de 8 km/t de biorresiduos recollido, moi por debaixo dos actuais 300 km/t visto na cuestión anterior. Evidentemente, esta desproporción entre o aforro e o incremento de gasto irá diminuindo na medida que se recolla máis biorresiduos separadamente, pero isto so resultará rendible nos núcleos máis urbanos e densamente poboados, de xeito que en pequenos percorridos se recollan importantes cantidades de biorresiduos, situación que non abonda na provincia de Ourense. Dende o punto de vista medioambiental é importante a recollida e tratamento separado dos biorresiduos, pero obviamente os tratamentos de proximidade (autocompostaxe, compostaxe comunitaria ou agrocompostaxe) son a opción máis sostible ambientalmente.

María Xosé Mangana Guede, do BNG, Na estrada titularidade da DPO OU-0251, á altura do núcleo de Vilanova dos Infantes (onde se organiza a romaría Raigame desde hai 20 anos) segue existindo unha marquesiña de chapa, totalmente antiestética coa contorna, polo que rogamos a substitución desta por unha marquesiña máis actual e esteticamente integrada no núcleo de Vilanova dos Infantes.

María Xosé Mangana Guede, do BNG. Logo de ter reiterado en varias ocasións preguntas sobre a apertura de expediente de honra a dona Antonia Ferrín e dona Marisa Crespo, acordado en sesión plenaria da Deputación Provincial en marzo de 2023, somos informados

de que o citado expediente aínda está sen iniciar polo que rogamos que se lles dea inicio aos expedientes de honra para estas dúas mulleres de inmediato.

O Sr. presidente toma nota dos rogos e di que os expedientes de honra xa están en marcha. En canto ás marquesiñas di que está de acordo e que a todos lles gustaría ter marquesiñas novas, e que aceptan ese rogo e tratarán de cumprilo o máis pronto posible.

Elvira Lama Fernández, do Grupo Socialista, O MUGAE, Museo Galego do Entroido de Xinzo de Limia naceu con mal pé, foise facendo por fases, nunha primeira, a planta baixa no ano 2002 e na segunda fase, primeiro andar rematouse no ano 2015, lugar que alberga o verdadeiro Museo dos entroidos mais representativos de Galicia. Dende aquelas abriu as portas con alternancia de períodos aberto e outros meses pechado, cando podía ser un verdadeiro polo de atracción de visitantes, centro de formación e coñecemento cultural con variedade de cursos e conferencias sobre variedade de disciplinas académicas. Foi no ano 2019 cando a petición do concello de Xinzo se lle cedeu a xestión á Deputación de Ourense ante a imposibilidade do concello de contratar persoal, debido ao plan de axuste para mantelo aberto de xeito regular. Dende a cesión nada mudou, agás contratos con empresas para que estas poidan contratar a una persoa que asume case todas as tarefas, e nada de xestión cultural, porque o MUGAE non conta cun Plan museístico e museográfico que lle permita estar cando menos na Rede de Museos da Xunta, nin nos circuítos turísticos como sería o desexable. Cada ano vemos nos orzamentos desta institución partida para gasto de funcionamento, e nada dos compromisos do documento de cesión do ano 2019, nin do compromiso de facer os pregos para sacar a licitación a verdadeira xestión cultural do Museo. Sei que eses pregos estaban feitos en setembro de 2019 polo anterior secretario, pero en 4 anos nada avanzou. O pasado día 20 de xaneiro deste ano 2024 o conselleiro de Cultura, Educación FP e Universidades, en presenza do vicepresidente Rosendo Fernández, anunciaba en Xinzo, nunha visita que fixo ao Museo, que se iniciaba este xoves o expediente para recoñecer o Entroido como BIC (Ben de Interese Cultural). ¿Ten esta Deputación e este presidente vontade de sacar a licitación a xestión cultural do MUGAE para que se faga o Plan museográfico e Museístico, e para que permaneza aberto nas condicións que require o único Museo Galego dos Entroidos de Galicia?

O Sr. presidente contesta que ese museo está aberto pola chegada da Deputación e a vontade está clara. Somos conscientes de que todo pode mellorarse e tamén entendemos que é bo

recoñecer o traballo e o esforzo que se leva feito. Temos idea de manernos, e entendemos que a declaración do Entroido traerá como consecuencia unha maior atención. A idea é que a Xunta de Galicia nos bote unha man neste tema e tratar de aumentar a oferta cultural. Insiste en que o museo está aberto.

Elvira Lama Fernández, do Grupo Socialista, di que o inmovible é do concello e as obras fixéronse, a primeira parte cun plan Leader e a segunda parte con achega da Deputación e da Xunta. O museo foi cedido ante a imposibilidade de contratar persoas polo concello para podelo abrir.

O Sr. presidente di que é un edificio municipal que a Deputación abre ante a imposibilidade do concello, polo tanto xa está cumprindo.

Intervén a Sra. Lama Fernández para dicir que está cumprindo en precario, e no convenio existen as fórmulas que se poden facer para xestionar ben o museo, e pregunta se hai vontade por parte da Deputación,

O Sr. presidente responde que a Deputación ten a vontade de ter o museo aberto e aumentar a oferta o máis que se poida. Entendemos que a declaración de BIC que se pretende por parte da Xunta, axudará a aumentar a oferta.

Marina Vaz Quintillán, do Grupo Socialista. Logo de denunciar publicamente nos medios de comunicación o pésimo estado da OU-1051 feita polo portavoz do Grupo Socialista en Laza, o rexedor desta localidade manifestou tamén, a través da prensa, que a obra de reparación esta adxudicada pola Deputación de Ourense cun orzamento de 48.000 € ¿Foi realizada xa a adxudicación desta obra por parte da Deputación de Ourense? ¿O orzamento é de 48.000 €? ¿Cando está previsto o inicio das obras?

O Sr. presidente di que dará traslado do informe técnico realizado pola directora da Área de Infraestruturas, co seguinte contido: ¿Foi realizada xa a adxudicación desta obra por parte da Deputación de Ourense? Si. Por resolución núm. 2023/12771, de data 17/10/2023, a Presidencia da Deputación adxudicou a Coviastec, SL, o contrato de obra de reparación de firmes na OU-1051 Trez (OU-112)-Toro, n.º 71/16/2023, no Concello de Laza. ¿O orzamento é de 48.000 €? O importe da adxudicación foi de 42.288,88 € (IVE e demais impostos incluídos). O importe do proxecto era 48.379,93 € (IVE e demais impostos incluídos). ¿Cando

está previsto o inicio das obras? O contrato foi asinado o 2/11/2023. Existe unha acta de reformulo negativa de data 3/12/2023, porque o adxudicatario non tiña achegado a apertura do centro de traballo. Polo tipo de actuación prevista (regularizacións e reparacións de fochancas e mordentes con tratamento superficial) hai factores como as temperaturas inferiores a 10°C e as precipitacións que son limitantes e condicionan o inicio da execución. En canto ás condicións meteorolóxicas sexan favorables e o contratista proceda á apertura do centro de traballo a obra será iniciada.

Diego Fernández Nogueira, do Grupo Socialista. Nas pasadas semanas deste mes de xaneiro de 2024 os veciños e veciñas do Concello de Punxín non dispuxeron do servizo que presta a traballadora social nos días estipulados que lle corresponde este servizo a este concello que están fixados para os mércores e venres de 9 a 14 horas. Á dificultade que supón poder dispor deste servizo tan só dous días a semana, engádesse que ante a ausencia nos días que debería asistir non se substituíse esta ausencia por outra profesional.

A preguntas da portavoz do Grupo Municipal Socialista en Punxín no propio Pleno do Concello sobre as ausencias neste servizo que estaba a prexudicar gravemente á veciñanza privándoos dun servizo moi necesario, o señor alcalde respondía que “a traballadora social depende da Deputación e vai para onde a mandan”. ¿Tiña constancia esta Deputación de Ourense da ausencia da traballadora social en Punxín? ¿Cales foron os motivos da súa ausencia durante semanas? ¿Por que non se enviou substitución para manter este servizo? ¿Está xa solucionada esta problemática que sufriu a veciñanza de Punxín?

O Sr. presidente di que estamos falando dun servizo que presta a Deputación pero é de titularidade municipal dille que os datos concretos lle serán remitidos por escrito.

Rafael Martínez Cachafeiro, de DO, pregunta que medidas se están adoptando en canto á execución da sentenza que anula a compra do Arquivo Histórico de La Región e a devolución dos case 2,7 millóns de euros de todos os ourensáns.

O Sr. presidente responde que onte tiveron coñecemento dunha notificación na que se insta a execución dunha resolución provisional, que aínda non é firme. Entendemos que os contratos están para cumprirse e esperaremos á resolución definitiva para evitar problemas neste momento intermedio. El como secretario xudicial non ten ningunha dúbida do que hai que

facér e máis aló de que guste ou non guste, que sexa oportuna ou non haberá que cumprila conforme aos seus propios termos.

Rosendo Luís Fernández Fernández, do Grupo Popular, intervén para facerlle ver á deputada Sra. Lama que foi vicepresidente durante 12 anos pero xa non o é, e cando foi a Xinzo non foi como vicepresidente.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 18º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 18º](#)

PEGADA DIXITAL VÍDEO

Url

<https://depourense.seneca.tv:443/s/Vkd1uTRIx3nzthyWrjtGo2nuiFxJ9ZYFFyb8gszR5e5tQvmA.wmv>

SHA512

cd71dc67c98176f5cc352bd7107dd9ed47fac010003757dd363e076021df8c4a8467ddb
92bfe80e9803e1dd86bb025836ea4f88ccc46033a666eb1b4928a7cdf

E, ás 15.25 horas dáse por finalizada a reunión, redactándose esta acta, que se asinará electronicamente. Dou fe.